




DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

3.1. Estrutura produtiva

3.2. Demografia empresarial

3.3. Comercio exterior



3.1. Estrutura produtiva

A economía galega mantén no último ano a súa taxa de crecemento do PIB no 3,1% segundo os datos das Contas Económicas Trimestrais do IGE. Ao igual que acontecía en 2016, todas as ramas de actividade presentan taxas de variación interanuais positivas, aínda que intensidade diferente. No conxunto do ano, a rama de actividade de comercio, transporte e hostalería é a que presenta a maior taxa de crecemento, cun 6,3% respecto ao ano anterior, superando ao subsector de información e comunicacións, e o da industria manufactureira, cunhas taxas de variación interanual do 5,1% e 4,2%, respectivamente. Cómpre destacar que no derradeiro trimestre do ano, o conxunto das ramas manufactureiras sitúanse como o sector de maior crecemento, cunha medra do 6%.

O emprego equivalente a tempo completo ralentiza en 2017 o seu crecemento, pero a diferenza do acontecido no ano anterior, esta medra prodúcese en todos os sectores económicos. En termos relativos, o emprego galego aumentou un 1,8%, dúas décimas menos que no ano anterior, salientando o comportamento do sector primario e a industria manufactureira, cunha medra do 3,5% e 3,4%, respectivamente,

así como o das actividades profesionais, cun incremento do 4,2%.

Ao longo do presente capítulo analizaremos a estrutura produtiva galega, presentando os principais datos de cada sector económico dende un punto de vista da actividade económica así como do emprego, aportando, na medida que sexa posible, datos das actividades máis importantes dentro de cada sector. Segundo os datos das Contas Económicas do IGE, no ano 2017 o sector servizos xeraba o 63,6% do PIB galego, en tanto que o sector industrial supuña o 16,4% do PIB (12,6% a industria manufactureira) e a construción e o sector primario, o 6% e o 4,7% do PIB, respectivamente.

Antes de analizar cada un dos diferentes sectores, cómpre mencionar a aprobación do informe do CES titulado “*Por unha alianza no sector industrial galego: 50 propostas*”, aprobado polo Pleno en decembro de 2017. O seu obxectivo é o de mobilizar todas as vontades necesarias para consolidar a transición do sector industrial galego cara un ecosistema adaptativo; un ecosistema capaz de compatibilizar a consolidación como centro xeográfico de produción material de certos bens e ser-

PIB e emprego 2016-17: distribución segundo sectores económicos

	PIB (1)		Emprego (2)	
	2016	2017 (taxas de variación interanuais)	2016	2017
Total	3,1	3,1	2,0	1,8
Ramas agraria e pesqueira	1,1	1,7	4,6	3,5
Ramas industriais	2,4	1,7	2,6	3,3
Construción	1,6	3,5	-1,0	0,8
Servizos	3,5	3,3	1,9	1,4
Impostos netos sobre os produtos	3,8	4,0		

(1) PIB a prezos de mercado (índices de volume encadenados); datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2018)

(2) emprego equivalente a tempo completo

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais. Base 2010*

3.1. 1.

PIB e VEB das CC.AA. 2017 (1): distribución segundo ramas de actividade


PIB		VEB									
		Total	Agricultura, ganadería e pesca		Industria		Construción		Servizos		
		(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	(% VEB España)	
Andalucía	155.213,5	140.701,5	13,3	9.277,7	30,8	18.018,4	9,4	9.095,1	15,0	104.310,3	13,5
Aragón	36.054,2	32.683,3	3,1	1.774,3	5,9	8.147,9	4,3	1.989,7	3,3	20.771,4	2,7
Asturias	22.708,4	20.585,2	2,0	320,9	1,1	4.635,4	2,4	1.403,5	2,3	14.225,4	1,8
Baleares	29.910,8	27.114,3	2,6	141,2	0,5	1.945,2	1,0	1.693,1	2,8	23.334,6	3,0
Canarias	44.206,4	40.073,2	3,8	529,8	1,8	3.054,2	1,6	2.165,9	3,6	34.323,3	4,4
Cantabria	13.082,7	11.859,5	1,1	189,4	0,6	2.722,6	1,4	810,2	1,3	8.137,4	1,1
Castela e León	57.094,3	51.756,2	4,9	2.335,4	7,7	11.778,7	6,2	3.247,5	5,3	34.394,6	4,5
Castela-A Mancha	40.046,1	36.301,9	3,4	3.091,7	10,2	7.926,7	4,2	2.491,2	4,1	22.792,3	3,0
Cataluña	223.139,2	202.276,4	19,2	2.231,1	7,4	44.627,7	23,4	10.016,1	16,5	145.401,4	18,8
C. Valenciana	108.781,5	98.610,7	9,4	2.384,6	7,9	19.540,2	10,2	6.651,9	11,0	70.034,0	9,1
Extremadura	18.519,9	16.788,3	1,6	1.499,1	5,0	2.427,7	1,3	1.238,0	2,0	11.623,6	1,5
Galicia	60.824,2	55.137,3	5,2	3.108,5	10,3	11.481,0	6,0	3.760,5	6,2	36.787,3	4,8
Madrid	219.975,7	199.408,6	18,9	158,3	0,5	21.445,3	11,2	9.039,3	14,9	168.765,7	21,8
Murcia	30.343,9	27.506,8	2,6	1.547,5	5,1	5.443,4	2,9	1.692,3	2,8	18.823,6	2,4
Navarra	19.826,7	17.973,0	1,7	620,1	2,1	5.899,7	3,1	972,1	1,6	10.481,1	1,4
País Vasco	71.742,8	65.035,1	6,2	500,5	1,7	19.434,9	10,2	3.853,8	6,3	41.246,0	5,3
A Ríoxa	8.136,6	7.375,9	0,7	450,8	1,5	2.117,5	1,1	442,8	0,7	4.364,7	0,6
Ceuta e Melilla	3.182,6	2.885,1	0,3	4,2	0,0	165,5	0,1	141,0	0,2	2.574,4	0,3
Total	1.162.789,5	1.054.072,1		30.165,0		190.812,0		60.704,0		772.391,1	

(1) VEB a prezos básicos (prezos correntes) en millóns de euros. (consulta 26-3-2018)

Fonte: INE, *Contabilidad regional de España. Base 2010*

3.1. 2.

VEB e emprego no sector primario (1)



(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2018)

Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*. Base 2010

3.1. 3.

vizos avanzados cunha aposta firme e sostida pola xeración de coñecemento para a innovación.

Sector primario

O valor engadido bruto xerado polo sector primario experimentou un crecemento do 1,7% en relación ao ano anterior (termos reais), situándose esta taxa de variación seis décimas por riba da do ano 2016 (en 2015 o sector experimentara unha contracción do 4,6%). Esta evolución positiva prodúcese ao longo dos catro trimestres, se ben a taxa de variación máis elevada estimábase no primeiro trimestre (3,4%) e a máis baixa no cuarto (0,8%).

En termos absolutos, os datos da Contabilidade rexional do INE (**cadro 3.1.2.**) indican que o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) incrementábase ata os 3.108,5 millóns de euros, un 7,7% superior ao contabilizado no ano precedente (7,4% de media no Estado). A pesar desta evolución, o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total estatal mantense no 10,3%, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con maior contribución tras Andalucía (30,8%).

Tras o sinalado avance do sector primario, a súa achega ao valor engadido total da economía galega aumenta ata o 5,6%, dúas décimas máis que no ano anterior. Esta porcentaxe case duplica ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2017 se sitúa no 2,9%.

Por segundo ano consecutivo, o devandito crecemento do VEB estivo acompañado dun avance da ocupación media no sector, medida a través do número de postos de traballo equivalente a tempo completo. Tras un incremento interanual do 3,5%, o sector conta en 2017 con 72.349 postos de traballo. A pesar da medra rexistrada nos dous últimos anos, o emprego no sector está moi por debaixo dos niveis anteriores á crise. En 2008 Galicia contaba con case 89.000 postos de traballo equivalentes a tempo completo, 16.600 máis que na actualidade.

En base á Enquisa de Poboación Activa, a poboación ocupada no conxunto do sector primario (agricultura, gandería, caza e silvicultura, pesca e acuicultura) aumenta por segundo ano consecutivo, acadando en 2017 un total de 75.200 persoas ocupadas, 3.800 persoas máis que no ano anterior. A diferenza do acontecido en 2016, este incremento explícase tan só pola medra estimada no sector agrario, onde a ocupación aumenta en 6.200 persoas (12,6%) para situarse nas 55.400 persoas

Distribución xeral da terra en Galicia e España 2017

	Galicia		España		Galicia / España
	(en ha.)	(% / total)	(en ha.)	(% / total)	(%)
Superficie Agraria Útil	816.147	27,6	25.364.637	50,1	3,2
Superficie cultivada	367.746	12,4	17.001.762	33,6	2,2
Cereais gran	35.069	1,2	6.179.983	12,2	0,6
Leguminosas gran	996	0,0	466.420	0,9	0,2
Tubérculos consumo humano	13.080	0,4	62.605	0,1	20,9
Industriais	-	-	986.596	2,0	-
Forraxeiras	226.877	7,7	1.029.178	2,0	22,0
Hortalizas e flores	2.714	0,1	252.959	0,5	1,1
Barbeitos	19.571	0,7	2.756.661	5,4	0,7
Frutais cítricos	188	0,0	297.016	0,6	0,1
Frutais non cítricos	18.801	0,6	1.142.334	2,3	1,6
Viñedos	25.823	0,9	966.962	1,9	2,7
Olivares	20	0,0	2.650.801	5,2	0,0
Outros cultivos leñosos	-	-	42.718	0,1	-
Viveiros	590	0,0	23.418	0,0	2,5
Invernadoiros baleiros	48	0,0	31.485	0,1	0,2
Hortos familiares	23.969	0,8	112.626	0,2	21,3
Prados e pasteiros	448.401	15,2	8.362.875	16,5	5,4
Superficie forestal	1.820.942	61,6	19.299.418	38,1	9,4
Chopo	1.098	0,0	122.652	0,2	0,9
Coníferas	316.922	10,7	5.547.349	11,0	5,7
Fronchosas crecemento lento	323.220	10,9	4.199.217	8,3	7,7
Fronchosas crecemento rápido	283.264	9,6	699.583	1,4	40,5
Coníferas e frondosas	272.342	9,2	1.961.887	3,9	13,9
Matorral	624.092	21,1	6.759.383	13,4	9,2
Outras superficies	320.381	10,8	5.929.692	11,7	5,4
Erial	-	-	883.362	1,7	-
Espartizal	-	-	228.927	0,5	-
Baldío	50.148	1,7	891.169	1,8	5,6
Improdutivo	35.831	1,2	836.837	1,7	4,3
Non agrícola	216.572	7,3	2.450.610	4,8	8,8
Augas interiores	17.829	0,6	638.788	1,3	2,8
Superficie total	2.957.470	100	50.593.747	100	5,8

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente. *Encuesta sobre superficies y rendimientos de cultivos*

3.1. 4.

ocupadas. Por contra, as actividades relacionadas coa pesca e a acuicultura experimentan un descenso do 10,8% (2.400 persoas menos), para situarse a ocupación en 19.800 persoas. A achega ao emprego total do sector no conxunto do Estado mantense no 9,2%.

Ademais dos indicadores de actividade e emprego mencionados anteriormente, cómpre facer referencia á distribución xeral da terra, xa que afecta de forma directa ás posibilidades das actividades agrícolas e gandeiras.

No último ano parece estabilizarse o descenso da su-

perficie agraria útil (SAU), que se sitúa en 816,1 miles de hectáreas, motivado polo feito de que a redución da superficie cultivada no último ano (3,4 hectáreas menos), compénsase co incremento da superficie dedicada a prados e pasteiros (3,2 hectáreas máis que no ano anterior). En 2017 a superficie dedicada a prados e pasteiros ascende a 448,4 miles de hectáreas e a superficie cultivada a 367,7 miles de ha.

En termos comparativos co conxunto do Estado, o **cadro 3.1.4.** reflicte a súa desigual distribución dado que no ano 2017 a SAU representa en Galicia o 27,6%

Explotacións agrarias en Galicia e España 2007 e 2016

	2016			2007		
	Galicia	España	G / E	Galicia	España	G / E
Número total de explotacións	76.410	945.020	8,1%	88.040	1.043.910	8,4%
Explotacións gandeiras	(número) 53.550	216.700	24,7%	79.960	306.440	26,1%
	(miles de reses) 1.264,3	14.442,5	8,8%	1.273,6	14.380,7	8,9%
Produción	(millóns de euros) 2.468,6	38.365,6	6,4%	1.982,6	33.362,7	5,9%
Ocupación	(UTA) 72.720	801.160	9,1%	113.570	967.680	11,7%
Explotacións autoconsumo (1)	(número) 15.700	33.400	47,0%	990	2.810	35,2%

(1) Explotacións cuxo consumo propio supera o 50% da produción final
Fonte: Eurostat

3.1. 5.

da súa superficie xeográfica (29,1% no ano 2008), moi por baixo da media estatal, cun 50,1%. Esta diferenza ven explicada, fundamentalmente, polo feito de que a importancia relativa da superficie cultivada é do 12,4% en Galicia mentres que en España ascende ata o 33,6%.

Doutra banda, a superficie forestal representa o 61,6% da superficie total galega fronte ao 38,1% no conxunto do Estado. En relación ao peso relativo no total estatal, mentres que a superficie total representa o 5,8% da superficie española, a importancia relativa da superficie forestal é do 9,4%, moi por riba do que representa a SAU (3,2%) ou a superficie cultivada (2,2%).

- Subsector agrogandeiro

Segundo os datos facilitados por Eurostat, o número total de explotacións agrarias en Galicia descende no ano 2016 (último dato publicado) ata as 76.410, o que representa o 8,1% do total de explotacións do conxunto do Estado. As explotacións gandeiras sitúanse nas 53.300, case a cuarta parte do total de España. Comparado co ano 2007, Galicia experimentou descenso do número de explotacións agrarias do 13,2% (–9,5% no Estado), sendo esta caída superior ao 33% no caso das explotacións gandeiras (20,3% en España).

A pesar desta caída, o valor da produción aumenta en Galicia ata os 2.468,6 millóns de euros cando no ano 2007 este importe ascendía a 1.982,6 millóns. Comparado co total estatal, o valor total da produción galega representa o 6,4%, medio punto porcentual máis que no ano 2007.

Un aspecto importante a destacar antes de analizar o subsector lácteo é o das explotacións para autoconsumo, é dicir, aquelas onde o consumo propio supera o 50% da produción final. No ano 2016 un total 15.700 explotacións teñen esta característica, o que representa máis da quinta parte das explotacións agrarias galegas fronte ao 3,5% no total estatal. No ano 2007, a importancia relativa destas explotacións en Galicia era de tan só o 1,1% fronte ao 0,3% no Estado.

A especialización gandeira do agro en Galicia obsérvase claramente na utilización da superficie agraria. O **cadro 3.1.4.** presenta os usos da superficie agraria útil (SAU) e mostran unha orientación cara á alimentación animal, destacando, por unha banda, a produción de cultivo forraxeiro, ao que se destina case o 28% da SAU (4,1% en España), e, por outra, a superficie dedicada a prados e pasteiros, que supón o 54,9% da SAU (33% no conxunto do Estado). No ano 2008, o cultivo forraxeiro supuña o 29,4% da SAU e os prados e pasteiros o 53,7%.

A base territorial das explotacións agrogandeiras está limitada tanto pola superficie dispoñible como pola elevada parcelación. Esta debilidade estrutural confronta coa necesidade de mellorar a competitividade do sector agrogandeiro que está, en boa medida, vencellada á unha maior autonomía na produción de forraxes.

A produción de leite de vaca no ano 2017, en base ás declaracións mensuais realizadas polos compradores, presenta en Galicia un mellor comportamento que no conxunto do Estado. Tras unha medra interanual do 2,2%, dúas décimas por riba do rexistrado en España,

Produción de leite de vaca en explotacións nas CC.AA. 2016-17 ⁽¹⁾

	2016		2017		17/16	
	(en miles de tm.)	(%)	(en miles de tm.)	(%)	(%)	(en miles de tm.)
Andalucía	523,5	7,6	547,1	7,8	4,5	23,6
Aragón	142,1	2,1	146,2	2,1	2,9	4,1
Asturias	562,2	8,2	559,7	8,0	-0,4	-2,5
Baleares	58,0	0,8	55,4	0,8	-4,4	-2,6
Canarias	37,2	0,5	41,4	0,6	11,1	4,1
Cantabria	440,0	6,4	443,1	6,3	0,7	3,2
Castela e León	866,2	12,6	894,5	12,7	3,3	28,3
Castela-A Mancha	261,5	3,8	267,8	3,8	2,4	6,3
Cataluña	735,6	10,7	746,3	10,6	1,5	10,7
C. Valenciana	70,1	1,0	73,3	1,0	4,4	3,1
Extremadura	29,2	0,4	28,1	0,4	-3,6	-1,0
Galicia	2.603,1	37,8	2.660,9	37,9	2,2	57,7
Madrid	57,5	0,8	55,2	0,8	-3,9	-2,3
Murcia	59,9	0,9	59,7	0,8	-0,4	-0,2
Navarra	247,2	3,6	246,3	3,5	-0,4	-0,9
País Vasco	174,4	2,5	175,7	2,5	0,7	1,3
A Rioxa	18,8	0,3	20,4	0,3	8,5	1,6
Total	6.886,4	100,0	7.020,9	100,0	2,0	134,5

(1) vendas á industria (entregas declaradas polos compradores); datos provisionais

Fonte: Ministerio de Agricultura e Peca, Alimentación y Medio Ambiente, *FEGA*

3.1. 6.

Prezo medio do leite en Galicia e España 2010-17 ⁽¹⁾


	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
	(en céntimos por litro)							
Galicia	28,90	31,00	30,10	34,90	35,10	28,80	28,20	30,60
España	30,30	32,30	31,80	35,30	36,20	31,00	30,00	31,90
Diferencial Galicia / España	-1,40	-1,30	-1,70	-0,40	-1,10	-2,20	-1,80	-1,30

(1) prezos medios ponderados sen impostos

Fonte: Consellería do Medio Rural

3.1. 7.

Evolución prezo do leite (€/100 l) 2017



Fonte: European Comision, *Milk Market Observatory* e Consellería do Medio Rural

3.1. 8.

Sector vitivinícola 2016-17: distribución segundo Denominación de Orixe

		2016				
		Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras
Superficie inscrita	(ha)	571	4.047	1.241	2.232	1.182
Viticultores		447	5.550	2.438	5.782	1.315
Industrias		25	184	89	117	44
Producción	(millóns de kg)	4,5	33,4	5,6	11,6	4,7
Viño cualificado	(hectolitros)	28.726	228.169	36.353	83.992	41.316
Valor económico	(miles de euros)	13.615,9	113.691,4	17.910,9	25.283,0	24.579,3
		2017				
		Monterrei	Rías Baixas	Ribeira Sacra	Ribeiro	Valdeorras
Superficie inscrita	(ha)	566	4.021	1.229		1.182
Viticultores		426	5.343	2.397		1.291
Industrias		26	184	96		
Producción	(millóns de kg)	2,9	39,3	5,8	6,9	4,2
Viño cualificado	(hectolitros)		269.685	36.292		37.566
Valor económico	(miles de euros)					22.539,8

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polas DOP

3.1. 9.

o volume de leite producido ascende ata as 2.660,9 miles de toneladas (57,7 mil toneladas máis), o que supón o 37,9% da produción total de leite do Estado español, e sitúa á Comunidade Autónoma como a primeira produtora nacional, triplicando a produción de Castela-León, segunda Comunidade por volume de produción (12,7%).

No concernente ao prezo medio por litro de leite percibido polo produtor, este aumenta no último ano tanto en Galicia como no conxunto do Estado. En 2017, o prezo medio ponderado do leite sen imposto aumenta en Galicia 2,4 céntimos de euro por litro, acadando os 30,6 céntimos, en tanto que no conxunto do Estado, esta medra foi de 1,90 céntimos e o prezo medio do leite situouse en 31,9 céntimos por litro. Como reflicte o **cadro 3.1.7.**, o diferencial coa media española descendeu a 1,3 céntimos.

Ao igual que no ano anterior, **gráfico 3.1.8.**, o prezo en Galicia está sempre por baixo dos prezos mensuais en España ou Francia. O prezo do leite é moito máis elevado no conxunto da UE-15 ou Francia, superando este diferencial os seis euros por cada cen litros entre setembro e novembro no caso da UE, ou acadando os 5,50 euros no caso de Francia en setembro. O prezo medio mensual en 2017, sen impostos, situouse en

35,4 céntimos por litro na UE-15 e en 34,4 céntimos en Francia.

• Subsector vitivinícola

A vendíamea do ano 2017 estivo marcada polas condicións climáticas, caracterizouse por ser unha das primeiras en comezar e tamén unha das máis longas, cunha recolleita en dúas fases, retrasando parte da colleita afectada polas xeadas de abril para o mes de outubro. A isto hai que engadir os efectos da seca e da sarabia de finais de agosto que afectaron negativamente ás vides.

A produción de viño ascendeu no último ano ata os 61 millóns de quilos de uva, o que supuxo un incremento do 2% en relación á campaña anterior. Este incremento estivo influenciado polo bo comportamento da Denominación de Orixe Rías Baixas, que presenta a súa mellor campaña do consello regulador tras a de 2011. No ano 2017 recolectáronse nesta DOP un total de 39,3 millóns de quilos, é dicir, un 17,7% máis que no ano anterior, ascendendo a produción de viño ata os 269.685 hectolitros, un 18,2% máis que na campaña anterior.

Fronte a este aumento, as outras catro denominación de orixe rexistraron unha redución da súa produción,

Actividade pesqueira e marisqueira 2016-17: distribución segundo grandes grupos de especies

	Producción			Valor		
	2016 (en kg.)	2017	17/16 (%)	2016 (en euros)	2017	17/16 (%)
Total	188.456.656	212.869.107	13,0	491.664.064	507.023.405	3,1
Algas	420.045	363.737	-13,4	243.219	243.954	0,3
Bivalvos	7.907.345	9.700.928	22,7	70.315.316	81.450.448	15,8
Cefalópodos	7.054.854	4.520.795	-35,9	29.671.085	24.492.122	-17,5
Crustáceos	1.062.302	1.164.920	9,7	19.700.697	19.940.737	1,2
Equinodermos	742.590	909.677	22,5	3.679.840	4.773.037	29,7
Gasterópodos	6.155	8.070	31,1	19.617	45.151	130,2
Peixes	170.904.645	195.826.779	14,6	366.814.873	375.106.527	2,3
Resto das descargas	358.720	374.200	4,3	1.219.418	971.430	-20,3
A Coruña	97.675.499	114.994.312	17,7	179.165.731	189.693.494	5,9
Algas	81.419	63.147	-22,4	37.089	28.481	-23,2
Bivalvos	3.570.398	5.007.569	40,3	28.822.486	37.062.288	28,6
Cefalópodos	3.644.974	2.476.609	-32,1	14.980.203	13.881.230	-7,3
Crustáceos	675.127	659.073	-2,4	11.405.077	10.632.174	-6,8
Equinodermos	373.000	378.066	1,4	1.623.269	2.020.392	24,5
Gasterópodos	1.116	1.924	72,5	3.301	5.224	58,2
Peixes	89.194.055	106.235.827	19,1	121.861.086	125.835.261	3,3
Resto das descargas	135.411	172.097	27,1	433.220	228.445	-47,3
Lugo	40.094.117	39.397.803	-1,7	130.309.677	134.353.861	3,1
Algas	-	-	-	-	-	-
Bivalvos	16.608	13.557	-18,4	24.913	29.416	18,1
Cefalópodos	448.837	415.173	-7,5	1.545.948	2.005.444	29,7
Crustáceos	67.760	65.151	-3,9	1.113.456	936.271	-15,9
Equinodermos	35.153	156.019	343,8	125.628	322.720	156,9
Gasterópodos	1.682	1.212	-27,9	3.679	2.160	-41,3
Peixes	39.327.968	38.581.900	-1,9	126.881.428	130.483.245	2,8
Resto das descargas	196.110	164.790	-16,0	614.624	574.607	-6,5
Pontevedra	50.687.040	58.476.992	15,4	182.188.656	182.976.050	0,4
Algas	338.626	300.590	-11,2	206.130	215.474	4,5
Bivalvos	4.320.340	4.679.802	8,3	41.467.918	44.358.744	7,0
Cefalópodos	2.961.044	1.629.013	-45,0	13.144.934	8.605.448	-34,5
Crustáceos	319.414	440.696	38,0	7.182.164	8.372.292	16,6
Equinodermos	334.437	375.592	12,3	1.930.943	2.429.926	25,8
Gasterópodos	3.357	4.933	46,9	12.637	37.768	198,9
Peixes	42.382.623	51.009.052	20,4	118.072.358	118.788.020	0,6
Resto das descargas	27.200	37.314	37,2	171.573	168.378	-1,9

Consulta a 3 de febreiro de 2017
Fonte: Consellería do Mar.

3.1. 10.

sendo esta do 35,5% na DO Monterrei (1,6 millóns de quilos menos). Na DO da Ribeira Sacra a produción permanece practicamente estable, acadando os 5,5 millóns de quilos de uva (5,6 millóns no ano anterior).

• Agricultura ecolóxica

Tendo en conta á evolución dos últimos anos cómpre facer referencia á agricultura ecolóxica entendida como aquel sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, no benestar

animal e no mantemento e mellora da fertilidade do solo. A superficie inscrita como ecolóxica en Galicia aumenta en 2017 máis dun 15% en relación ao ano anterior, para situarse nas 31.916 hectáreas. A provincia de Lugo, tras unha medra do 7,2%, concentra o 46,5% da superficie total inscrita (14.846,7 ha), seguida por Ourense co 25,8% (8.241,7 ha).

Atendendo á súa distribución segundo tipo de cultivo, cómpre mencionar que máis do 40% inscrita está dedicada a pastos e pradeiras permanentes (excluídos os

pastos pobres), con 11.922,6 ha, seguido de terreo forestal con carga gandeira e/ou pecoreo, cun 37% (12.974,9 ha), e o dedicado a castañas, con case o 10% (3.120,9 hectáreas).

No último ano, o número de operadores inscritos no rexistro de Agricultura Ecolóxica de Galicia ascendeu a 1.067, o que supón 122 operadores máis que no ano anterior, dos que 828 son produtores (77 máis), e 239 elaboradores (45 máis que en 2016).

En termos monetarios, o valor da produción controlada polo Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) medrou no ano 2017 un 41,5%, acadando os 59,1 millóns de euros. O leite e os seus derivados seguen a ser os que máis volume de vendas certificadas obtiveron, con 18,5 millóns de euros, seguidos pola carne e derivados e as conservas de peixe, cun volume de vendas de 8,7 e 7,7 millóns de euros respectivamente. Estes tres produtos concentran o 59,1% do valor total en 2017, case dous puntos porcentuais menos que no ano anterior (60,9%).

• Subsector mar-industria

O número de embarcacións operativas con porto base en Galicia á data do 31 de decembro de 2017 é de 4.419 no caso dos buques de pesca extractiva e marisqueo (terceira lista) e de 1.280 no caso das embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura (cuarta lista), segundo indican os datos do Rexistro de Buques de Galicia.

No referido ás embarcacións da terceira lista, o cómputo global de 2017 amosa a continuidade na tendencia dos últimos anos en relación á caída no número de unidades, cun moderado descenso do 0,2% con respecto a 2016 (once buques menos que no ano anterior). Cómpre mencionar que o descenso da frota pesqueira rexístrase tanto no caladoiro nacional (Cantábrico-Noroeste), con seis buques menos, como nas pesqueiras internacionais e comunitarias, con catro e un pesqueiro menos, respectivamente.

De xeito similar ao presentado nos últimos anos, o segmento de frota máis significativo na frota pesqueira ga-

lega é o de artes menores, cunha cifra de 3.927 embarcacións, xeralmente de pequeno porte, que se dedican a unha pesca multiespecífica por medio dunha ampla variedade de artes que utilizan en función da especie obxectivo. Se nos fixamos nos portos base das embarcacións pesqueiras, a maior parte concéntranse na zona III Arousa (38,9%), seguida no último ano polas zonas I-Vigo (15,6%) e IV-Muros (14,1%).

No que respecta ás embarcacións auxiliares de pesca e acuicultura a 31 de decembro de 2017 sumaban 1.280 unidades, cinco máis que no ano anterior, principalmente concentrada, desde o punto de vista xeográfico, na zona III-Arousa, con case sete de cada dez embarcacións (894 buques).

A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas ao longo do ano 2017 rexistra novamente un aumento tanto do seu volume de produción (13% máis) como na súa facturación (3,1% máis). Tras estes incrementos, o volume de produción acada os 212,9 miles de toneladas, ascendendo o seu valor ata os 507 millóns de euros. Tanto por volume como por valor, os peixes seguen a ser o grupo de especies máis importante, ao representar 92% da produción e o 74% do valor total en primeira venda. No último ano cómpre destacar o incremento das capturas de peixe, cun 14,6% máis en relación ao ano anterior, así como dos bivalvos e equinodermos, cunha medra superior ao 22,5%. Por contra, despois do forte incremento experimentado en 2016, redúcese a produción de cefalópodos case un 36% (**cadro 3.1.10.**).

A pesar do lixeiro descenso rexistrado no último ano, a lonxa do porto de Vigo continúa sendo a máis importante en termos de ingresos xerados pola súa primeira venda, con 115,4 millóns de euros, un 0,8% menos que no ano anterior. En termos de volume de produción, A Coruña (Lonja Coruña S.A.) é a que máis tonelaxe rexistra, con 47,5 miles de toneladas no ano 2017, seguida da lonxa de Vigo, con 42,7 miles de toneladas. Comparado coa actividade no conxunto da Comunidade Autónoma, a lonxa do porto de Vigo acolle o 22,8% do valor total (20,4% da produción) e a da Coruña representa o 22,3% da produción (15,2% do valor total). As diferenzas de valor das especies vendidas nas

Actividade pesqueira e marisqueira 2016-17: produción e ingresos xerados pola primeira venda nas principais lonxas

	Produción			Valor		
	2017 (en kg.)	(%)	17/16 (%)	2017 (en euros)		17/16 (%)
Vigo	42.712.180	20,1	11,8	115.436.341	22,8	-0,8
Burela	22.577.998	10,6	-4,0	78.119.518	15,4	1,9
A Coruña (Lonja Coruña, S.A.)	47.501.010	22,3	18,5	77.075.682	15,2	0,8
Celeiro	16.779.571	7,9	1,4	55.994.217	11,0	4,8
Ribeira	35.724.218	16,8	12,2	41.722.767	8,2	-3,6
Noia	2.655.545	1,2	105,6	16.878.147	3,3	104,9
O Grove	935.095	0,4	6,7	9.189.215	1,8	3,5
Carril	938.157	0,4	-18,6	7.828.848	1,5	-2,9
Cambados	2.196.596	1,0	2,4	7.642.747	1,5	-8,6
Portosín	12.106.414	5,7	51,7	7.581.789	1,5	52,1
Muros	4.155.271	2,0	-5,9	7.007.854	1,4	7,6
A Illa de Arousa	799.336	0,4	13,3	7.004.935	1,4	2,6
Cedeira	1.218.612	0,6	-23,9	6.777.354	1,3	-13,9
Campelo	539.146	0,3	24,3	5.069.350	1,0	33,3
Vilanova	456.214	0,2	23,5	4.633.675	0,9	14,7
Camariñas	3.987.425	1,9	23,0	4.224.800	0,8	16,2
Cabo de Cruz	368.509	0,2	18,5	3.919.523	0,8	7,7
Rianxo	435.448	0,2	-15,9	3.837.602	0,8	4,6
Cangas	413.998	0,2	-30,5	3.702.145	0,7	-11,1
Bueu	913.744	0,4	3,4	3.418.886	0,7	-24,5

Consulta: 16-01-2018)

Fonte: Consellería do Mar.

3.1. 11.

lonxas de Vigo e A Coruña (Lonja Coruña, S.A.) explican este maior valor xerado na lonxa de Vigo malia o maior volume negociado na lonxa da Coruña (**cadro 3.1.11.**).

O subsector da **acuicultura** presenta en Galicia no ano 2016 (último dato dispoñible) un bo comportamento en termos de facturación, cunha medra de case o 5%, se ben rexistra unha redución do emprego, tanto se se mide en termos de unidades de traballo anual (UTA) como do número de persoas.

Dunha banda, o valor da produción acuícola aumentou un 4,8%, para situarse nos 214,4 millóns de euros, dos que máis da dúas terceiras partes xéranse na mesma Comunidade Autónoma (67,6%). O valor xerado cos produtos dirixidos á UE representan o 15,6%, e os destinados a outras CC.AA., un 13,6%. Comparado co ano anterior, tras unha medra do 17%, aumenta en máis de sete puntos porcentuais o peso do valor da produción con destino no mercado europeo (agás España). Doutra banda, no que á ocupación se refire, o sector

acolle un total de 13.936 empregos (4.120 UTA), o que representa, segundo datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o 78,2% do emprego do sector a nivel estatal e o 63,1% do total de UTAs. Como se aprecia no **cadro 3.1.12.**, a segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.038 persoas empregadas. En relación ao ano anterior, o número de persoas empregadas no sector descende un 2,8%, sendo esta caída do 8,2% se se mide en termos de unidades de traballo anual.

Finalmente, cómpre facer referencia á actividade de **marisqueo a pé**. O número total de permisos a 31 de decembro de 2017 ascende a 3.797, cifra practicamente similar á do ano anterior (3.799 permisos), dos que o 57,1% pertencen á provincia de Pontevedra, o 41,9% a A Coruña e o restante 1% a Lugo. Atendendo ás características da persoa que se dedica ao marisqueo a pé, esta é unha muller (73,9% dos permisos), da zona produtiva de Arousa (44,6%) e cunha idade

Emprego na acuicultura nas CC.AA. 2016 ⁽¹⁾

	Nº de empresas (3)	Asalariados		Non asalariados		Total	
		(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)	(UTA)	(persoas)
		(2)					
Andalucía	90	584	822	27	60	611	882
Aragón	5	59	66	1	1	60	67
Asturias	14	49	76	9	18	58	94
Baleares	9	81	86	6	25	86	111
Canarias	16	225	260	2	2	227	262
Cantabria	10	60	62	2	7	62	69
Castela-A Mancha	16	51	62	2	3	53	65
Castela e León	15	167	179	4	5	172	184
Cataluña	76	310	921	33	117	343	1.038
C. Valenciana	24	318	504	5	13	322	517
Extremadura	66	34	110	10	32	44	142
Galicia	42	1.464	3.861	2.656	10.075	4.120	13.936
Murcia	10	294	332	-	-	294	332
Navarra	3	15	23	1	1	16	24
País Vasco	4	22	32	-	-	22	32
A Rioxa	3	44	56	-	-	44	56
Total	403	3.776	7.452	2.758	10.359	6.534	17.811

(1) Agás as de cultivo de mexilón en bateas e os parques de cultivo de Galicia

(2) UTA: unidades de traballo anual

(3) O número de empresas está a 2014

Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, *Encuesta de establecimientos de acuicultura*

3.1. 12.

Valor da produción acuícola en Galicia 2015-16: distribución segundo destino xeográfico

	2015			2016		
	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4	Total	Fases 1,2,3,5	Fase 4
	(en miles de euros)					
Total	204.598,6	22.250,6	182.348,1	214.454,3	14.583,7	199.870,6
Mesma Comunidade Autónoma	123.624,1	13.177,7	110.446,4	144.672,0	7.722,3	136.949,7
Distinta Comunidade Autónoma	27.296,6	1.063,7	26.232,9	29.105,2	551,3	28.553,9
Outro país da Unión Europea	40.119,1	2.943,5	37.175,6	33.497,0	3.066,7	30.430,3
Terceiros países	13.558,9	5.065,7	8.493,2	7.180,0	3.243,4	3.936,6

(1) Fase 1: Posta; Fase 2: Incubación e/ou cría; fase 3: Preengorde de semilleiro; Fase 4: Engorde talla comercial; talla 5: Engorde a madurez sexual

Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio ambiente. *Estadísticas pesqueras: producción de acuicultura*

3.1. 13.

comprendida entre 51 e 60 anos (34,9%) e 41-50 anos (30,8%).

• Axudas comunitarias

A partir do ano 2015 comeza a aplicarse a nova Política Agraria Común (PAC), coa introdución da figura do agricultor activo, como condición para acceder ás axudas, a substitución do réxime de axudas de pagos únicos por

un réxime de pagos básicos, o establecemento dun réxime de pagos ecolóxicos ou *greening* ou o establecemento dun réxime de pagos para xoves agricultores así como un réxime de pagos acoplados.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2016 ascenden, segundo os datos actualizados a 31 de decembro de 2017, a 182 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do

Axudas da Política Agraria Común en Galicia e España 2017 ⁽¹⁾

		Galicia	España	Galicia/España
Pago de fondos UE				(%)
FEAGA Exercicio 2016 (2)		182,0	5.438,8	3,35
FEADER gasto público total (3)	(en millóns de euros)	127,5	1.055,2	12,08
Exercicio 2016 (2007-2013)		12,0	577,0	2,08
Exercicio 2016 (2014-2020)				
Dereitos de pago básico				
Nº beneficiarios Rex. Pequenos Agricultores		8.680	260.204	3,34
Nº de dereitos de Pequenos		23.739	655.235	3,62
Importes RPA	(en euros)	2.589.966	88.581.068	2,92
Nº beneficiarios RPB		21.449	505.009	4,25
Nº de dereitos de Pago Básico		373.062	18.879.172	1,98
Importes Pago Básico	(en euros)	70.857.264	2.721.720.021	2,60
Importes Pago Verde	(en euros)	36.599.140	1.405.820.757	2,60

(1) Actualización a decembro de 2017

(2) FEAGA: Fondo Europeo Agrícola de Garantía

(3) FEADER: Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural

Fonte: Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, *Análisis y prospectiva en medio ambiente, agricultura, pesca, alimentación y desarrollo rural*

3.1. 14.

Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) aumentando ata os 139,5 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,3% do total estatal para o FEAGA e o 8,5% no caso do FEADER (**cadro 3.1.14.**).

O número total de beneficiarios de dereitos correspondente ao Réxime de Pequenos Agricultores (RPA) ascende a 8.680 persoas (3,3% dos beneficiarios en España), e o valor medio dos dereitos por beneficiario a 298,38 euros, un 12,4% inferior ao total estatal (340,43 euros). No que ao Réxime de pagos básicos se refire, o número de beneficiarios ascende a 21.449 persoas, o 4,3% do conxunto do Estado, situándose o importe total en 70,9 millóns de euros, o 2,6% do Estado.

En canto aos pagos certificados e remitidos á Comisión no ano 2017 correspondentes ao Fondo Europeo de Pesca, o gasto público total (Fondo Europeo de Pesca, axudas estatais e das Comunidades Autónomas e outras axudas europeas) acada un valor negativo de 2,25 millóns de euros (-12,95 millóns no conxunto do Estado) como consecuencia das descertificacións realizadas a raíz dos controis realizados ao longo de 2016 polas Intervencións das CC.AA., así como outras correccións realizadas polos organismos intermedios de xes-


tión e certificación, debido ao peche do Programa Operativo do FEP.

Sector industrial

A actividade industrial no seu conxunto, incluída a enerxía, presentou no último ano un crecemento do 1,7%, o que supón unha ralentización respecto ao ano anterior (2,4%). Os datos recollidos na Contabilidade trimestral de Galicia (IGE) reflicten o bo comportamento da industria manufactureira no último ano, que se comporta como un dos subsectores máis dinámicos da economía galega cunha medra do 4,2%, sete décimas superior á taxa do ano anterior.

Ao igual que no ano anterior, o conxunto das ramas industriais tamén acadan o maior dinamismo no cuarto trimestre (4,1%), se ben presentan unha contracción no primeiro trimestre do ano 2017 (-2,0%). A industria manufactureira presenta unha variación interanual do VEB positiva nos catro trimestres [*cadro 1.2.2. PIB 2016-17: distribución segundo as súas compoñentes*], salientando o crecemento do 6% no cuarto trimestre do ano.

En termos absolutos, o valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2017 ata os

VEB e emprego na industria ⁽¹⁾

(1) VEB pm, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 7-03-2018)
 Fonte: IGE, *Contas económicas trimestrais*. Base 2010

3.1. 15.

11.481 millóns de euros segundo os datos publicados polo INE na Contabilidade rexional de España, o que representa o 6% do total estatal. Esta porcentaxe mantén a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso, por detrás de Cataluña (23,4%), Madrid (11,2%), Comunidade Valenciana e País Vasco (10,2%), Andalucía (9,4%), e Castela e León (6,2%).

O sector industrial achega o 18,9% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo esta porcentaxe do 14,6% no caso da industria manufactureira (20,8% e 16,1% se se considera o valor engadido bruto xerado). Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado tanto para o sector industrial (incluída a enerxía), que representa o 16,4% do PIB, como no caso da industria manufactureira, que en España representa o 13,1% do PIB a prezos correntes.

O índice de produción industrial (IPI) é un indicador de carácter conxuntural que mide a evolución experimentada no curto prazo polo volume do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial. Como se reflicte no **cadro 3.1.16.**, este indicador presenta no ano 2017 unha medra media anual do 1,8%, unha variación non só inferior á rexistrada no conxunto do Es-

tado (2,6%), senón tamén significativamente máis reducida que a taxa de variación interanual do ano anterior, que se situou no 4,1% (1,6% en España). Dende o comezo da recuperación económica, a taxa de variación anual acumulativa do IPI ascende a 1,5%, porcentaxe que se sitúa oito décimas por baixo da media española (2,3%).

Atendendo ao destino económico dos bens, no último ano todos os subsectores rexistraron en Galicia un incremento agás no caso das actividades enerxéticas (-7,5%). Dunha banda, os bens intermedios presentaron a medra máis acusada, cun 4,8% en relación ao ano anterior, seguido polos bens de consumo duradeiro cun 4,7%, e polos bens de consumo non duradeiro, cun incremento do 4,2%. No conxunto do Estado todos os destinos económicos presentan taxas de variación positivas, incluído as actividades enerxéticas.

O IPI correspondente ao conxunto das ramas da industria manufactureira galega presenta no último ano unha medra do 4,7% respecto ao ano anterior (2,9% no conxunto do Estado). Tal como se reflicte no **cadro 3.1.18.**, as ramas que presentan as maiores achegas positivas á taxa de variación media no ano 2017 foron a de confección de roupa de vestir, que achega 1 punto,

Índice de producción industrial de Galicia e España 2017

	Galicia			España		
	índice	variacións		índice	variacións	
		2017 (1)	Interanual diciembre (2) (%)		2017 (1)	Interanual diciembre (2) (%)
Xeral	88,4	1,8	6,4	90,3	2,6	2,9
Bens de consumo	94,6	4,3	-2,3	84,8	0,7	-3,0
B. consumo duradeiro	100,9	4,7	-3,8	63,7	5,5	-0,4
B. consumo non duradeiro	94,1	4,2	-2,2	87,3	0,3	-3,2
Bens de equipamento	65,8	3,8	12,8	96,6	2,5	4,7
Bens intermedios	83,9	4,8	4,1	85,5	5,0	2,7
Energía	126,5	-7,5	13,5	99,8	1,6	9,2

Consulta: 08-02-2018

(1) variación no que vai de ano


(2) taxa de variación interanual

Fonte: INE, Índice de produción industrial

3.1. 16.

Índice de producción industrial en Galicia e España 2010-17. Taxa de variación media anual

Título del gráfico



Fonte: INE, Índice de produción industrial

3.1. 17.

Índice de producción industrial 2017: distribución segundo ramas de actividad

	Variacións 17/13 (1)		Variacións 17/16 (2)		Repercusión 2017 (3)
	Galicia (%)	España (%)	Galicia (%)	España (%)	Galicia (%)
Total	1,5	2,3	1,8	2,6	
B Industrias extractivas	0,9	-3,6	0,4	5,8	
08 Outras industrias extractivas	0,9	0,4	0,4	7,2	0,0
C Industria manufactureira	2,6	2,8	4,7	2,9	
10 Industria da alimentación	3,3	1,7	-0,1	0,3	0,0
11 Fabricación de bebidas	8,2	1,3	2,6	0,9	0,1
13 Industria téxtil	5,7	3,1	8,5	-0,3	0,0
14 Confección de roupa de vestir	-3,5	-0,3	18,9	2,3	1,0
15 Industria do coiro e do calzado		-1,6	*	-4,6	*
16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	10,2	5,6	17,9	9,3	0,8
17 Industria do papel	1,0	1,3	5,5	0,7	0,1
18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados		-1,8	*	-4,4	*
19 Coquerías e refinación de petróleo		3,6	*	3,5	*
20 Industria química	7,0	3,7	5,4	4,1	0,1
21 Fabricación de produtos farmacéuticos		2,7	*	3,7	*
22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos	6,5	4,6	7,2	4,1	0,2
23 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	5,2	3,5	-2,5	5,3	-0,1
24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-1,6	2,5	-0,2	3,7	0,0
25 Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	5,4	3,0	11,4	6,7	0,9
26 Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos		4,4	*	-1,3	*
27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	-1,1	2,4	6,6	5,5	0,1
28 Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	5,6	1,6	19,7	6,1	0,3
29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	5,0	6,5	6,2	-1,2	0,7
30 Fabricación doutro material de transporte	-17,8	0,5	-29,2	1,6	-0,9
31 Fabricación de mobles	7,0	3,8	5,0	6,6	0,1
32 Outras industrias manufactureiras	3,2	3,8	16,0	3,3	0,1
33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,5	4,6	11,7	10,0	0,2
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-3,7	-0,8	-10,6	1,6	
35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-3,7	-0,8	-10,6	1,6	-1,9
36 Captación, depuración e distribución de auga		1,7	*	0,3	*

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

(1) Taxa de variación media anual acumulativa

(2) Taxa de variación da media do que vai do ano

(3) Repercusión que teñen no crecemento anual do índice xeral

Fonte: IGE, Índice de produción industrial

3.1. 18.

a de fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento, que contribúen con 0,9 puntos, e as actividades englobadas na industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaria, con 0,8 puntos. Por contra, entre as repercusións negativas salientan as actividades de fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor de auga e aire acondicionado, que resta 1,9 puntos á taxa de variación media no ano 2017, e as de fabricación doutro material de transporte, que resta 0,9 puntos.

En termos de emprego industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro reflicten que por terceiro ano consecutivo as actividades industriais pre-

sentan no seu conxunto unha medra da ocupación. No último ano Galicia contaba con 140.194 afiliacións no sector (3.671 máis que na mesma data do ano anterior), das que 129.745 afiliacións corresponden ás ramas de actividade da industria manufactureira (3.533 máis que en 2016). Pola súa importancia en termos cuantitativos, os aumentos máis importantes volven a rexistrarse nos subsectores da fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento (699 afiliados máis) na industria da alimentación (722 afiliacións máis), e no das ramas de reparación e instalación de maquinaria e equipamento (507 afiliacións máis). Por contra, as maiores reducións prodúcense no caso da confección de roupa de vestir, con 103 afiliacións menos.

Indicadores da confianza empresarial en Galicia e España 2014-17 ⁽¹⁾

	Galicia			España		
	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH	Situación do trimestre anterior	Expectativas do trimestre entrante	ICEH
2014						
I	-27,9	-31,9	110,3	-25,8	-28,7	113,9
II	-29,8	-17,5	114,3	-26,3	-14,8	118,3
III	-19,8	-11,0	119,7	-15,4	-11,7	123,0
IV	-12,9	-16,6	120,1	-13,7	-12,8	123,2
2015						
I	-22,7	-24,9	114,3	-11,7	-14,9	123,2
II	-19,0	-7,9	120,9	-11,6	0,1	128,1
III	-2,7	-0,8	128,6	-1,9	-0,4	131,2
IV	-1,9	-6,2	127,1	-0,3	-1,3	131,4
2016						
I	-7,2	-13,5	123,0	-0,1	-6,5	129,7
II	-11,7	-3,8	124,6	-6,2	1,9	130,5
III	-7,0	-4,0	126,1	-1,2	-1,1	131,2
IV	2,7	-8,4	127,8	0,1	-1,7	131,4
2017						
I	3,7	-4,2	129,5	2,7	-3,1	131,8
II	-8,3	7,1	129,2	-2,3	9,3	134,2
III	1,9	6,6	132,4	7,5	7,7	136,9
IV	3,4	1,1	131,2	5,3	5,2	135,4

(1) situación = indicador de situación armonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100 a +100); expectativas = indicador de expectativas harmonizado: diferenza ou saldo entre a porcentaxe de respostas favorables e desfavorables relativas ao trimestre anterior (de -100, todos os informantes teñen expectativas negativas, a +100, todos os informantes son optimistas); ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado : constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1. 19.


Os indicadores de confianza empresarial son unha medida, elaborada en base ao Directorio de empresas do IGE, que permite coñecer a opinión das persoas responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empresarial. O indicador de confianza empresarial amosa a percepción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades. Neste senso, o Índice Galego de Confianza Empresarial (**cadro 3.1.19.**) amosa a mellora das expectativas dos empresarios sobre o trimestre entrante, acadando valores xa positivos a partir do segundo trimestre do ano. Con todo, as expectativas son menos positivas que no conxunto do Estado.

O índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) reflicte, tanto a nivel galego como estatal, a tendencia

positiva experimentada ao longo da serie considerada, acadando os valores máis elevados no ano 2017. Como se mostra no **cadro 3.1.20.**, Galicia mantén un ICEH inferior ao de España ao longo de todo o período 2013-2017 (agás no cuarto trimestre de 2013).

Outra variable que permite observar a evolución do sector industrial son ás vendas da produción da industria manufacturera galega, resumidas no **cadro 3.1.21.** Estas vendas descenderon no ano 2016 (último dispoñible) un 0,9% respecto ao ano anterior, acadando un valor de 25.915,7 millóns de euros, o 6,8% do total estatal. As agrupacións que presentan unha maior achega ao valor total das vendas en Galicia corresponden ás actividades de alimentación, bebidas e tabaco (24,5% do total), material de transporte (24%) e coquerías, refino, químicas e produtos farmacéuticos (8,9%).

Índice de confianza empresarial harmonizado (ICEH) 2013-17



ICEH = Índice de Confianza Empresarial Harmonizado: constrúese a partir dunha media xeométrica convenientemente normalizada entre a situación e as expectativas
 Fonte: IGE, *Indicadores da confianza empresarial*

3.1. 20.


Vendas de produtos da industria manufacturera 2016: distribución segundo agrupacións de actividade

	Valor		
	(en miles de euros)	(% / total)	(Galicia/España)
Alimentación, bebidas e tabaco	6.342.523	24,5	7,3
Textil e confección	1.318.747	5,1	18,2
Coiro e calzado	160.921	0,6	4,7
Madeira e cortiza	864.289	3,3	20,5
Papel, artes gráfica e reprodución de soportes gravados	571.749	2,2	3,7
Coquerías, refino químicas e produtos farmacéuticos	2.299.036	8,9	3,8
Manufacturas de caucho e plástico	788.431	3,0	5,0
Produtos minerais non metálicos	572.315	2,2	4,7
Producción, 1ª transformación e fundición de metais	1.710.005	6,6	7,4
Produtos metálicos	1.265.943	4,9	5,3
Produtos informáticos, electrónicos, ópticos e eléctricos	414.552	1,6	3,0
Maquinaria e equipo	664.254	2,6	4,2
Material de transporte	6.211.456	24,0	9,5
Mobles e outras industrias manufactureiras	424.200	1,6	6,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipo	790.508	3,1	7,5
Producción de enerxía eléctrica, gas e vapor	1.516.736	5,9	9,6
Total	25.915.665	100	6,8

Fonte: INE, *Encuesta Industrial de Productos*

3.1. 21.

Índices do prezo da electricidade para consumidores industriais na UE-28 e España 2008-17



3.1. 22.

Tendo en conta o seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 20,5% e 18,2% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente. Séguenlle as actividades de material de transporte, que supoñen o 9,5% das vendas totais estatais desta agrupación.

Antes de analizar os principais datos dos subsectores enerxético, automoción e naval, cómpre facer referencia á evolución do prezo da electricidade para os consumidores industriais pola súa incidencia directa no sector industrial. Ao longo dos últimos anos, o prezo da electricidade en España sitúase por riba da media europea, pagando en España os consumidores industriais, con consumos entre 500 MWh e 2.000 MWh, un 22% máis por KWh consumido que na UE-28. Comparado cos datos correspondentes ao primeiro semestre de 2008, fronte ao descenso de case un 12,5% do prezo no conxunto da UE-28, en España o prezo da electricidade para consumidores industriais medra un 7,3%. Se a comparación se fai co primeiro semestre de 2014 o descenso en ambos os dous casos foi do 17,1%.

• Subsector enerxético


Os datos proporcionados por REE (Red Eléctrica Espa-

ñola) para 2017 (datos acumulados a novembro) mostran que a xeración neta de enerxía eléctrica en Galicia acadou os 23.767,8 GWh, o 10% do total estatal; correspondéndolle o terceiro posto entre as Comunidades con maior porcentaxe de xeración eléctrica, por detrás de Cataluña e Andalucía.

A demanda de enerxía en Galicia é de tan só 18.096,8 GWh, o 7,4% da enerxía inxectada na rede a nivel nacional, polo que no ano 2017 o saldo de intercambios segue a ser excedentario, rexistrándose un saldo exportador de 6.389,7 GWh fronte aos 2.251,8 GWh do ano anterior.

En relación ao tipo de xeración, o 41,1% da xeración neta total en Galicia procede do carbón, seguido da produción de enerxía eólica (25,9%) e da hidráulica (12,6%). O forte descenso da xeración eléctrica procedente da hidráulica explica que o peso da xeración de electricidade procede de fontes renovables descenda en Galicia ata o 40,2% (58,9% no ano anterior).

No concernente á produción de enerxía eléctrica a partir de enerxías renovables, coxeneración e residuos, os datos publicados pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) amosan novamente un descenso da enerxía vendida manténdose estable a po-

Xeración eléctrica de fontes renovables e non renovables en Galicia 2010-16 ⁽¹⁾

	2014			2015			2016		
	Xeración total neta	Xeración renovables	Potencia instalada	Xeración total neta	Xeración renovables	Potencia instalada	Xeración total neta	Xeración renovables	Potencia instalada
	(GWh)	(GWh)	(MW)	(GWh)	(GWh)	(MW)	(GWh)	(GWh)	(MW)
Galicia	31.288	18.992	10.907	29.674	15.371	10.934	30.692	17.525	10.942
España	266.867	109.149	105.758	267.936	94.581	106.173	262.279	102.027	105.105

(1) Renovables inclúe: hidráulica, hidroeléctrica, eólica, solar fotovoltaica, solar térmica, outras renovables e o 50% dos residuos sólidos urbanos.
 Fonte: Elaboración propia a partir de datos de Red Eléctrica de España

3.1. 23.

Consumo de produtos petrolíferos en Galicia e España 2016-17

2016


	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
	(en tm.)			
Galicia	2.478.555	242.153	1.882.677	353.725
A Coruña	1.106.477	98.431	714.346	293.700
Lugo	373.363	28.099	327.287	17.977
Ourense	314.600	28.508	259.477	26.615
Pontevedra	684.115	87.114	581.566	15.434
España	35.222.061	4.754.839	28.264.031	2.203.191
Galicia/España (%)	7,0	5,1	6,7	16,1

2017

	Total	Gasolinas	Gasóleos	Fuelóleo BIA
	(en tm.)			
Galicia	2.494.191	248.985	1.889.084	356.123
A Coruña	1.124.788	103.106	725.057	296.625
Lugo	368.655	28.091	322.099	18.465
Ourense	309.991	28.246	255.307	26.439
Pontevedra	690.758	89.542	586.621	14.594
España	36.024.929	4.864.382	28.924.561	2.235.987
Galicia/España (%)	6,9	5,1	6,5	15,9

Fonte: Corporación de Reservas Estratégicas de Productos Petrolíferos

3.1. 24.

Facturación e emprego directo nas empresas do cluster da automoción 2008-17 ⁽¹⁾

(1) facturación en millóns de euros
 Fonte: Clúster da Automoción de Galicia

3.1. 25.

tencia instalada. No ano 2017 vendéronse un total de 11.264 xigavattios, un 9,3% menos que no exercicio precedente, o que contrasta co incremento do 1,2% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, Galicia sitúase como a cuarta Comunidade con maior enerxía vendida (11,2% do total estatal) por detrás de Andalucía (18,1%), Castela e León (14,8%) e Castela-A Mancha (11,4%).

Doutra banda, a potencia instalada é de 4.579 megavattios, o que representa o 11,4% da potencia total en España. En relación ás demais CC.AA., Galicia ocuparía o cuarto lugar, por detrás de Castela e León, Andalucía e Castela-A Mancha.

Atendendo á distribución segundo tipo de enerxía, o 61,5% da enerxía vendida en Galicia en 2017 (6.924 xigavattios) corresponde á eólica mentres que a coxeneración representa o 25,1% (2.831 xigavattios). Estas dúas fontes enerxéticas tamén son as máis relevantes no conxunto do Estado, se ben a súa importancia relativa é do 47,4% no caso da eólica e do 25,6% no da coxeneración.

No que atinxe ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, no ano 2017 ráchase a tendencia descendente de anos anteriores ao rexistrarse unha medra do 0,6% na demanda de produtos petrolíferos (2,3% en España). Tras esta evolución, o consumo

destes produtos ascende en Galicia a 2.494,2 miles de toneladas métricas, o que representa o 6,9% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.24.**, o devandito incremento prodúcese tanto no consumo de fuel óleos (0,7% menos) como no de gasolinas (2,8%) e o de gasóleos (0,3%).

Os gasóleos son o produto máis consumido, representando un 75,7% do consumo total en Galicia (80,3% en España), sendo a importancia relativa do consumo de fuel óleo do 15,9%, 8,1 puntos porcentuais superior ao do Estado, e do 10% no caso das gasolinas (13,5% no conxunto do Estado).

• Industria da automoción

Neste apartado analízanse os principais datos dispoñibles da industria da automoción en Galicia. As Contas económicas anuais publicadas polo IGE, á hora de considerar os sectores característicos da economía galega, sinalan que a rama de actividade da fabricación de vehículos e compoñentes xerou en Galicia no ano 2015 (último dispoñible) un total de 1.323,6 millóns de euros e xerou 15.779 postos de traballo. Esta rama de actividade representa o 2,3% do produto interior bruto xerado na economía galega nese ano, e o 1,4% do emprego.

En segundo lugar, o sector da automoción pode valo-

rarse en base aos datos facilitados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (CEAGA). As 118 empresas que compoñen o clúster de automoción experimentaron un novo incremento da súa facturación, que se sitúa en 8.680 millóns de euros (4,3% máis que no ano anterior).

Paralelamente ao devandito incremento da facturación, os datos do CEAGA reflicten unha medra do emprego e do investimento. Dunha banda, as empresas da automoción xeraron 950 novos empregos, contando con 20.800 empregos directos a 31 de decembro de 2017, un 4,8% máis que na mesma data do ano anterior. En relación ao emprego industrial en Galicia, o sector acolle ao 12% do total. Doutra banda, o investimento realizado polas empresas do sector aumenta no último ano un 3,4% para adaptar as súas capacidades aos retos da industria 4.0, ascendendo o investimento ata os 245 millóns de euros.

A produción de vehículos en Galicia representou en 2017 o 15,3% da produción española de automóviles, manténdose a factoría de Vigo PSA Peugeot Citroën como a segunda planta con maior produción, tras Seat Martorell (16%).

Finalmente, os datos da Dirección General de Tráfico (DGT) mostran un novo incremento nas matriculacións de vehículos no último ano acadando os 61.699 vehículos, o que representa o 3,5% do total estatal en 2017. En relación ao ano anterior, as matriculacións en Galicia increméntanse un 9% (5.081 vehículos matriculados máis), salientando en termos relativos o incremento experimentado no caso das matriculacións de camións ata 3.500 kg e furgonetas, cun 13,1% (595 máis,) e motos e motocicletas, cun 13,6% (540 máis).

A nivel provincial, a DGT amosa que o devandito aumento das matriculacións prodúcese nas catro provincias, sendo o máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, o de Pontevedra, cun 11,6% (1.953 vehículos matriculados máis que no ano anterior). Lugo presenta unha medra do 11,6% (897 matriculacións máis), en tanto que na Coruña o incremento foi do 6% (1.519) e en Ourense, do 10,5% (712 máis). Tras esta evolución, A Coruña concentra o 43,5% do total de

novas matriculacións (26.834), por diante de Pontevedra co 30,4% (18.775 matriculacións).

• Industria naval


O número de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de 2017 na industria de construción naval (CNAE 30.1) aumentou en Galicia un 10,5% respecto á mesma data do ano anterior, para situarse nas 5.991 afiliacións (569 máis), a cifra máis alta dende decembro de 2011, cando o naval contaba con 6.264 afiliacións. Este incremento débese fundamentalmente á recuperación do sector na provincia de Pontevedra, onde as afiliacións medran un 18,8% (462 afiliacións máis) fronte ao 3,6% na Coruña (104 máis). No último ano as afiliacións nesta última provincia ascenden a 2.962, en tanto que en Pontevedra rexístranse 2.917 afiliacións.

No concernente á actividade contractual, o número de novos contratos asinados polos estaleiros galegos mantense no ano 2017 no mesmo nivel do ano anterior, once contratos, situándose este ano por detrás de Asturias, con 21 contratos novos dos 38 asinados en 2017 en España. Por outra banda, se se considera a súa equivalencia en arqueo bruto compensado (CGT), Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con maior arqueo, con 74.242 CGT, o 43% do total estatal, fronte ao 28,5% do País Vasco e Asturias.

A devandita análise contractual complétase coa referencia á carteira de pedidos dos estaleiros. A 31 de decembro de 2017 Galicia conta cunha carteira de 21 buques, dous menos que na mesma data do ano anterior, que equivale a 142.597 CGT, o 28% do total estatal. No último ano Asturias sitúase como a C.A. con maior número de buques en carteira e o País Vasco como a que presenta maior arqueo ao acoller o 34% do total.

O carácter netamente exportador da industria naval queda reflectida no feito de que dos devanditos 11 novos contratos, nove corresponden a contratos con terceiros países: dous con Alemaña e Reino Unido, e un con Arabia Saudí, Kuwait, Malta, Namibia e Suecia. Asemade, dos 21 buques en carteira, 17 son contratos co exterior, dos que tres son para Groenlandia, dous para

Construción naval nos estaleiros galegos 2008-17: actividade contractual e actividade produtiva



Fonte: Ministerio de Industria, Energía y Turismo, Construcción naval. Boletín informativo trimestral

3.1. 26.


Alemaña e Reino Unido, e un para Angola, Arabia Saudí, Arxentina, Dinamarca, Kuwait, Malta, Malvinas, Namibia, Senegal e Suecia.

Atendendo á distribución segundo tipo de buque, cómpre mencionar o predominio dos buques de pesca, con sete novos contratos e doce en carteira de pedidos, que equivalen a 17.032 CGT (22,9% do total galego) e 55.579 CGT (39%), respectivamente.

En relación á actividade produtiva, o índice de actividade ponderada, que ten en conta as postas de quilla, botaduras e entregas (probos oficiais), reflicte que o ar-

queo bruto compensado dos estaleiros galegos superou no último ano as 40.100 CGT, o que a sitúa como a Comunidade con maior actividade, lixeiramente por diante de Asturias (39.021CGT) e o País Vasco (35.284 CGT). En relación ao total estatal, Galicia concentra o 31% do arqueo bruto, fronte ao 30% de Asturias, o 24% do País Vasco e o 12% de Andalucía.

Comparando a situación da construción naval nos estaleiros galegos entre os anos 2008 e 2017, **cadro 3.1.26.**, obsérvase un notable descenso do índice de actividade ponderada, que acadou o seu valor mínimo en 2014, con 26.488 CGT. O arqueo dos barcos cons-

VEB e emprego na construción 2008-2017 ⁽¹⁾

(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 07-03-2018)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2010

3.1. 27.

truídos nos estaleiros galegos pasou das 172.878 CGT de 2008 ata as 40.118 CGT no ano 2017.

Construción

Por terceiro ano consecutivo o valor engadido bruto do sector da construción presenta taxas de variación interanual positivas, situándose en 2017 no 3,5% fronte ao 1,6% do ano anterior.

Comparado co total estatal, os datos de primeira estimación da Contabilidade Rexional do INE indican que o valor engadido xerado por esta rama de actividade ascende a 3.760,5 millóns de euros, o que representa o 6,2% do total estatal, dúas décimas menos que en 2016. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6,2% en Galicia e 5,2% de media en España).

En termos de emprego, as contas económicas e a EPA reflicten unha tendencia dispar. Dunha banda, as primeiras indican unha medra do 0,8% do total de postos de traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa en 70.860, o 7,1% do total galego. Pola contra, a ocupación estimada pola EPA reflicte un descenso do 7,2% en relación ao ano precedente, o triplo do estimado no ano anterior, acadando as 66.600 persoas (5.200 ocupados menos). Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso

relativo da poboación ocupada estimada pola EPA representa o 6,3%.

No que atinxe á actividade do sector da construción, os datos de visados de obra nova proporcionados polo Ministerio de Fomento considéranse un indicador adiantado da actividade no sector. A pesar do acusado incremento do número de visados (19,5% respecto ao ano anterior), a superficie total a construír aumenta tan só un 6,7%, porcentaxe significativamente inferior ao rexistrado no ano anterior. Esta diferenza explícase pola caída da superficie a construír de uso non residencial, cun descenso superior ao 24%, mentres que a superficie para uso residencial medra un 23,2%, 2,4 puntos máis que no ano anterior. Tras esta evolución, a superficie a construír de visados de obra nova supera os 741.000 metros cadrados, dos que o 75,2% (558.000 metros cadrados) corresponden a edificios de vivendas.

No que respecta ás obras de reforma e/ou restauración, no ano 2017 reformáronse en Galicia un total de 1.161 vivendas, un 4,9% máis que no ano anterior, o que representa o 4,5% do total estatal. Estas reformas contaron cun orzamento de 75,3 millóns de euros, o que supón un incremento do 10,4% en relación ao ano anterior.

En canto á licitación de obra pública, que representa unha parte moi significativa da produción do sector, o ano 2017 caracterizouse por un descenso do seu im-

Visados de dirección de obra en Galicia e España 2016-17: distribución segundo tipo de obra

	Obra nova			España		
	Galicia			España		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
			(%)			(%)
Total edificios	1.240	1.482	19,5	23.977	27.502	14,7
Uso residencial	1.027	1.222	19,0	19.801	23.046	16,4
Servizos comerciais	52	58	11,5	1.462	1.440	-1,5
Uso industrial	33	52	57,6	350	434	24,0
Outros	128	150	17,2	2.364	2.582	9,2

	Obras de ampliación			España		
	Galicia			España		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
Total edificios	154	156	1,3	2.876	3.156	9,7
Vivendas	109	102	-6,4	1.993	2.221	11,4
Outros	45	54	20,0	883	935	5,9

	Obras de reforma e/ou restauración			España		
	Galicia			España		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
Total edificios	1.394	1.476	5,9	31.615	32.313	2,2
Vivendas	1.107	1.161	4,9	25.880	25.996	0,4
Outros	287	315	9,8	5.735	6.317	10,1

Fonte: Ministerio de Fomento, *Obras en edificación*

3.1. 28.
Licitación pública en Galicia e España 2016-17: distribución segundo administraciones

	2016		2017		17/16	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
	(en millóns de euros)				(%)	
Administración Xeral do Estado	512,7	3.147,4	182,6	3.827,4	-64,38	21,60
Mº Fomento	476,4	2.624,5	126,1	3.022,4	-73,54	15,16
Mº Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente	7,2	134,9	18,7	339,3	160,86	151,61
Resto Admón. Xeral	29,1	388,1	37,8	465,8	29,90	20,03
Administración Autonómica	181,7	2.882,3	212,3	3.936,6	16,88	36,58
Administración Local	187,1	3.303,3	200,8	5.111,0	7,34	54,72
Concellos	140,5	2.339,2	133,7	3.842,7	-4,81	64,27
Outras Administracións	46,6	964,0	67,1	1.268,3	43,98	31,56

Fonte: SEOPAN, *Licitación regional*

3.1. 29.

porte total do 32,3%, o que contrasta tanto co incremento rexistrado no conxunto do Estado (39,3%) como co comportamento experimentado no ano anterior en Galicia (medrara un 13% respecto ao ano anterior). En termos nominais, a licitación pública acadou os 595,8 millóns de euros, 285,8 millóns de euros menos que no ano anterior.

Atendendo aos distintos niveis administrativos, o devandito descenso ven motivado pola redución da licitación pública por parte da Administración Xeral do Estado (AXE), que caeu un 64,4% respecto ao ano anterior, acadando os 182,6 millóns de euros (30,7% da licitación total en Galicia). Como mostra o **cadro 3.1.29.**, esta caída rexístrase no investimento do Minis-

Licitación pública 2016-17: distribución segundo administración e tipo de obra

2016						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	526,26	184,82	187,08	169,13	729,04	898,17
A Coruña	323,92	71,35	105,69	68,35	432,61	500,96
Lugo	133,22	17,92	18,62	12,95	156,81	169,76
Ourense	23,83	23,72	4,43	16,43	35,56	51,99
Pontevedra	31,08	68,68	58,34	70,87	87,23	158,10
Sen rexionalizar (prov.)	14,21	3,15	-	0,53	16,83	17,36

2017						
	Administracións públicas			Tipo de obra		Total
	Central	Autonómica	Local	Edificación	Obra civil	
(en millóns de euros)						
Total	186,55	215,03	200,82	211,89	387,76	599,65
A Coruña	50,78	84,58	79,62	76,52	138,47	214,99
Lugo	41,24	11,24	33,45	22,42	63,50	85,92
Ourense	38,13	34,72	14,78	15,39	72,24	87,63
Pontevedra	52,08	81,79	72,97	95,67	111,17	206,84
Sen rexionalizar (prov.)	4,32	2,70	-	1,89	2,38	4,27

Fonte: SEOPAN, Licitación regional

3.1. 30.

terio de Fomento, que en 2017 sitúase en 126,1 millóns de euros (350,3 millóns de euros menos que en 2016), aumentando lixeiramente o importe da licitación do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que ascende ata os 18,7 millóns de euros (11,6 millóns máis que no ano anterior).

A licitación pública da Administración Autonómica aumenta no último ano en torno ao 17% para acadar os 212,3 millóns de euros, o que representa o 35,6% da licitación pública total en Galicia. Ao mesmo tempo, a licitación da Administración Local aumenta por riba do 7% no último ano para situarse nos 200,8 millóns de euros, o 33,7% do total.


A provincia con maior volume de licitación de obra pública no ano 2017 volve a ser A Coruña, con 215 millóns de euros, o 36,1% da licitación total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 206,8 millóns, o 34,7%, e Ourense e Lugo, con pouco máis de 85 millóns de euros cada unha. En relación ao ano anterior, tras o forte incremento rexistrado na Coruña e Lugo en 2016, no último

ano estas dúas provincias son as únicas que presentan unha caída do valor total respecto ao ano anterior (57,1% e 49,4%, respectivamente). Por contra, a licitación pública na provincia de Pontevedra aumenta un 32,2% e en Ourense un 68,6%.

Atendendo á súa desagregación segundo nivel administrativo, do **cadro 3.1.30.** despréndese que tan só Ourense e Pontevedra presenta un incremento da licitación realizada polas tres administracións. Por contra, a licitación da AXE descende significativamente na Coruña e Lugo (273 e 92 millóns de euros menos, respectivamente), reducíndose a realizada pola Administración autonómica en Lugo (6,7 millóns de euros) e pola Administración local na provincia da Coruña (26 millóns de euros menos).

No concernente á desagregación da licitación segundo tipos de obra, no ano 2017 descende de maneira significativa a licitación en obra civil, que se sitúa en 387,8 millóns de euros, 341,3 millóns menos que no ano anterior, o que supón o 64,7% do total galego. Esta caída

Licitación oficial de Galicia por tipo de obra 2009-16



Fonte: Ministerio de Fomento. Licitación oficial en construcción.

3.1. 31.

prodúcese nas provincias da Coruña e Lugo, aumentando lixeiramente en Ourense e Pontevedra. Por contra, a licitación en edificación aumenta en relación ao ano anterior, acadando os 211,9 millóns de euros (42,8 millóns máis que en 2016). No último ano tan só Ourense presenta unha leve redución da licitación de obra pública en edificación.

• Datos de vivenda

Dentro dos indicadores de demanda no ámbito da vivenda, destaca o relacionado co número de hipotecas constituídas. Os datos do INE amosan que ao contrario do acontecido no ano anterior, no conxunto do ano 2017 aumenta tanto o número como o importe medio das hipotecas constituídas en Galicia, sendo este incremento inferior ao rexistrado no conxunto do Estado.

O **cadro 3.1.32.** reflicte que en 2017, tras unha medra do 6,7% constituíronse un total de 16.023 hipotecas sobre fincas urbanas, manténdose o peso relativo no total estatal no 3,9%. A provincia da Coruña é a que presenta o maior número de hipotecas constituídas, con 7.154, un 9,4% máis que no ano anterior, por diante de Pontevedra, con 5.851 hipotecas (9% máis que en 2016). Pola contra, tan só Lugo rexistra un descenso do número de hipotecas sobre fincas urbanas, cun 8,4% menos que no ano anterior, constituíndose un total de 1.645 hipotecas.

No que respecta ao importe medio das hipotecas constituídas sobre vivendas urbanas en Galicia, no último ano, a diferenza do acontecido no ano anterior, rexístrase unha medra do seu valor medio, se ben este incremento é inferior ao do conxunto de España. En 2017, o importe medio das hipotecas ascende a 100.800 euros, un 2,1% máis que no ano anterior, en tanto que no Estado o valor medio sitúase en 141.000 euros, un 6,5% superior ao ano anterior.

Os datos facilitados polo INE reflicten que fronte ao descenso xeneralizado no importe medio das hipotecas nas catro provincias galegas no ano 2016, este aumenta na Coruña e Lugo. Tanto en termos absolutos como relativos Lugo presenta o maior incremento, situándose a hipoteca media en 85.700 euros, case un 12% máis que en 2016. A provincia da Coruña, tras unha medra do 6,6%, presenta o importe medio máis elevado con 111.900 euros. Pola contra, tras os descensos do 6,3% e 1,8%, respectivamente, o importe medio das hipotecas en Pontevedra e Ourense sitúase en 95.900 e 81.500 euros.

No ano 2017 increméntanse novamente as compravendas de vivendas, manténdose as taxas de variación interanuais significativamente por baixo das rexistradas no conxunto do Estado. Segundo os datos publicados polo INE, tras unha medra do 8,7%, rexistráronse no último ano en Galicia un total de 14.594 transaccións, o que supón o 3,3% do total estatal. Todas as provincias

Hipotecas de fincas urbanas en Galicia e España 2016-17

	Hipotecas constituidas			Importe medio		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
(en miles de euros)						
Galicia	15.019	16.023	6,7	98,7	100,8	2,1
A Coruña	6.537	7.154	9,4	105,0	111,9	6,6
Lugo	1.795	1.645	-8,4	76,7	85,7	11,8
Ourense	1.319	1.373	4,1	83,0	81,5	-1,8
Pontevedra	5.368	5.851	9,0	102,4	95,9	-6,3
España	384.128	412.597	7,4	132,4	141,0	6,5
Galicia / España (%)	3,9	3,9		74,6	71,5	

Fonte: INE, *Estadística de hipotecas*

3.1. 32.

Tipo medio dos préstamos hipotecarios 2009-17

	Interbancarios		Tipo medio préstamos hipotecarios Adquisición de vivienda libre	
	Mibor a un ano	Euribor a un ano	A más de 3 años Entid. de crédito España	Entre 1 e 5 años Entid. de crédito Zona euro
(medias anuais)				
2009	1,618	1,618	3,439	-
2010	1,350	1,350	2,770	-
2011	2,029	2,006	3,383	-
2012	1,111	1,111	3,416	-
2013	0,536	0,536	3,353	3,093
2014	0,477	0,476	3,004	2,818
2015	0,168	0,169	2,212	2,374
2016	-0,034	-0,034	1,952	2,053
2017	-0,145	-0,145	1,910	1,910

Fonte: Banco de España, *Boletín estadístico*

3.1. 33.


Compravenda de viviendas en Galicia e España 2009-17 ⁽¹⁾

	Total	A Coruña	Galicia			España
			Lugo	Ourense	Pontevedra	
2009	21.292	9.380	2.955	2.361	6.596	413.393
2010	22.570	10.344	3.119	2.728	6.379	439.591
2011	16.437	7.295	2.299	1.944	4.899	359.824
2012	14.534	6.597	1.820	1.634	4.483	318.534
2013	12.568	5.286	2.047	1.365	3.870	312.593
2014	11.966	5.126	1.914	1.163	3.763	318.830
2015	12.537	5.383	1.929	1.235	3.990	355.556
2016	13.431	6.022	1.802	1.408	4.199	405.385
2017	14.594	6.302	1.694	1.561	5.037	464.423
17/16	1.163	280	-108	153	838	59.038
17/09	-6.698	-3.078	-1.261	-800	-1.559	51.030

(1) datos 2017 son provisionais

Fonte: INE, *Estadística de transmisión de derechos de la propiedad*

3.1. 34.

VEB e emprego nos servizos 2009-2017 ⁽¹⁾

(1) VEB pm, prezos correntes, en miles de euros; datos corrixidos a efectos estacionais e de calendario (consulta: 8-03-2018)
 Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2010

3.1. 35.

galegas, agás Lugo, volven a presentar en 2017 máis compravendas de vivendas que en 2016, rexistrándose o incremento máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, na provincia de Pontevedra (838 transaccións máis, un 20%) (**cadro 3.1.34.**).

No concernente á evolución do prezo da vivenda, o valor medio do Índice xeral de prezos da vivenda e o correspondente á vivenda nova aumenta nos tres últimos anos en todas as comunidades autónomas. En 2017, mentres que en España o índice de prezos da vivenda aumenta un 6,2% en relación ao ano anterior para situarse en 111,1 puntos (2015=100), en Galicia o seu incremento é do 1,7%, situándose o seu valor medio en 103,7 puntos. Este menor crecemento apréciase tanto no caso da vivenda nova como na de segunda man, medrando en Galicia un 3,4% no caso da vivenda nova (108,9 puntos) e un 1,4% no da vivenda de segunda man (102,4 puntos en 2017), mentres que no conxunto do Estado, o índice aumenta un 5,9% no caso da vivenda nova e un 6,3% no da vivenda de segunda man, acadando os 112,8 e 110,9 puntos, respectivamente.

Servizos

O VEB do sector servizos aumentou no ano 2017 un 3,3% de media en termos reais, dúas décimas menos

que no ano anterior, impulsado polo comportamento das actividades de comercio, transporte e hostalaría, que presentan unha incremento do 6,3%, 1,1 puntos porcentuais menos que en 2016. A evolución trimestral reflicte unha ralentización das súas taxas de variación interanual medrando un 7,8% no primeiro trimestre fronte ao 4,6% do último trimestre do ano.

En termos monetarios, segundo datos da Contabilidade rexional de España do INE, o valor engadido bruto do sector servizos ascendeu a 36.787,3 millóns de euros, o que representa o 60,5% do PIB galego (66,7% no caso do VEB). No conxunto do Estado, estas porcentaxes ascenden ata o 66,4% e 73,3%, respectivamente. Os datos da Contabilidade Rexional de España indican que Galicia xera o 4,8% do valor engadido bruto total do sector no conxunto do Estado, o que a mantén como a sexta Comunidade con maior peso relativo, por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

Os indicadores de actividade do sector servizos (**cadro 3.1.36.**) mostran que en 2017 a cifra de negocios dos servizos de mercado aumentou de media un 7,8%, un punto porcentual menos que no ano anterior. Dunha banda, as vendas da rama de comercio experimentaron unha ralentización no seu crecemento, ao incremen-

Índice de cifra de negocios por sectores de actividad 2011-17

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
	(%)						
Xeral	-0,1	-2,9	-2,6	2,6	4,9	8,8	7,8
Comercio	1,3	-3,1	-2,4	2,6	5,0	10,2	8,8
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	-8,2	-16,0	-0,3	7,9	8,6	5,7	-4,3
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	5,0	-2,5	-2,2	3,4	5,8	14,7	11,8
Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	-2,4	-1,6	-3,4	-0,2	2,5	2,2	4,1
Outros servizos	-5,0	-3,4	-3,0	2,6	5,1	4,5	4,5
Transporte e almacenamento	0,6	-0,2	-1,2	4,9	2,4	2,0	2,6
Hostalería	-9,0	-5,6	-3,8	0,3	8,5	8,6	6,7
Información e comunicacións	-4,9	-6,2	-8,8	-2,0	2,8	4,4	3,9
Actividades profesionais, científicas e técnicas	-16,0	0,4	-4,8	4,6	5,0	-0,5	4,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	-0,9	-5,4	4,5	2,9	12,6	13,0	7,6

(1) Tasas de variación da media do que vai de ano

Fonte: IGE, Indicadores de actividade do sector servizos

3.1. 36.

tarse a cifra de negocio un 8,8%, case tres puntos e medio menos que en 2016. Esta diminución da taxa de variación interanual explícase tanto pola evolución das vendas no comercio por xunto e intermediarios do comercio, que frean o seu ritmo de crecemento, como pola caída da cifra de negocios da venta e reparación de vehículos de motor.

Doutra banda, no que respecta a “outros servizos”, a cifra de negocios mantén o seu ritmo de crecemento no 4,5%. Cómpre mencionar o comportamento das actividades profesionais, científicas e técnicas, que tras a caída do ano anterior, en 2017 aumenta case un 5%. Ao igual que no ano anterior, as actividades que presentan un dinamismo son as actividades administrativas e servizos auxiliares, cunha medra do 7,6%, e as de hostalaría, cuxa cifra de negocios avanza un 6,7% en relación a 2016.

O incremento da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego. As contas económicas indican que o traballo equivalente a tempo completo no sector servizos medra en Galicia un 1,4% no último ano, rexistrándose esta mesma tendencia positiva en todas as ramas de actividade. En termos relativos, os maiores incrementos estímanse nas “actividades profesionais” e nas “inmobiliarias” cun 4,2% e 2,7%, respectivamente, situándose no 1,8% no caso do “comercio, transporte e hostalería”.


No concernente ao emprego, a EPA estima un aumento da ocupación no sector servizos de tan só 4.200 persoas, fronte aos 15.100 ocupados máis no ano anterior. Fronte a un incremento do emprego superior ás seis mil persoas nas actividades de comercio e hostalería (6.900 e 6.300 persoas máis que no ano anterior, respectivamente), salienta o descenso no emprego en 4.200 persoas no ámbito da educación, en 4.000 ocupados no “resto de servizos” (CNAE 90-99) e en 3.000 persoas no subsector de transporte e almacenamento. Tras unha medra do 0,6%, a metade do estimado para o conxunto de Galicia, no ano 2017 había un total de 739.800 ocupados no sector servizos, o que representa o 70,3% do emprego en Galicia, sendo especialmente importante a ocupación feminina xa que o 83,3% das mulleres ocupadas en Galicia traballan no sector terciario (58,4% entre os homes).

Por ramas de actividade salienta o subsector do comercio e reparación de vehículos de motor, con 173.900 persoas, o 23,5% do emprego no sector, o das actividades sanitarias e servizos sociais, con 90.600 persoas (12,2%) e o das actividades profesionais, científicas e técnicas; actividades administrativas e servizos auxiliares, con 86.300 ocupados (11,7%).

• Comercio

A evolución da actividade comercial en Galicia avanza

Comercio interior minorista 2008-17: índices de vendas e ocupación (1)



(1) Empresas incluídas na división 47 da CNAE-2009 Comercio ao retalho, excepto de vehículos de motor e motocicletas
Fonte: INE, Índice de comercio al por menor

3.1. 37.

Comercio minorista en Galicia e España 2016-17: principais indicadores

	Empresas (1)			Locais (1)		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
Galicia	29.795	29.367	-428	37.233	36.924	-309
España	462.450	458.169	-4.281	576.211	573.676	-2.535

(1) datos a partir de INE, Directorio central de empresas (datos a 1 de xaneiro de cada ano)
Fonte: INE

3.1. 38.

como resposta ao crecemento da demanda de consumo que se ven consolidando nos dous últimos anos. No ano 2017 a demanda interna mantense como o motor de crecemento da economía galega dende o lado da demanda, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 1,7 puntos. No concernente ao gasto en consumo final dos fogares galegos, este ralentiza o seu crecemento no último ano para situarse no 1,3%, sete décimas menos que en 2016.

As vendas do comercio ao retallo, sen incluír as vendas de vehículos de motor e motocicletas, presentan no ano 2017 unha ralentización no seu crecemento. O índice xeral de vendas ao retallo, medido en prezos constantes, presenta no último ano unha taxa de variación interanual do 1,7%, dous puntos menos que no ano anterior, sendo esta medra do 1,2% no conxunto do Estado. Tal como se aprecia no **cadro 3.1.37.**, o índice de ocupación mantén a súa tendencia positiva aínda que continúa por baixo do rexistrado de media en España. No último ano, a ocupación aumenta un 1,5% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do 1,7% no Estado.

O número de establecementos de comercio ao retallo a 1 de xaneiro de 2017 descendía en Galicia ata os 36.294, o que supón unha redución de 309 establecementos en relación á mesma data do ano anterior. Dende o ano 2010, primeiro dispoñible na serie estatística, o número de locais de comercio ao retallo descendeu continuamente en Galicia, existindo no último ano 3.757 locais de comercio ao retallo menos que en 2010. O maior descenso prodúcese na categoría de comercio ao retallo en establecementos non especializados (2.229 locais menos), seguido polos establecementos de comercio ao retallo de outros artigos de uso doméstico en establecementos especializados (1.062 locais menos).

O número de empresas de comercio ao retallo existentes ao comezo do ano 2017 cae ata as 29.367 empresas, 428 menos que ano anterior, e 3.745 empresas menos que no ano 2010, sendo, como no caso dos locais, as empresas de comercio ao retallo en establecementos non especializados as que se reducen en maior número, con 2.290 menos que no ano 2010. O seu

peso relativo no total estatal mantense no 6,4%. Unha das causas do devandito comportamento é o cambio de hábitos de consumo vencellado ás compras e vendas por internet.

En termos de emprego, tal como recolle o **cadro 2.1.5. [Afiliações á Seguridade Social 2016-17: distribución segundo principais ramas de actividade]**, no ano 2017 a actividade de comercio ao retallo, agás vehículos de motor e motocicletas (CNAE 47), segue a ser con diferenza a que acolle un maior número de afiliacións á S.S., con 107.494 persoas afiliadas, o 11% do total, un 0,4% superior ás rexistradas no ano anterior. En quinto lugar en termos de afiliacións atópase a actividade de Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas (CNAE 46), con 47.585 afiliacións, o 4,9% do total de Galicia. O 30,7% do total de afiliados na actividade de comercio ao retallo pertencen ao réxime especial de autónomos, sendo esta porcentaxe do 26,3% no caso do comercio por xunto (22% no conxunto de Galicia).

• Turismo

O número de turistas rexistrados nos establecementos hoteleiros de Galicia ascendeu no ano 2017 a case catro millón e medio de persoas (**cadro 3.1.39.**), un 3,5% máis que no ano anterior, o que representa o 4,3% do número de turistas a nivel estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, tanto en termos absolutos como relativos este incremento do número de turistas é superior no caso das persoas non residentes en España que no de viaxeiros residentes en España. En termos absolutos, no último ano rexistráronse en Galicia 151.289 turistas máis, dos que 74.263 son residentes en España (2,4% máis que no ano anterior) e 77.026 persoas, residentes no estranxeiro (6,3% máis).

A devandita medra no número de viaxeiros en Galicia é dúas décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado (3,7%). Cómpre salientar que en España, o incremento experimentado tanto no caso dos viaxeiros residentes como dos non residentes é inferior ao estimado en Galicia (1,4% e 5,9%, respectivamente). Galicia segue caracterizándose polo elevado peso relativo do turismo de persoas residentes en España en com-

Viaxeiros, pernoitas e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2016-17 ⁽¹⁾
2016


	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.326.396	3.102.982	1.223.414	8.241.690	6.307.451	1.934.239	1,90
A Coruña	2.060.572	1.337.243	723.329	3.538.856	2.418.323	1.120.533	1,72
Lugo	683.581	478.197	205.384	1.070.761	834.742	236.019	1,57
Ourense	312.540	279.303	33.237	610.237	538.672	71.565	1,95
Pontevedra	1.269.703	1.008.239	261.464	3.021.836	2.515.714	506.122	2,38
España	99.840.032	49.543.245	50.296.787	331.168.945	114.239.133	216.929.812	3,32

2017

	Viaxeiros			Pernoitas			Estadia media
	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	Total	residentes en España	residentes no estranxeiro	
Galicia	4.477.685	3.177.245	1.300.440	8.778.081	6.663.771	2.114.310	1,96
A Coruña	2.064.871	1.315.585	749.286	3.694.123	2.486.434	1.207.689	1,79
Lugo	667.446	465.369	202.077	1.083.971	848.552	235.419	1,62
Ourense	307.377	273.983	33.394	609.146	535.785	73.361	1,98
Pontevedra	1.437.991	1.122.308	315.683	3.390.841	2.793.000	597.841	2,36
España	103.496.999	50.227.659	53.269.340	340.037.165	115.036.697	225.000.468	3,29

⁽¹⁾ datos 2017 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1. 39.
Viaxeiros e pernoctacións 2009-17: taxa de variación e distribución segundo orixe

⁽¹⁾ datos 2017 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1. 40.

paración co que acontece no conxunto do Estado, onde os residentes representan o 48,5% dos turistas, fronte ao 71% en Galicia.

A provincia da Coruña segue a ser a que acolle o maior número de viaxeiros, con case 2,1 millóns, superando a Pontevedra, que supera os 1,4 millóns de viaxeiros. A ralentización no ritmo de crecemento no número de turistas explícase pola caída rexistrada en Lugo e Ourense (-2,4% e -1,7%, respectivamente) en tanto que permanece practicamente constante na Coruña (0,2%). Tan só a provincia de Pontevedra presenta un mellor comportamento que no ano anterior, cunha medra do 13,3% (168.288 viaxeiros máis).

Asociado ao incremento de viaxeiros, no ano 2017 prodúcese, tanto en Galicia como en España, un aumento paralelo nas pernoitas en establecementos hoteleiros. Ao longo do último ano, as pernoitas rexistradas en establecementos hoteleiros experimentaron en Galicia unha mellora do 6,5% respecto aos datos do ano precedente, acadando case as 8,8 millóns. A taxa de incremento do número de viaxeiros en Galicia é similar á rexistrada de media no Estado, medrando significativamente máis no caso das pernoitas (2,7% en España).

A evolución do número de viaxeiros e de pernoitas explica a lixeira mellora da estadía media nos establecementos hoteleiros galegos, que se sitúa en 1,96 días (3,29 días no conxunto do Estado). En Galicia, a estadía media dos viaxeiros estranxeiros é de 1,63 días, cifra sensiblemente inferior á rexistrada no caso dos viaxeiros residentes en España (2,10 días). Como se deduce no devandito **cadro 3.1.40.**, a estadía media dos turistas estranxeiros no conxunto do Estado foi de 4,22 días e a dos viaxeiros españois, de 2,29 días. Ao igual que no ano anterior, as catro provincias galegas presentan unha estadía media moi inferior á do conxunto do Estado, se ben no caso dos residentes en España a estadía media na provincia de Pontevedra volve a ser superior á estatal (2,49 fronte a 2,29 en España).

Unha das debilidades que caracterizan o sector é a súa alta estacionalidade. Así, tal como se reflicte no **cadro 3.1.41.**, o grao máximo de ocupación hoteleira por praza en Galicia é do 66,9% e o mínimo, do 18,6%. Para o con-

xunto de España, estas porcentaxes acadan o 77,5% e o 44,8% respectivamente. No conxunto do ano, o grao de ocupación hoteleira por praza volve a aumentar en máis de dous puntos porcentuais respecto ao ano anterior, para situarse no 38,7%, porcentaxe aínda moi lonxe da media estatal, que foi do 61,1%.

A pesar do lixeiro incremento da ocupación no mes de xaneiro, o diferencial entre a ocupación máxima e mínima (agosto e xaneiro, respectivamente) aumenta en Galicia ata os 48,3 puntos, ao contrario do que sucede no conxunto do Estado onde o diferencial descende ata os 32,7 puntos.

Para analizar a evolución dos prezos recibidos polas empresas utilizamos o índice de prezos hoteleiros (IPH), que ten en conta as tarifas que aplican a todos os seus clientes, isto é, a fogares, empresas, touroperadores e axencias de viaxes. Por terceiro ano consecutivo a taxa media ponderada do IPH en Galicia presenta unha taxa de variación interanual positiva, aumentando no ano 2017 un 3,1%, unha décima superior á do ano precedente. Todas as CC.AA., agás A Rioxa, presentan unha medra deste índice de prezos, sendo o incremento medio no conxunto do Estado do 6,4%, nove décimas máis que no ano anterior.

O incremento de ocupación e de prezos favorecen unha mellora da rendibilidade das actividades hoteleiras, que se observa na análise de dous indicadores de rendibilidade do sector, como son a tarifa media diaria e os ingresos por habitación dispoñible.



Dunha banda, a tarifa media diaria mide os ingresos medios diarios obtidos por habitación ocupada. Tanto en Galicia como en España, este indicador presenta un mellor comportamento que no ano anterior, medrando en 2017 un 3,1% en Galicia (1,5% no ano anterior) fronte á mellora nun 6,4% na tarifa media no conxunto do Estado (4,2%).

Doutra banda, os ingresos medios por habitación dispoñible aumentaron ata as 24,7 euros nominais en Galicia en 2017, un 10,7% máis que no anterior (8,1% no ano anterior). O incremento medio no Estado foi de 58,7 euros, un 3,1% máis que en 2016.

Grao de ocupación e estadia media en establecementos hoteleiros en Galicia e España 2016-17 ⁽¹⁾

	Galicia		
	Grao de ocupación por praza		Estadia media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo
2016	36,0	63,6	18,0
2017	38,7	66,9	18,6

	España		
	Grao de ocupación por praza		Estadia media
	Total	Valor máximo	Valor mínimo
2016	59,8	77,8	43,4
2017	61,1	77,5	44,8



(1) datos 2017 son provisionais
 Fonte: INE, Encuesta de ocupación hotelera

3.1. 41.

O abano de posibilidades de turismo extrahoteleiro ampliase cara a novas opcións de difícil cuantificación estatística, entre as que destacan o turismo rural e as denominadas vivendas de uso turístico.

No concernente ao **turismo rural**, a súa evolución ao longo dos últimos anos segue sendo positiva atendendo ao número de viaxeiros e pernoitas, se ben este incremento é inferior ao rexistrado no ano anterior. Segundo se reflicte no **cadro 3.1.42.**, no conxunto do ano 2017 o número de viaxeiros aloxados en establecementos de turismo rural presenta unha medra do 2,2% en

relación ao ano anterior, superando lixeiramente as 218 mil persoas, en tanto que o número de pernoitas ascende a case 450 mil, un 10,7% superior ás rexistradas en 2016. Tendo en conta o mellor comportamento no conxunto do Estado, a importancia relativa da actividade en Galicia en comparación coa media española descende ata o 5,4% no caso dos viaxeiros (7,4% no caso dos residentes no estranxeiro), situándose no 4,1% no das pernoitas (3,7% nos estranxeiros).

Ao igual que se observa nos establecementos hoteleiros, a meirande parte dos viaxeiros que acoden a esta-

Turismo rural en Galicia e España 2016-17 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2016		2017		17/16	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Viaxeiros	213.382	3.633.618	218.140	4.023.984	4.758	390.366
residentes en España	153.382	2.971.327	159.440	3.233.554	6.058	262.227
residentes no estranxeiro	60.000	662.291	58.700	790.430	-1.300	128.139
Pernoitas	427.204	9.922.064	449.122	10.982.085	21.918	1.060.021
residentes en España	317.306	7.354.230	339.030	8.005.577	21.724	651.347
residentes no estranxeiro	109.898	2.567.834	110.092	2.976.508	194	408.674
Grao de ocupación por praza	(%)					
media	18,3	18,0	20,2	19,2		
fin de semana	28,2	31,8	31,4	33,5		
Estadía media (en días)	2,00	2,73	2,06	2,73		

(1) datos 2017 son provisionais

Fonte: INE, Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural

3.1. 42.

Vivendas de uso turístico (VUT) en Galicia a 20 de setembro de 2017. Oferta de prazas segundo concellos

	Prazas	
	(número)	(% sobre o total)
Sanxenxo	3.256	25,3
Barreiros	665	5,2
Foz	551	4,3
Santiago de Compostela	452	3,5
O Grove	452	3,5
Cangas	334	2,6
A Coruña	285	2,2
Viveiro	249	1,9
Fisterra	239	1,9
Carnota	224	1,7
Vigo	221	1,7
Poio	201	1,6
Bueu	193	1,5
Resto concellos	5.550	43,1

Fonte: Turismo de Galicia

3.1. 43.

blecementos de turismo rural en Galicia son de nacionalidade española. Tras o descenso dos viaxeiros estranxeiros en 1.300 persoas, no último ano aumenta a importancia relativa do turista residente en España, que se sitúa en 73,1%. O 45,9% dos viaxeiros residentes en España proceden de dentro da Comunidade, seguidos polos procedentes de Madrid (17,5% do total) e Cataluña (6,9% do total).

O grao de ocupación medio por praza en establecementos de turismo rural continuou mellorando en

2017 ata situarse en Galicia no 20,2%, fronte ao 18,3% do ano anterior, sendo tamén levemente superior á rexistrada de media en España (18,3%). Na fin de semana o grao de ocupación por praza ascende ata o 31,4% na Comunidade Autónoma e ata o 33,5% no conxunto do Estado. A estadía media nos establecementos galegos situouse en 2,06 días, próxima aos 2,73 da media estatal.

No que se refire ás **vivendas de uso turístico (VUT)**, cómpre sinalar en primeiro lugar que estas se corres-

Peregrinación a Santiago de Compostela 2016-17

	2016		2017		17/16	
	(persoas)	(%)	(persoas)	(%)	(persoas)	
Peregrinos	277.854	100	301.036	100	8,3%	23.182
Homes	144.034	51,8	153.169	50,9	6,3%	9.135
Mulleres	133.820	48,2	147.867	49,1	10,5%	14.047
Segundo camiño						
Camiño Francés	176.075	63,4	180.738	60,0	2,6%	4.663
Camiño Portugués	49.538	17,8	59.235	19,7	19,6%	9.697
Camiño do Norte	17.289	6,2	17.836	5,9	3,2%	547
Camiño Primitivo	12.089	4,4	13.684	4,5	13,2%	1.595
Camiño Inglés	9.703	3,5	11.321	3,8	16,7%	1.618
Vía da Prata	9.067	3,3	9.138	3,0	0,8%	71
Camiño Portugués da costa	2.600	0,9	6.630	2,2	155,0%	4.030
Resto camiños	1.493	0,5	2.454	0,8	64,4%	961
Nacionalidades						
Española	124.230	44,7	132.478	44,0	6,6%	8.248
Andalucía	24.952	9,0	27.472	9,1	10,1%	2.520
Madrid	23.034	8,3	24.983	8,3	8,5%	1.949
C. Valenciana	14.564	5,2	15.926	5,3	9,4%	1.362
Cataluña	13.354	4,8	13.604	4,5	1,9%	250
Galicia	8.414	3,0	9.166	3,0	8,9%	752
Estranxeira	153.624	55,3	168.558	56,0	9,7%	14.934
Italia	23.944	8,6	27.073	9,0	13,1%	3.129
Alemaña	21.220	7,6	23.227	7,7	9,5%	2.007
EE.UU.	15.236	5,5	17.522	5,8	15,0%	2.286
Portugal	13.245	4,8	12.940	4,3	-2,3%	- 305
Francia	8.868	3,2	8.835	2,9	-0,4%	- 33

Fonte: Oficina de Acogida al Peregrino

3.1. 44.

ponden coas vivendas cedidas a terceiras persoas, de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración (inferior a trinta días consecutivos), amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características establecidas por vía regulamentaria, coa peculiaridade de que poida ser ofertado por particulares na súa propia vivenda.

Segundo os datos do rexistro de empresas e actividades turísticas, a 20 de setembro Galicia conta con 2.987 vivendas de uso turístico, que representan o 45,8% dos aloxamentos turísticos e concentran o 11,1% das prazas (12.872 prazas). Territorialmente existe unha elevada concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra (40% das prazas en cada unha), e máis concretamente nos municipios costeiros e nas zonas cun grao intermedio de urbanidade. Entre os municipios destaca por riba de todos Sanxenxo, que acolle o 25,3% das prazas (3.256 VUT), seguido de Barreiros e Foz, co 5,2% e 4,3%, respectivamente. En canto ao grado de urbanización, as zonas intermedias acollen o 53,1% das prazas, sendo as sete grandes cidades as que manteñen unha inferior

proporción, por mor da presenza doutras tipoloxías de aloxamentos.

Finalmente, cómpre facer referencia aos principais datos relativos á peregrinación a Santiago de Compostela. Como reflicte o **cadro 3.1.44.**, ao longo do ano 2017 a Oficina de Peregrinacións recibiu un total de 301.036 peregrinos, 23.182 persoas máis que no ano anterior, dos que un 60% percorreron o camiño francés (180.738 persoas), e case un 20% o camiño portugués (59.235 peregrinos). Comparado co ano anterior, salienta o forte incremento rexistrado no caso do camiño portugués, con 9.697 peregrinos máis (19,6%), así como o experimentado no caso do camiño francés con 4.663 persoas máis (2,6%) e o camiño portugués da costa, con 4.030 persoas máis (155%).

Atendendo ás nacionalidades dos peregrinos, o 56% das persoas que chegaron a Santiago no último ano (168.558 peregrinos) son de nacionalidade estranxeira, entre os que destacan os italianos (27.073 persoas), alemáns (23.227 persoas) e americanos (17.522 peregrinos). Entre os peregrinos de nacionalidade española,

Transporte de mercadorías e pasaxeiros 2016-17

	Mercadorías			Pasaxeiros		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
	(en miles de tm.)		(%)	(en miles de persoas)		(%)
Estrada (1)	98.427,0	109.168,0	10,9	60.885,0	60.934,0	0,1
Ferrocarril (2)	2.058,2	2.327,4	13,1	686,0	693,2	1,0
Marítimo (3)	34.019,1	36.746,7	8,0	316,8	346,4	9,3
Marítimo (4)	1.699,0	1.716,9	1,1	1.351,2	1.463,0	8,3
Aéreo	2.957,0	3.621,7	22,5	4.528,8	4.851,8	7,1

(1) os datos de pasaxeiros refírense a transporte urbano en autobús

(2) viaxeiros de longa distancia con orixe en Galicia

(3) tráfico nos portos do Estado; os datos de pasaxeiros refírense ós pasaxeiros de cruceiros

(4) tráfico nos portos de Portos Galicia

Fonte: elaboración propia CES-Galicia

3.1. 45.

27.472 persoas chegan de Andalucía, 24.983 da Comunidade de Madrid e 15.926 peregrinos da Comunidade Valenciana.

• Transporte

As infraestruturas existentes para a provisión do servizo e a evolución da actividade económica en xeral condicionan a utilización dos diferentes medios de transporte. Deste xeito, a estrada é a vía de comunicación máis importante tanto no tráfico de pasaxeiros como de mercadorías, seguíndolle en importancia o transporte marítimo nos portos do Estado no caso das mercadorías, e a vía aérea no transporte de pasaxeiros.

No concernente ao movemento de mercadorías transportadas por estrada, Galicia rexistra no último ano un incremento do 10,9% do volume total respecto ao ano anterior, superando os cen millóns de toneladas (109,2 millóns). Tendo en conta o maior crecemento respecto ao conxunto do Estado, o seu peso relativo ascende ata o 6,3% do total estatal. Como amosa o **cadro 3.1.46.**, o peso relativo do comercio interrexional no tráfico total galego é do 22,7%, o máis reducido entre as Comunidades Autónomas peninsulares, a diferenza do que acontece no caso do comercio intrarrexional, o segundo máis elevado, por detrás de Andalucía, co 73,5% do total. Finalmente o 3,7% do total do transporte interior por estrada en Galicia ten unha orixe internacional, dúas décimas porcentuais menos que na media do Estado.

O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo (**cadro 3.1.47.**), que move aproximadamente a cuarta parte do total de mercadorías transportadas en Galicia. Tras unha medra do 8% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 36.746,7 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal), situándose novamente a autoridade portuaria da Coruña como a de maior movemento, ao acoller o 41,4% do tráfico total de mercadorías (15.198,9 miles de toneladas), seguido por Ferrol-San Cibrao, cun 37% (13.586,3 miles de toneladas) do total de mercadorías transportadas en Galicia nos portos de interese xeral.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar que todos os portos rexistran incrementos no movemento de mercadorías, salientando o comportamento da autoridade portuaria da Coruña e Ferrol-San Cibrao, cunha medra superior ao millón de toneladas (9,2% e 8,5%, respectivamente). Tan só o porto de Vigo presenta en 2017 un incremento interanual inferior á media estatal, ao medrar o movemento de mercadorías un 2,8% (7% en España), situándose este crecemento no 7,4% no caso de Marín-Pontevedra.

En termos de volume, o movemento máis importante corresponde aos graneis sólidos, con 17.111,4 miles de toneladas, un 11,4% superior ao rexistrado no ano anterior, das que o porto de Ferrol-San Cibrao move o 61,1% (10.455,8 miles de toneladas) e o da Coruña, un

Transporte interior por estrada nas CC.AA. 2016-17 ⁽¹⁾

	2016				2017				17/16
	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional	Total (en miles de tm.)	intrarrexional (%)	interrexional (%)	internacional	
Andalucía	203.768	72,5	24,3	3,2	233.185	74,0	22,9	3,1	14,4
Aragón	91.567	41,1	53,7	5,2	94.870	43,2	52,0	4,8	3,6
Asturias	38.842	57,0	41,4	1,5	44.925	61,1	36,9	2,0	15,7
Baleares	22.585	89,4	10,4	0,2	22.279	81,2	18,7	0,1	-1,4
Canarias	40.300	100,0	0,0	-	40.664	100,0	0,0	-	0,9
Cantabria	29.274	38,4	57,8	3,7	27.796	42,8	53,2	4,0	-5,0
Castela-A Mancha	103.851	36,6	60,8	2,5	116.853	35,4	62,6	2,0	12,5
Castela e León	132.479	51,9	45,5	2,7	142.785	53,0	44,4	2,6	7,8
Cataluña	242.222	67,0	26,3	6,8	256.038	66,9	26,0	7,1	5,7
C. Valenciana	205.834	58,6	37,9	3,5	239.089	61,4	35,4	3,2	16,2
Extremadura	31.488	54,3	42,1	3,6	33.758	50,3	45,3	4,4	7,2
Galicia	98.427	72,3	23,3	4,4	109.168	73,5	22,7	3,7	10,9
Madrid	115.132	40,8	56,4	2,8	133.519	43,0	54,3	2,6	16,0
Murcia	70.433	47,9	47,5	4,6	73.672	45,7	49,9	4,4	4,6
Navarra	46.983	42,5	51,7	5,7	44.824	35,9	57,1	7,0	-4,6
País Vasco	91.691	46,3	46,6	7,1	97.157	45,1	48,3	6,6	6,0
A Rioxa	15.718	32,3	64,8	2,9	17.596	28,9	66,8	4,4	11,9
Ceuta e Melilla	1.188	90,1	8,1	-	1.095	63,4	27,8	-	-7,8
Total	1.581.783	57,3	38,6	4,1	1.729.273	57,9	38,2	3,9	9,3

(1) toneladas transportadas por cabezas tractoras e camiões con capacidade de carga útil superior a 3,5 tm. e con peso superior a 6 tm., matriculados en España
 Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte de mercancías por carretera*

3.1. 46.

29,6% (5.057 miles de toneladas). Como reflicte o citado **cadro 3.1.47.**, o transporte de graneis líquidos é o segundo en importancia en canto a volume, que, tras un incremento do 5,6%, acada os 11.365,6 miles de toneladas, das que o 77,3% corresponden ao porto da Coruña (8.788,9 miles de toneladas).

O tráfico de pesca fresca en Galicia representa o 58,6% do total realizado nos portos de interese xeral no conxunto do Estado, acadando as 142,3 miles de toneladas no ano 2017, un 10% máis que no exercicio precedente (4,2% en España). Entre os portos galegos cómpre mencionar a importancia do porto de Vigo ao mover en torno ao 63% das descargas de pesca fresca, se ben foi A Coruña o que experimentou o maior incremento interanual cun 17%.

No que respecta aos portos xestionados por Portos de Galicia, no último ano experimentouse unha ralentización no ritmo de crecemento do volume de mercadorías movidas neses portos. Tras unha medra do 1,1%

respecto ao ano anterior, movéronse un total de 1.716,9 miles de toneladas, dos que o porto de Cariño, tras un incremento do 4,5%, mantense como o porto máis importante en termos de volume, con 549,2 miles de toneladas, Séguenlle en importancia os portos de Ribadeo, con 506,8 miles de toneladas, e Brens-Cee, con 354,5 mil toneladas. Estes tres portos concentran o 82,2% do volume total de mercadoría en 2017 fronte aos 79,9% do ano anterior (**cadro 3.1.48.**).

No que respecta ao transporte marítimo de pasaxeiros nos portos de interese xeral, Galicia presenta no ano 2017 un incremento dun 9,3% no caso dos cruceiros para situarse nas 346.375 persoas, o 3,7% do total estatal. Esta cifra ven motivada polo comportamento da Autoridade portuaria da Coruña, cunha medra de 57.334 pasaxeiros, que compensan a caída rexistrada en Vigo (29.035 pasaxeiros menos). No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo de case 247.000 viaxeiros, xunto co aumento nas autoridades portuarias de

Tráfico de mercadorías nos portos de interese xeral 2016-17

	Graneis líquidos		Graneis sólidos		Mercadoría xeral	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
	(en tm.)					
Total	10.759.287	11.365.577	15.353.884	17.111.367	7.209.333	7.503.186
A Coruña	8.169.622	8.788.868	4.345.101	5.057.024	1.012.375	914.675
Ferrol-San Cibrao	2.345.049	2.315.235	9.406.039	10.455.814	755.200	779.443
Marín-Ría de Pontevedra	4	-	1.047.281	915.820	1.274.448	1.584.239
Vigo	60.452	67.774	234.910	261.609	3.566.241	3.637.976
Vilagarcía	184.160	193.700	320.553	421.100	601.069	586.853
Total Portos do Estado	167.583.317	178.592.743	91.993.448	101.040.382	236.031.222	252.534.718
Galicia / España (%)	6,4	6,4	16,7	16,9	3,1	3,0

	Pesca fresca		Avituallamento e tráfico local		Total	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017
	(en tm.)					
Total	129.369	142.269	567.255	624.344	34.019.128	36.746.743
A Coruña	43.690	51.102	349.007	387.214	13.919.795	15.198.883
Ferrol-San Cibrao	267	219	12.268	35.620	12.518.823	13.586.331
Marín-Ría de Pontevedra	2.046	1.795	24.362	19.963	2.348.141	2.521.817
Vigo	83.366	89.153	175.405	177.340	4.120.374	4.233.852
Vilagarcía	-	-	6.213	4.207	1.111.995	1.205.860
Total Portos do Estado	232.934	242.652	13.663.714	12.546.887	509.504.635	544.957.382
Galicia / España (%)	55,5	58,6	4,2	5,0	6,7	6,7

Fonte: Ministerio de Fomento, *Transporte marítimo*

3.1. 47.

Tráfico de mercadorías nos portos xestionados por Portos de Galicia 2016-17

	2016		2017		17/16
	(en tm.)	(% / total)	(en tm.)	(% / total)	(%)
Total	1.699.035,1		1.716.883,5		1,1
Cariño	525.520,9	30,9	549.162,2	32,0	4,5
Ribadeo	487.370,8	28,7	506.773,9	29,5	4,0
Brens-Cee	345.222,0	20,3	354.538,0	20,7	2,7
Pobra do Caramiñal	139.609,0	8,2	115.281,9	6,7	-17,4
Viveiro-Celeiro	161.710,4	9,5	153.459,9	8,9	-5,1
Ribeira	38.591,0	2,3	23.206,0	1,4	-39,9
Burela	-	-	13.946,5	-	-
Laxe	-	-	-	-	-
Outros (1)	1.011,0	0,1	515,1	0,0	-49,1

(1) Outros portos con tráfico comercial esporádico: Pontecesures, Portonovo e Canido.

Fonte: Portos de Galicia

3.1. 48.

Tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral 2016-17

	Liña regular (augas interiores)			Cruceiros		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
			(%)			(%)
Total	1.421.617	1.677.118	18,0	316.777	346.375	9,3
A Coruña	12.142	10.871	-10,5	126.735	184.069	45,2
Ferrol-San Cibrao	9.852	9.670	-1,8	20.061	20.379	1,6
Marín	92.510	101.735	10,0	-	143	-
Vigo	1.305.371	1.552.276	18,9	169.223	140.188	-17,2
Vilagarcía	1.742	2.566	47,3	758	1.596	110,6
Total Portos do Estado	23.799.977	24.743.923	4,0	8.693.871	9.274.209	6,7
Galicia / España (%)	6,0	6,8		3,6	3,7	

Fonte: Autoridades Portuarias e Puertos del Estado

3.1. 49.

Marín-Pontevedra e Vilagarcía, explican a medra do 18% nos portos de interese xeral de Galicia (**cadro 3.1.49.**).

De acordo coas cifras ofrecidas polo Ministerio de Fomento, a cota modal do ferrocarril en Galicia acadá menos do 2% do total de mercadorías transportadas (toneladas), mentres que en España é do 4%, acadando cotas en torno ao 20% en Alemaña ou Francia. O tráfico ferroviario de mercadorías en Galicia foi de 2,3 millóns de toneladas, o que representa o 11,9% do total do Estado.

A nivel provincial, A Coruña, con 1,6 millóns de toneladas, representa o 66,7% do tráfico ferroviario de mercadorías total galego e o 7,9% do total estatal (**cadro 3.1.50.**). O transporte de pasaxeiros en ferrocarril medra un 6,6% en relación ao ano anterior ascendendo o número de persoas subidas nas estacións galegas ata os 4,5 millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 7,6%, acadando os 3,8 millóns de persoas, mentres que os de longa o fan nun 1%, situándose en 693.000 viaxeiros.

A provincia da Coruña acolle o 56,7% dos viaxeiros de media distancia convencional (2.176.301 persoas), seguida pola provincia de Pontevedra, co 34,5% do total (1.324.274 viaxeiros). No que respecta á longa distancia, as que presentan un maior número de viaxeiros subidos nas súas estacións son a provincia de Ourense,

con 254.176 persoas (36,7%), e a da Coruña, con 251.963 viaxeiros (36,6%).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado ao longo de 2017 no sistema aeroportuario galego aumenta significativamente respecto ao ano anterior, acadando un total de 3.621,7 toneladas transportadas (22,5% máis que en 2016). A pesar deste incremento, supón tan só o 0,4% do total estatal. Como reflicte o **cadro 3.1.51.**, o aeroporto de Santiago de Compostela move un total de 2.693,3 toneladas, o 74,4% do total, sendo Vigo o que experimenta o maior incremento, cun 62% máis que no ano anterior.

Finalmente, no concernente á evolución do tráfico aéreo de pasaxeiros, a pesar do dinamismo do sector turístico no último ano, no conxunto do sistema aeroportuario galego experimentouse un incremento inferior ao do total dos aeroportos españois tanto no caso do número total de operacións como do número de pasaxeiros.

O movemento de aeronaves nos aeroportos galegos aumenta un 3,3% respecto ao ano precedente, rexistrándose esta medra nos tres aeroportos galegos, salientando o incremento de máis de 920 operacións no aeroporto de Vigo (8% respecto ao ano anterior). Este incremento tradúcese nunha medra do número de pasaxeiros no sistema aeroportuario galego do 7,1%, su-

Tráfico ferroviario de viaxeiros e mercadorías en Galicia e España 2016-17 ⁽¹⁾

	2016			2017			17/16		
	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías	Viaxeiros		Mercadorías
	Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia		Media distancia	Longa distancia	
			(en tm.)			(en tm.)		(%)	
Galicia	3.566.623	685.977	2.058.179	3.838.299	693.171	2.327.368	7,6	1,0	13,1
A Coruña	2.048.845	256.320	1.274.992	2.176.301	251.963	1.552.104	6,2	-1,7	21,7
Lugo	46.295	56.548	117.791	54.151	54.460	124.343	17,0	-3,7	5,6
Ourense	259.242	239.318	102.701	283.573	254.176	107.606	9,4	6,2	4,8
Pontevedra	1.212.241	133.791	562.695	1.324.274	132.572	543.315	9,2	-0,9	-3,4
España	30.350.157	31.792.128	16.674.144	31.092.671	32.873.812	19.633.237	2,4	3,4	17,7

(1) viaxeiros subidos; mercadorías en orixe
 Fonte: Renfe Operadora

3.1. 50.

Tráfico comercial aéreo 2016-17 ⁽¹⁾

Operacións			
	2016	2017	17/16
Aeropertos galegos	48.471	50.077	3,3
A Coruña	15.636	16.078	2,8
Santiago	21.278	21.520	1,1
Vigo	11.557	12.479	8,0
Total España	2.045.106	2.174.263	6,3
Galicia / España (%)	2,4	2,3	
Pasaxeiros			
	2016	2017	17/16
Aeropertos galegos	4.528.791	4.851.762	7,1
A Coruña	1.063.291	1.141.242	7,3
Santiago	2.511.494	2.644.925	5,3
Vigo	954.006	1.065.595	11,7
Total España	230.231.359	249.223.044	8,2
Galicia / España (%)	2,0	1,9	
Mercadorías			
	2016	2017	17/16
Aeropertos galegos	2.957.002	3.621.735	22,5
A Coruña	184.307	157.169	-14,7
Santiago	2.296.632	2.693.251	17,3
Vigo	476.063	771.315	62,0
Total España	798.592.161	918.305.644	15,0
Galicia / España (%)	0,4	0,4	

(1) non se inclúen outras clases de tráfico (militares, de estado, privados e traballos aéreos)
 Fonte: AENA, *Informes estadísticos anuales de los aeropuertos españoles*

3.1. 51.

Entidades de crédito en Galicia e España 2010-17 ⁽¹⁾: oficinas, depósitos do sector privado e créditos

Oficinas				Depósitos (2)				Créditos		
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España	Galicia				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes	
			Totais	Depósitos à vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo				
(en millóns de euros)										
2010	2.357	15	1	53.035,0	8.821,8	14.199,7	30.013,5	70.509,1	2.612,0	67.897,2
2011	2.136	15	1	51.377,6	7.655,0	14.275,8	29.446,9	64.075,9	2.584,4	61.491,6
2012	2.005	14	1	50.851,4	7.347,6	14.352,0	29.151,7	55.021,1	3.060,9	51.960,2
2013	1.834	9	1	52.763,7	7.973,6	15.417,4	29.372,7	50.104,3	2.710,0	47.394,3
2014	1.727	9	1	55.342,4	9.566,5	16.939,2	28.836,8	44.911,7	3.008,5	41.903,2
2015	1.703	8	1	55.550,7	30.178,7	-	25.372,0	43.020,2	2.805,4	40.214,8
2016	1.591	8	1	57.069,2	35.220,3	-	21.848,9	42.562,8	2.443,3	40.119,5
2017	1.553	8	1	58.228,0	40.887,7	-	17.340,3	40.042,4	1.964,6	38.077,8
Entidades de depósito	Establecimientos financieros de crédito	Banco de España	España				Totais	AA.PP.	Outros sectores residentes	
			Totais	Depósitos à vista	Depósitos de aforro	Depósitos a prazo				
(en millóns de euros)										
2010	42.894	270	23	1.148.252,9	263.438,8	211.346,0	673.468,0	1.856.783,3	74.492,0	1.782.291,3
2011	39.843	260	16	1.109.656,0	267.600,5	203.004,2	639.051,2	1.798.025,7	82.989,2	1.715.036,6
2012	37.903	239	16	1.100.443,7	264.840,6	199.112,4	636.490,7	1.634.654,9	96.890,4	1.537.764,5
2013	33.527	186	16	1.134.914,5	290.344,4	206.530,4	638.039,7	1.469.010,4	76.626,6	1.392.383,8
2014	31.817	182	16	1.139.756,4	337.486,4	221.985,3	580.284,6	1.422.890,3	94.697,0	1.328.193,3
2015	30.921	166	16	1.135.872,1	649.875,8	-	485.996,3	1.360.361,1	85.708,6	1.274.652,5
2016	28.643	164	16	1.140.814,4	753.539,6	-	387.274,8	1.306.395,9	83.866,3	1.222.529,5
2017	27.320	160	16	1.146.916,9	857.075,0	-	261.973,1	1.273.446,0	74.339,5	1.199.106,5

(1) datos a decembro de cada ano; non se inclúen as oficinas no estranxeiro

(2) depósitos á vista: instrumentos financeiros no que as cantidades depositadas se poden retirar ou transferir en calquera momento, sin previo aviso á entidade

depósitos de aforro: instrumentos financeiros nos que o tenedor, previo aviso, ten que agardar un período fixo para poder dispor dos seus fondos

depósito a prazo: os contratados por un prazo de tempo determinado. Nun sentido máis amplo tamén se recolle nesta denominación a algúns activos financeiros non negociables

Fuente: IGE

3.1. 52.

perando deste xeito os 4.850.000 persoas en 2017 (1,9% do total estatal). O devandito incremento rexístrase nos tres aeroportos galegos aínda que con distinta intensidade, sendo novamente Vigo o de maior crecemento en termos porcentuais, cun 11,7% (111.589 pasaxeiros máis), en tanto que Lavacolla lidera o crecemento en termos absolutos, con 133.431 pasaxeiros máis (5,3%). O aeroporto de Santiago segue sendo o que acolle o maior número de viaxeiros, con 2.644.925 de persoas (o 54,5% do total de Galicia), seguido do aeroporto de Alvedro, con 1.141.242 pasaxeiros (23,5%), e finalmente o aeroporto de Peinador, que supera por primeira vez dende 2010 o millóns de pasaxeiros (22% do total galego).

• Sector financeiro

Ao longo do ano 2017 continúa o proceso de reestruturación do sistema financeiro, rexistrándose unha re-

dución do número de oficinas das entidades de crédito. Neste último ano rexístranse en Galicia un total de 1.562 oficinas de entidades de crédito, 972 menos das existentes no ano 2008 e 38 menos das rexistradas en 2016.

O devandito descenso prodúcese nas catro provincias galegas e en gran parte dos concellos galegos. No ano 2017 hai en Galicia 41 concellos que non contan con ningunha oficina (24 en 2008) e outros 89 que tan só dispoñen dunha sucursal (56 en 2008). É importante mencionar a evolución experimentada na provincia de Ourense, onde 25 dos 92 concellos non contan con oficinas das entidades de crédito e 41 so teñen unha (10 e 18, respectivamente).

No concernente ao emprego, o número de afiliacións nos servizos financeiros (CNAE 64) a 31 de decembro de 2017 ascende en Galicia a 9.512 afiliacións, cifra




Oficinas das entidades de crédito ⁽¹⁾

	2008	2013	2014	2015	2016	2017
A Coruña	994	746	704	699	648	631
A Coruña	306	210	196	193	174	172
Ferrol	60	42	41	40	35	32
Santiago de Compostela	113	85	80	82	72	70
resto de concellos	515	409	387	384	367	357
Lugo	336	273	261	257	248	244
Lugo	89	65	62	60	57	57
resto de concellos	247	208	199	197	191	187
Ourense	375	242	224	219	204	201
Ourense	123	84	78	76	67	67
resto de concellos	252	158	146	143	137	134
Pontevedra	829	582	547	547	500	486
Pontevedra	89	60	56	55	49	47
Vigo	317	219	205	206	181	177
resto de concellos	423	303	286	286	270	262
Total	2.534	1.843	1.736	1.722	1.600	1.562

(1) datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE

3.1. 53.

Créditos en Galicia e España 2009-17



Fonte: IGE

3.1. 54.

practicamente igual á do ano anterior (9.499) e case cinco mil menos que no ano 2009 (14.370 afiliacións).

O volume de depósitos do sector privado nas entidades de crédito medra nun 2%, fronte ao incremento de tan un 0,5% no conxunto do Estado. O incremento no volume de depósitos, tanto en Galicia como en España, afecta aos depósitos á vista, diminuindo o volume dos depósitos a prazo, directamente afectados polos baixos tipos de xuro oficiais. O montante dos depósitos do sector privado en entidades de crédito en Galicia ascende en 2017 a 58.228 millóns de euros, o 5,1% do total estatal.

O valor dos créditos concedidos polas entidades en Galicia continúa coa súa tendencia descendente iniciada en 2011, situándose nos 40.042,4 millóns de euros, un 5,9% inferior ao rexistrado no ano 2016 (-2,5% en España). No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia caen os créditos concedidos ás Administracións públicas (19,6% menos que no ano anterior) e diminúen tamén os concedidos aos restantes sectores residentes, aínda que en moita menor medida (-5,1%). 

3.2. Demografía empresarial

O ano 2017 presenta un novo incremento do número de empresas con traballadores inscritas, se ben o seu ritmo de crecemento foi inferior ao do ano anterior. Asemade, redúcese o número de sociedades mercantís constituídas. Dunha banda, o número de sociedades inscritas medra un 0,5% respecto ao ano anterior acadando as 82.273 sociedades, o 6,2% do total estatal. Por contra, o número de sociedades mercantís constituídas descende máis dun 10%, máis de tres puntos por riba do acontecido no conxunto do Estado, acadando as 4.066 sociedades (4,3% total estatal). En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes, situouse en Galicia en 15 sociedades fronte ás 20,3 en España.

O número de “traballadores autónomos propiamente ditos” descende por terceiro ano consecutivo, situándose no último ano en 139.553 persoas, o que representa o 7,1% do total estatal. Comparado co ano anterior, esta caída foi do 2,1% fronte ao 0,5% en España.

Galicia continúa en 2017 coa tendencia descendente iniciada en 2014 no concernente á disolución de socie-

dades, o que contrasta coa medra experimentada no conxunto do Estado. Tras unha caída do 4,5%, o número de sociedades disoltas sitúase en Galicia en 1.428, o que representa o 6,6% do total estatal. O índice de rotación, entendido como o número de sociedades disoltas por cada cen constituídas, volve a aumentar no último ano en Galicia para situarse nas 35,1 empresas, sendo esta rateo de 22,8 empresas en España.

Empresas inscritas na Seguridade Social

Os datos proporcionados pola Seguridade Social (S.S.) refírense ás empresas con traballadores inscritas na S.S., obtidos agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal; así como aos traballadores autónomos inscritos.

Ao longo do ano 2017 ralentízase o incremento do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social, ao medrar un 0,5% respecto ao ano anterior, medio punto porcentual menos que en 2016. A 31 de decembro de 2017, o número de empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia ascendeu a

Empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2011-2017 ^{(1) (2)}

	<u>Galicia</u>	<u>España</u>	<u>Galicia / España (%)</u>	<u>Galicia (taxa de variación interanual)</u>	<u>España</u>
2011	84.808	1.292.153	6,56		
2012	81.616	1.248.381	6,54	-3,8	-3,4
2013	80.118	1.246.167	6,43	-1,8	-0,2
2014	80.300	1.255.613	6,40	0,2	0,8
2015	81.054	1.286.565	6,30	0,9	2,5
2016	81.858	1.312.345	6,24	1,0	2,0
2017	82.273	1.326.161	6,20	0,5	1,1

	<u>2016</u>	<u>2017</u>	<u>17/16</u>	<u>(%)</u>
Galicia	81.858	82.273	415	0,5
A Coruña	33.772	34.106	334	1,0
Lugo	11.658	11.673	15	0,1
Ourense	9.878	9.845	-33	-0,3
Pontevedra	29.977	30.173	196	0,7

(1) empresas con traballadores inscritas o último día de cada período;

unha mesma empresa pode ter centros de traballo en varias provincias, polo que a suma dos totais provinciais non ten porque coincidir co total da C.A.

(2) Empresas con traballadores, obtidas agrupando Contas de cotización co mesmo Número de Identificación Fiscal. Inclúense o Réxime Xeral (excepto Sistema Especial de Empregados de Fogar), o Réxime da Minería do Carbón e o Réxime Especial dos Traballadores do Mar (conta allea). Do sector público exclúense "Administración Pública e Defensa; Seguridade Social obrigatoria".

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, Empresas inscritas en la Seguridad Social

3.2. 1.

82.273 sociedades (415 máis que na mesma data do ano anterior), o que representa o 6,20% do total estatal.

Ao igual que acontece nos anos anteriores, a evolución do número de empresas no conxunto do Estado presenta un comportamento máis positivo que en Galicia, aumentando en 2017 un 1,1% respecto ao ano anterior. Dende o comezo da recuperación económica no ano 2014, a taxa de variación media anual acumulada en Galicia foi do 0,7%, case un punto porcentual menos que en España (1,6%). En termos absolutos, entre o 31 de decembro de 2013 e 2017 as empresas inscritas aumentaron en Galicia en 2.155 sociedades, o que representa tan só o 2,7% do incremento total en España (79.994 empresas).

Por terceiro ano consecutivo o número de empresas inscritas na S.S aumentou en todas as Comunidades Autónomas, salientando os incrementos de Comunidades como Illas Baleares (2,9%) ou Extremadura e Madrid (2%). A medra rexistrada en Galicia supera tan só á experimentada en Castela e León e País Vasco, cun 0,2%, e en Aragón e Ceuta e Melilla, co 0,1%.

Tal como mostra o **cadro 3.2.2.**, as taxas de crecemento do número de empresas son positivas ao longo de todo o ano, pero ao igual que en 2016, en todos os meses presentan un menor ritmo que a media de crecemento estatal.


No que se refire aos datos das catro provincias galegas, os datos de decembro de 2017 mostran a Ourense como a única provincia galega que perde empresas (33 menos), aumentando en tan só 15 na provincia de Lugo. Tanto en termos absolutos como relativos, os maiores incrementos rexístranse na Coruña e Pontevedra, con 334 e 196 empresas máis, respectivamente (1% e 0,7%).

A Coruña continúa sendo a provincia galega que rexistra un maior número de empresas inscritas na S.S., con 34.106 sociedades a 31 de decembro de 2017, seguida de Pontevedra con 30.173 empresas.

Atendendo á distribución segundo grandes sectores de actividade, o maior incremento en termos absolutos dáse no sector servizos (406 empresas máis respecto ao ano anterior, un 0,7%), por diante do sector primario



Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2016-17: evolución mensual (1)



(1) Variacións sobre igual período ano anterior

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.2. 2.

Empresas inscritas na Seguridade Social en Galicia e España 2016-17: distribución sectorial e segundo titularidade

	Galicia			España		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
Total	81.858	82.273	0,5	1.312.345	1.326.161	1,1
Primario	5.589	5.647	1,0	113.495	112.924	-0,5
Industria	7.329	7.304	-0,3	109.127	109.174	0,0
Construción	8.077	8.053	-0,3	113.485	119.103	5,0
Servizos	60.863	61.269	0,7	976.238	984.960	0,9
Total	81.858	82.273	0,5	1.312.345	1.326.161	1,1
Persoa física	33.874	33.834	-0,1	509.197	511.183	0,4
Persoa xurídica	47.984	48.439	0,9	803.148	814.978	1,5

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Empresas inscritas en la Seguridad Social*

3.2. 3.

(58 empresas máis, un 1% de incremento). Por contra, o sector industrial e a construción presentan unha redución do 0,3% (25 e 24 empresas menos, respectivamente). Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 74,5% das sociedades inscritas, dúas décimas menos que no conxunto do Estado, seguido polo sector da construción, con 9,8% (9% en España), e a industria, cun 8,9% (8,2%). Con respecto ao total estatal, **cadro 3.2.3.**, cómpre mencionar que o maior diferencial apréciase no sector primario, que acolle ao 6,9% das empresas galegas (5.647 empresas) inscritas fronte ao 8,5% en España.

Segundo os datos publicados polo Ministerio de Empleo y Seguridad Social, tanto o sector primario como o dos servizos presentan unha medra nas catro provincias galegas, en tanto que nas provincias de Lugo e Ourense descenden as empresas nas actividades industriais e na construción.

O devandito **cadro 3.2.3.** mostra a evolución do número de empresas clasificadas en función da súa titularidade, diferenciando entre “persoa física” e “persoa xurídica”, realizándose a asignación a través da estrutura do NIF. A 31 de decembro de 2017 mantense rela-

Traballadores autónomos propiamente ditos en Galicia e España 2017: principais características
 (1)

	2017				17/16		
	Galicia		España		Galicia / España	Galicia	España
		(%)		(%)	(%)	(%)	
Total	139.553	100	1.962.774	100	7,1	-2,1	-0,5
sector de actividade							
agricultura	31.242	22,4	231.403	11,8	13,5	-4,0	-1,4
industria	6.195	4,4	86.851	4,4	7,1	-3,3	-1,9
construción	16.419	11,8	211.620	10,8	7,8	-2,5	1,3
servizos	85.697	61,4	1.432.900	73,0	6,0	-1,2	-0,6
situación profesional							
sen asalariados	110.578	79,2	1.535.472	78,2	7,2	-2,6	-0,8
con asalariados	28.975	20,8	427.302	21,8	6,8	0,0	0,4
sen pluriactividade	132.966	95,3	1.854.352	94,5	7,2	-2,5	-0,9
con pluriactividade	6.587	4,7	108.422	5,5	6,1	7,8	6,9
sexo							
homes	80.837	57,9	1.277.590	65,1	6,3	-2,0	-0,6
mulleres	58.716	42,1	685.184	34,9	8,6	-2,3	-0,3
idade							
< 25 anos	1.764	1,3	36.169	1,8	4,9	-9,9	-3,1
25-39 anos	32.257	23,1	508.634	25,9	6,3	-6,1	-3,8
40-54 anos	63.318	45,4	901.724	45,9	7,0	-1,0	-0,1
55 ou máis anos	42.214	30,2	516.247	26,3	8,2	-0,2	2,4
nacionalidade							
españóis	135.646	97,2	1.772.487	90,3	7,7	-2,3	-1,3
estranxeiros	3.907	2,8	190.287	9,7	2,1	6,0	7,1
antigüidade no negocio							
< 6 meses	7.409	5,3	140.843	7,2	5,3	-8,0	-6,8
6-11 meses	7.887	5,7	136.407	6,9	5,8	-7,8	-5,4
1-3 anos	22.237	15,9	358.569	18,3	6,2	-7,7	-3,6
3-5 anos	16.078	11,5	239.943	12,2	6,7	10,2	10,6
5 ou máis anos	85.942	61,6	1.087.012	55,4	7,9	-1,5	-0,2
base de cotización							
mínima	108.256	77,6	1.694.332	86,3	6,4	-2,2	-0,2
entre mínima e 1,5 veces mínima	15.247	10,9	109.255	5,6	14,0	4,3	7,6
1,5-2 veces mínima	9.376	6,7	61.020	3,1	15,4	-4,8	-8,0
2-3 veces mínima	5.980	4,3	83.251	4,2	7,2	-10,4	-8,9
máis de 3 veces mínima	694	0,5	14.916	0,8	4,7	-4,4	-9,4

(1) datos a 31 de decembro
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2. 4.


tivamente estable a distribución entre persoas físicas e xurídicas, de xeito que case 59 de cada 100 empresas corresponden a persoas xurídicas (58,9%) e as restantes son persoas físicas (41,1%), situándose estas porcentaxes en España no 61,5% no caso das persoas xurídicas e no 38,5% no das persoas físicas. En relación ao ano anterior, Galicia rexistra un incremento do número de persoa xurídica do 0,9% (1,5% no conxunto do Estado), descendendo nun 0,1% o número de persoas físicas (medra un 0,4% en España).

• Perfil do traballador autónomo

O número de traballadores afiliados por conta propia na Seguridade Social en Galicia a 31 de decembro de 2017 descende ata as 223.303 persoas (213.511 no réxime especial de traballadores autónomos), dos que 139.553 persoas son “autónomos propiamente ditos”, é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tam pouco son colaboradores familiares nin están rexistra-



Traballadores autónomos afiliados 2009-17: taxa variación interanual



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2. 5.

dos como parte dalgún colectivo especial de traballadores.

A semellanza do acontecido nos dous anos anteriores, en 2017 descende novamente o número de autónomos propiamente ditos (2,1% menos), sendo este descenso sensiblemente máis acusado que no conxunto do Estado (0,5%). Deste xeito, o seu peso relativo no Estado continua reducíndose para situarse no 7,1%, unha décima menos que no pasado exercicio.

Os datos recollidos no **cadro 3.2.4.** amosan que a caída no número de traballadores autónomos rexístrase tanto en homes como en mulleres, e afecta a todos os sectores produtivos e grandes grupos de idade. Asemade, este descenso orixinouse en exclusiva na categoría “sen asalariados” (2,6% menos), manténdose constante na de “autónomos con asalariados”. O incremento prodúcese tan só no caso das persoas estranxeiras, entre os autónomos que levan no seu negocio de tres a cinco anos, e nos que presentan unha base de cotización entre a mínima e 1,5 veces a mínima. Así mesmo, aínda que as fontes non se poden equiparar completamente, a Enquisa de Poboación Activa mostra que, a diferenza do acontecido no ano anterior, en 2017 experimentase unha medra do 4,2% no número de empresarios con asalariados (2.700 per-

soas) fronte a unha redución do 0,7% dos traballadores independentes ou empresarios sen asalariados (1.000 menos).

Tal e como sinala o Ministerio de Empleo y Seguridad Social, o perfil maioritario dos empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

En comparación co perfil medio no conxunto do Estado, cómpre resaltar tanto a elevada presenza relativa dos autónomos galegos no sector agrícola, que representan o 13,5% do total estatal neste sector, como o maior peso das mulleres (8,6% do total estatal) e a presenza de maiores de 55 anos (8,2%). Asemade, cómpre mencionar que aqueles autónomos que teñen unha base de cotización entre a mínima e dúas veces a mínima supoñen o 14,5% do total estatal. Por contra, os autónomos de nacionalidade estranxeira tan só representan o 2,1% dos autónomos estranxeiros en España, os cotizantes por unha base de cotización de máis de tres veces a base mínima, o 4,7%, e os menores de 25 anos, o 4,9%.

Sociedades mercantís creadas, que amplían capital e disoltas en Galicia e España 2017 (1)

	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Constituídas	4.139	1.799	386	437	1.517	95.344
Anónimas	14	4	-	3	7	405
Limitadas	4.010	1.744	380	425	1.461	92.613
Outras	115	51	6	9	49	2.326
Amplían capital	1.312	556	129	129	498	30.334
Anónimas	60	25	4	8	23	1.611
Limitadas	1.226	517	123	118	468	28.187
Outras	26	14	2	3	7	536
Extinción	1.444	610	154	110	570	28.769
Anónimas	56	24	4	6	22	2.236
Limitadas	1.266	541	142	99	484	24.665
Outras	122	45	8	5	64	1.868

Capital subscrito

(en miles de euros)

Sociedades	317.918,3	72.889,5	12.507,6	179.864,2	52.657,1	5.290.993,2
Anónimas	1.198,0	458,0	-	320,0	420,0	232.879,6
Limitadas	315.566,8	72.180,9	12.445,1	179.401,7	51.539,2	4.928.526,1
Outras	1.153,6	250,6	62,5	142,5	697,9	129.587,5

Capital desembolsado

(en miles de euros)

Sociedades	317.683,9	72.844,5	12.507,6	179.789,8	52.542,1	5.057.478,6
Anónimas	963,6	413,0	-	245,6	305,0	-
Limitadas	315.566,8	72.180,9	12.445,1	179.401,7	51.539,2	4.928.526,1
Outras	1.153,6	250,6	62,5	142,5	697,9	128.952,5

Capital desembolsado das que amplían capital

(en miles de euros)

Sociedades	588.667,6	238.913,8	31.739,9	49.946,2	268.067,8	40.550.138,0
Anónimas	104.346,8	39.101,5	440,3	3.455,6	61.349,4	19.633.181,5
Limitadas	480.542,6	196.530,0	31.072,6	46.408,3	206.531,7	20.338.840,9
Outras	3.778,3	3.282,3	227,0	82,3	186,7	578.115,7

(1) Datos provisionais
Fonte: Registro Mercantil Central

3.2. 6.
Dinámica empresarial

A análise da dinámica empresarial realízase fundamentalmente a partir dos datos do Rexistro Mercantil Central, que fan referencia ao número de sociedades creadas e inscritas no Rexistro, entendendo por tales as sociedades creadas no ano de referencia, independentemente da data na que comezaron a realizar as súas operacións.


As actas de constitución de sociedades descenderon ao longo do ano 2017 tanto en Galicia como en España.

Tras un descenso do 10,2% en relación ao ano anterior, 3,3 puntos porcentuais superior á media estatal, o número de sociedades mercantís creadas en Galicia en 2017 sitúase en 4.139 sociedades. En relación ao total estatal, Galicia acolle o 4,3% das sociedades constituídas en España.


Tomando como referencia temporal o comezo da recuperación económica, os datos do Rexistro Mercantil Central indican que a taxa de crecemento anual acumulativa ascende en España ata o 0,1%, ao contrario do acontecido en Galicia, onde o número de sociedades

Sociedades mercantís constituídas e extinguidas en Galicia e España 2008-17

Sociedades mercantís constituídas



Sociedades mercantís extinguidas



Fonte: Registro Mercantil Central

3.2. 7.

mercantís constituídas descende un 1,3% anual. Como se aprecia no **cadro 3.2.7.**, no conxunto do Estado o número de empresas constituídas descende en 2015 e 2017, mentres que en Galicia dende a recuperación económica descende a constitución de sociedades todos os anos agás en 2016.

O devandito descenso do número de sociedades mercantís constituídas en Galicia entre os anos 2017 e 2016 prodúcese nas catro provincias galegas. Os datos do Rexistro Mercantil reflicten que Pontevedra é a provincia que presenta a maior caída en termos absolutos (228 sociedades menos), por diante da Coruña (155 menos), mentres que en termos porcentuais, as taxas de varia-

ción interanual máis negativas corresponden a Lugo e Pontevedra (16,1% e 13,1%, respectivamente). Tras esta evolución, na provincia da Coruña constituíronse un total de 1.799 sociedades mercantís e en Pontevedra, 1.517 sociedades mercantís, o que supón o 80,1% das sociedades constituídas na Comunidade Autónoma. Dende o inicio da recuperación económica, a provincia da Coruña é a única que presenta unha taxa de variación anual acumulativa positiva, cun 2,5%, descendendo un 5% en Pontevedra, seguido de Lugo e Ourense, cunhas caídas do 2,4% e 0,3%, respectivamente.

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como in-

dicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último ano 15,3 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 20,5 no conxunto do Estado.

Este indicador de creación de empresas descende en 2017 nas catro provincias galegas, manténdose Pontevedra como a provincia coa taxa de creación de empresas máis elevada, con 16,1 sociedades creadas en 2017 por cada 10.000 habitantes (18,5 do ano anterior) e Lugo como a que presenta o índice máis reducido, con 11,6 empresas por cada 10.000 habitantes (13,7). Na provincia da Coruña esta taxa sitúase en 16,1 sociedades por cada 10.000 habitantes e en Ourense, nas 14,0 sociedades.

A pesar do descenso do número de sociedades mercantís constituídas, o capital subscrito para a súa constitución aumentou en Galicia un 46,2% respecto ao ano anterior, acadando os 318 millóns de euros. Deste xeito, o capital medio subscrito medra un 62,8%, pasando de 47.184 euros no ano 2016 a 76.810 euros en 2017 (55.494 euros no conxunto do Estado).

Este incremento no volume de capital subscrito explícase fundamentalmente pola medra de case 170 millóns de euros no capital subscrito polas empresas constituídas na provincia de Ourense. Asemade, cómpre mencionar o lixeiro incremento en Lugo (1,9 millóns), o que contrasta coa redución na Coruña e Pontevedra (20 e 51,5 millóns de euros). O capital medio subscrito polas empresas na provincia de Ourense ascende a 411.589 euros en 2017 fronte aos 21.876 euros do ano anterior.

Por outra banda, no ano 2017 continúa a redución do número de sociedades mercantís que ampliaron o seu capital tanto en Galicia como no conxunto de España, sendo novamente superior no caso galego. Tras unha caída do 5,5% na Comunidade Autónoma (1,8% no conxunto do Estado), no último ano rexistráronse 1.312 ampliacións, o que supón o 4,3% do total estatal. A diferenza do acontecido no ano anterior, o capital subscrito nas ampliacións rexistrou en Galicia unha redución do 44,7%, fronte ao incremento do 33,4% en España. Tras esta evolución, o capital subscrito nas ampliacións das sociedades galegas ascende a 593,7 millóns de euros, o 1,5% do total estatal.

A nivel provincial, mentres que o número de sociedades que amplían capital redúcese en todas as provincias, o capital subscrito aumenta nas empresas de Lugo. Nesta provincia o capital aumenta un 82,2%, para situarse nos 31,7 millóns de euros. Por contra, A Coruña foi a que rexistrou a caída máis acusada tanto en termos absolutos como relativos, situándose o capital subscrito en 244 millóns, un 64,9% menos que no ano anterior (450,4 millóns menos).



O número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia medra lixeiramente en 2017, para situarse nas 1.448 empresas, 13 máis que no ano anterior (0,9%). No conxunto do Estado, este incremento foi do 4,5%, polo que o peso relativo das extincións de sociedades en Galicia no total do Estado se reduce ata o 5%, a porcentaxe máis baixa dende o ano 2011.

O número de sociedades extinguidas descende nas provincias da Coruña (31 menos que en 2016) e en Lugo (12 menos), aumentando en Pontevedra (48 máis) e Ourense (8 máis).

En termos relativos, o número de sociedades mercantís extinguidas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), despois do descenso experimentado en 2016, volve a incrementarse no último ano para situarse nas 35 empresas extinguidas por cada cen sociedades constituídas, máis de 12 puntos por riba da media española (30,2 empresas extinguidas por cada cen constituídas). Como reflicte o **cadro 3.2.8.**, este indicador mantense por riba da media española desde o ano 2010.

A nivel provincial, os índices de rotación aumentan nas catro provincias e especialmente en Pontevedra. As catro provincias agás Ourense presentan un índice de rotación superior á media española, acadando Lugo o valor máis elevado, cun total de 39,9 sociedades extinguidas por cada cen constituídas, fronte ás 37,6 en Pontevedra e as 33,9 e 25,2 sociedades na Coruña e Ourense, respectivamente.

No concernente ás empresas en concurso de acredores, entendidas como debedoras concursais que exercen unha actividade empresarial, para distinguilas das

Índice de rotación empresarial en Galicia e España 2008-17 ⁽¹⁾Taxa de creación de empresas ⁽¹⁾Índice de rotación empresarial ⁽²⁾

(1) Taxa de creación de empresas: Sociedades mercantís constituídas por cada 10.000 habitantes

(2) Índice de rotación empresarial: cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións
Fonte: Registro Mercantil Central

3.2. 8.

persoas físicas concursadas que non exercen actividade empresarial, no último ano mantense a tendencia descendente iniciada no ano 2014 coa recuperación da actividade económica. No último ano esta caída foi do 15,1% en Galicia en relación ao ano anterior, sendo esta redución moito máis acusada que no conxunto do Estado, que presenta unha taxa de variación interanual do -4,7%% (**cadro 3.2.9.**).

O número total de empresas concursadas descendeu en Galicia ata as 225, o que supón o 5,5% do total estatal (6,2% no ano anterior). Atendendo aos datos publicados polo INE, o perfil maioritario das empresas concursadas en Galicia é o dunha empresa do sector da construción, de tres a cinco asalariados e cunha

antigüidade superior aos vinte anos. Por contra, no conxunto do Estado o predominio corresponde a unha empresa do subsector do comercio por xunto, de entre 1 e dous asalariados e cunha antigüidade de vinte ou máis anos. Segundo a súa forma xurídica, o 84,9% desas empresas concursadas en Galicia no ano 2017 eran sociedades de responsabilidade limitada (191 empresas), seguidas a moita distancia polas sociedades anónimas cun peso relativo do 10,4% (16 empresas).

Case o 42% das empresas concursadas en Galicia no último ano localízanse no tramo máis baixo de volume de negocio (ata 250.000 euros) e son, principalmente, Sociedades de Responsabilidade Limitada. Así mesmo


Empresas concursadas en Galicia e España 2016-17: distribución segundo actividade económica principal ⁽¹⁾

	Galicia		España	
	2016	2017	2016	2017
Total	265	225	4.297	4.095
Agricultura e pesca	3	5	44	50
Industria e enerxía	38	38	528	541
Bens intermedios	17	16	207	202
Bens de capital	7	7	104	107
Bens de consumo	4	-	42	41
Bens de consumo non duradeiro	9	15	147	166
Enerxía	1	-	28	25
Construción	49	54	782	630
Edificios e promoción inmobiliaria	38	39	522	421
Resto	11	15	260	209
Servizos	154	110	2.532	2.447
Comercio maiorista	56	36	817	803
Comercio polo miúdo e vehículos	6	11	78	73
Transporte e almacenamento	7	7	148	164
Hostelería	16	15	277	227
Información e comunicacións	1	3	138	167
Inmobiliarias, financeiras e seguros	5	9	174	147
Actividades profesionais e técnicas	17	10	349	334
Actividades administrativas e servizos auxiliares	14	8	230	205
Resto de servizos	32	11	321	327
Sen clasificar	21	18	411	427

(1) actividade económica principal segundo a CNAE-09; os datos 2017 son provisionais
 Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2. 9.

Empresas concursadas 2007-17



Fonte: INE, *Estadística del Procedimiento Concursal*

3.2. 10.

Empresas en Galicia e España 2017 ⁽¹⁾: distribución segundo grandes ramas de actividade

	2017		Galicia / España (%)	17 / 08		17 / 16		Índice de especialización
	Galicia	España		Galicia	España	Galicia	España	(3)
Total	198.923	3.282.346	6,1	-4.451	-139.893	1.385	45.764	1,00
Industria e enerxía	12.524	198.805	6,3	-2.829	-47.646	201	3.186	1,04
Industria extractiva	274	2.282	12,0	-133	-692	-3	-22	1,98
Industria manufacturera	11.449	174.090	6,6	-2.859	-55.132	108	1.960	1,09
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	556	15.511	3,6	182	6.823	87	1.036	0,59
Fornecemento de auga, activ. saneamento, xestión de residuos e descontaminación	245	6.922	3,5	-19	1.355	9	212	0,58
Construción	29.549	402.923	7,3	-8.158	-219.173	-228	-3.759	1,21
Servizos	156.850	2.680.618	5,9	6.536	126.926	1.412	46.337	0,97
Comercio por xunto e ao retalto; reparación de vehículos de motor e motocicletas	48.579	753.503	6,4	-5.411	-67.572	-496	-4.034	1,06
Transporte e almacenamento	11.775	194.463	6,1	-2.352	-44.863	-76	1.106	1,00
Hostalería	19.248	279.613	6,9	-2.189	-9.605	-72	3.520	1,14
Información e comunicacións	2.347	63.526	3,7	617	14.708	91	2.314	0,61
Actividades financeiras e de seguros	5.107	77.340	6,6	601	10.227	85	1.853	1,09
Actividades inmobiliarias	6.771	168.540	4,0	3.266	50.913	517	9.328	0,66
Actividades profesionais, científicas e técnicas	20.197	389.857	5,2	-113	-15.384	365	8.977	0,85
Actividades administrativas e servizos auxiliares	10.556	204.733	5,2	4.678	67.666	144	2.405	0,85
Educación	6.627	103.828	6,4	2.544	35.258	273	5.057	1,05
Actividades sanitarias e de servizos sociais	7.724	158.571	4,9	1.388	34.129	174	4.980	0,80
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	5.589	90.852	6,2	1.691	20.301	145	2.637	1,02
Outros servizos	12.330	195.792	6,3	1.816	31.148	262	8.194	1,04

(1) datos a 1 de xaneiro

(2) Esta estatística considera como empresas as organizacións sometidas a unha autoridade rectora, que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas, e constituída para exercer, en un ou varios lugares, unha ou varias actividades de produción de bens e servizos, así como tamén están incluídas no concepto empresas as unidades locais que se corresponden cunha empresa, ou parte da mesma, situada nunha localización xeográfica concreta, dende a que exerce actividades económicas por conta da mesma empresa.

(3) o índice de especialización calcúlase dividindo o peso de cada sector no conxunto da economía rexional entre o peso do mesmo sector nunha economía ou espazo de referencia (neste caso, España); se é maior que 1 indica que a rexión está (relativamente) especializada nese sector concreto e se é menor que 1 estaría "desespecializada".

Fonte: INE, DIRCE

3.2. 11.

no que respecta á antigüidade das empresas concursadas no último ano, en Galicia o 28,9% tiñan máis de 20 anos, fronte ao 22,3% de media estatal.

O devandito descenso das empresas concursadas en Galicia explícase pola redución experimentada no sector servizos, que supera ao lixeiro incremento rexistrado no caso da construción e o sector primario. A diferenza do acontecido en Galicia, no conxunto do Estado o sector da construción é o que presenta o maior descenso de empresas concursadas, seguido do sector servizos (aumenta lixeiramente na industria e no sector primario). Tal e como reflicte o **cadro 3.2.9.**, no ano 2017 un total de 110 empresas concursadas pertencen ao sector servizos (44 menos que no ano anterior), por diante da construción, con 54 empresas (5 máis que en

2016) e a industria, con 38 empresas (as mesmas que no ano anterior). Atendendo a súa distribución segundo ramas de actividade económica, as que presentan un maior número de empresas concursadas son as empresas englobadas dentro da construción de edificios e promoción inmobiliaria, con 39 empresas (unha máis que no ano 2016), as de comercio por xunto, con 36 empresas concursadas (vinte menos que no ano anterior), e as industrias de bens intermedios, con 16 empresas concursadas (unha empresa menos).

En canto ao número de asalariados, o 60,4% do total de empresas concursadas en Galicia teñen menos de seis traballadores asalariados (56,4% en España) e, entre elas, salientan as de tres a cinco asalariados, que acollen o 23,1% das empresas concursadas (18% en Es-

Empresas en Galicia e España 2017 ⁽¹⁾: distribución segundo número de asalariados

	Galicia							España
	2008	2016	Total	A Coruña	2017 Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total empresas	203.374	197.538	198.923	82.403	24.549	23.140	68.831	3.282.346
Sen asalariados	100.126	106.693	108.134	46.038	13.021	12.549	36.526	1.823.250
de 1 a 9 asalariados	92.629	83.684	83.434	33.266	10.769	9.850	29.549	1.313.619
de 10 a 49 asalariados	9.203	6.056	6.229	2.556	681	643	2.349	120.711
de 50 a 199 asalariados	1.161	902	909	418	67	82	342	19.214
de 200 a 449 asalariados	183	137	150	80	9	11	50	3.756
de 500 a 5.000 ou máis asalariados	72	66	67	45	2	5	15	1.796

(1) datos a 1 de xaneiro
Fonte: INE, DIRCE

3.2. 12.

paña). Asemade, cómpre mencionar que o número de empresas en concurso de 50 ou máis traballadores desce a seis, o 2,7% do total en Galicia (4,3% no conxunto do Estado).

Xunto á información facilitada polo Rexistro Mercantil, cómpre ter en conta a explotación estatística do Directorio Central de Empresas (Dirce) elaborado polo INE a partir de fontes tributarias, xurídicas ou da S.S, entre outras. O **cadro 3.2.11.** mostra as empresas existentes en Galicia a un de xaneiro de 2017 (último dato dispoñible) volve a aumentar en Galicia no último ano, situándose nas 198.923 (1.385 máis que na mesma data do ano anterior), mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,1%. O minifundismo empresarial galego, obsérvase en que das ditas 198.923 empresas, o 54,4% (108.134) non teñen asalariados.

O devandito incremento no número de empresas explícase en grande medida pola evolución do sector servizos, onde todas as ramas de actividade, agás o comercio, o transporte e hostalería, presentan un maior número de empresas. Asemade, experimentase un leve aumento no sector industria a diferenza do acontecido no caso da construción.

O 78,8% das empresas galegas incluídas no Dirce pertencen ao sector servizos, onde salientan, por número de empresas, as actividades de “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, con 48.579 empresas, seguidas das “actividades profesionais, científicas e técnicas”, con 20.197, e das

actividades de “Hostalería”, con 19.248 empresas. O sector da construción acolle ao 14,9% das empresas (29.549 empresas) e a industria e enerxía, ao restante 6,3% (12.524 empresas).

Tal como se sinalou anteriormente, a distribución das empresas segundo o seu número de asalariados (**cadro 3.2.12.**) reflicte o reducido tamaño das mesmas, de xeito que o 54,4% das empresas galegas rexistradas polo Dirce non teñen asalariados, fronte ao 55,5% de media no conxunto do Estado. Asemade, o 41,9% das empresas galegas teñen entre un e nove asalariados, fronte ao 40,7% do total rexistrado en España. Finalmente, só un 3,7% das empresas galegas teñen dez ou máis asalariados, sendo esta porcentaxe do 4,4% no Estado. Comparado co rexistrado ao comezo da crise económica, aumenta o peso relativo das empresas sen asalariados, pasando do 49,2% aos devanditos 54,4%, mentres que se reduce no caso das empresas de un a nove asalariados e nos de dez ou máis (4,5% e 5,2% en 2008, respectivamente).

O estudo da especialización das empresas galegas en relación á media estatal permite caracterizar a estrutura produtiva de Galicia. Neste senso, o índice de especialización relativa (IER) mostra a participación dun determinado sector ou actividade en Galicia con relación á participación desta actividade no total estatal. Atendendo ao número de empresas reflectido no Dirce, as ramas de actividade co índice de especialización relativa máis elevado seguen sendo, **cadro 3.2.13.**, as de “Fabricación doutro material de transporte”, e “Outras

Empresas en Galicia e España 2017 ⁽¹⁾: principais ramas de actividade segundo o seu índice de especialización relativa

	Galicia	España	Galicia / España	Índice especialización
			(%)	Galicia
Total	198.923	3.282.346	6,1	1,00
1 Fabricación doutro material de transporte	126	814	15,5	2,55
2 Outras industrias extractivas	264	2.052	12,9	2,12
3 Industria da madeira e cortiza, agás mobles; cestería e espartaria	1.002	10.194	9,8	1,62
4 Fabricación de bebidas	509	5.249	9,7	1,60
5 Confección de prendas de vestir	786	8.779	9,0	1,48
6 Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	743	8.533	8,7	1,44
7 Actividades veterinarias	897	10.359	8,7	1,43
8 Actividades postais e de correos	722	8.888	8,1	1,34
9 Industria da alimentación	1.862	23.769	7,8	1,29
10 Transporte marítimo e por vías navegables interiores	45	591	7,6	1,26
11 Construción de edificios	16.051	216.987	7,4	1,22
12 Actividades de construción especializada	12.712	172.945	7,4	1,21
13 Actividades de xogos de azar e apostas	926	12.841	7,2	1,19
14 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	2.210	31.401	7,0	1,16
15 Servizos de comidas e bebidas	17.727	253.344	7,0	1,15
16 Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.127	73.595	7,0	1,15
17 Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4.980	73.410	6,8	1,12
18 Fabricación de mobles	828	12.261	6,8	1,11
19 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	810	12.172	6,7	1,10
20 Industria téxtil	414	6.256	6,6	1,09
21 Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.233	18.741	6,6	1,09
22 Outros servizos persoais	7.859	121.379	6,5	1,07
23 Comercio polo iúdo, agás vehículos de motor e motocicletas	29.367	458.169	6,4	1,06
24 Actividades de servizos sociais sen aloxamento	364	5.693	6,4	1,06
25 Educación	6.627	103.828	6,4	1,05

(1) datos a 1 de xaneiro

Fuente: INE, *Directorio central de empresas*

3.2. 13.

industrias extractivas”, que presentan un índice de especialización superior a 2 (2,55 e 2,12, respectivamente).

Empresas de economía social

O conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios orientadores recollidos na Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos, son as chamadas empresas de economía social. Engloba, entre outras, ás sociedades cooperativas, mutualidades, fundacións e asociacións que levan a cabo actividade económica, sociedades laborais, empresas de inserción, centros especiais de emprego, confrarías de pescadores, sociedades agrarias de transformación, as comunidades e mancomunidades de montes veciñais de man común, e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos na devandita lei.

Por segundo ano consecutivo, en 2017 rexístrase en Galicia un descenso tanto no número de sociedades cooperativas como no de traballadores das mesmas. A 31 de decembro de 2017, o número de sociedades cooperativas situouse nas 912, con 8.605 traballadores nos centros de cotización. Neste último ano, 360 cooperativas en Galicia teñen unha plantilla integrada totalmente por traballadores autónomos (2.370 persoas), e as 552 cooperativas galegas restantes inclúen réximes da Seguridade Social diferentes ao de autónomos (6.235 traballadores).

En relación ao conxunto do Estado, Galicia acolle o 4,4% das sociedades cooperativas e o 2,7% dos traballadores. Cómpre mencionar que corenta de cada cen cooperativas existentes en España e trinta e catro de cada cen traballadores, están localizados en Cataluña e Andalucía. Asemade, atendendo ao volume de traballadores, cabe salientar o caso do País Vasco, onde co 7,7% das cooperativas existentes no conxunto do Estado, acolle máis do 19,3% do total de traballadores deste tipo de sociedades, situándose como a segunda

Sociedades cooperativas e laborais existentes en Galicia e España 2016-17 ⁽¹⁾

	2016			2017		
	Galicia	España	Galicia / España (%)	Galicia	España	Galicia / España (%)
Sociedades cooperativas						
Sociedades	921	20.792	4,4	912	20.958	4,4
Traballadores (2)	9.184	315.116	2,9	8.951	319.792	2,8
Sociedades laborais						
Sociedades	519	9.787	5,3	481	9.234	5,2
Traballadores (2)	2.700	63.935	4,2	2.743	63.471	4,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o número de traballadores refírese aos centros de cotización

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2. 14.**Sociedades laborais rexistradas en Galicia e España 2016-17: distribución sectorial**

	Galicia				España			
	2016		2017		2016		2017	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Total	29	106	29	96	417	1.398	331	1.079
Agrario	-	-	-	-	5	23	5	18
Non agrario	29	106	29	96	412	1.375	326	1.061
Industria	4	16	3	10	51	222	47	210
Construción	1	4	2	8	40	127	33	102
Servizos	24	86	24	78	321	1.026	246	749

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2. 15.

Comunidade Autónoma con maior número de socios tras Andalucía (20%).

Ao longo do ano 2017 constituíronse en Galicia un total de 39 sociedades cooperativas (dez menos que no ano anterior), cun total de 191 socios iniciais, o que representou o 3,1% do total de cooperativas constituídas en España e o 4% dos socios.

O maior número de cooperativas inscritas pertence á categoría de traballo asociado, con 32 sociedades e 140 socios iniciais, por diante das catro cooperativas agrarias, que rexistran 33 socios iniciais, e das tres cooperativas de vivenda, que rexistran 18 socias iniciais. No ámbito das cooperativas de traballo asociado constituídas en Galicia no último ano, 29 pertencen ao sector servizos, catro ao sector agrario e unha á industria e ao sector da construción.

No concernente ao número de sociedades laborais, no ano 2017 mantense a tendencia descendente de anos anteriores tanto en Galicia como en España, sendo menos acusada a caída na Comunidade Autónoma. Tras un descenso do 7,3% en relación ao ano anterior (38 sociedades), o número de sociedades laborais (SA e SL) sitúase a 31 de decembro en Galicia en 481, o que supón o 5,2% das 9.234 sociedades do conxunto do Estado. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 2.658 traballadores, o que representa o 4,2% do total estatal (63.471) (**cadro 3.2.14.**).

No ano 2017 mantense o número de sociedades laborais rexistradas e redúcese o número de socios iniciais. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 29 sociedades laborais, que agruparon a 96 socios (10 menos que o ano anterior). No conxunto do Estado descende tanto o número de sociedades laborais como o de socios das mes-

Traballadores da economía social en Galicia e España 2017 ⁽¹⁾: principais características

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
sexo						
varóns	59,7	56,4	61,5	59,3	62,2	54,0
mulleres	40,3	43,6	38,5	40,7	37,8	46,0
idade						
menores de 25 anos	3,9	3,7	4,1	4,1	3,8	5,7
de 25 a 39 anos	36,0	33,6	41,8	33,4	37,0	36,2
de 40 a 54 anos	43,9	45,1	41,0	44,1	44,0	43,8
de 55 anos ou máis	16,2	17,6	13,1	18,4	15,2	14,3
nacionalidade						
española	96,9	98,2	96,2	96,4	96,4	89,6
estranxeira	3,1	1,8	3,8	3,6	3,6	10,4
tipo de relación						
indefinida	79,3	77,2	86,5	81,4	76,0	74,5
temporal	20,7	22,8	13,5	18,6	24,0	25,5
tipo de xornada						
tempo completo	84,5	79,2	88,6	91,2	82,5	79,6
tempo parcial	15,5	20,8	11,4	8,8	17,5	20,4
antigüidade no negocio						
ata 6 meses	17,2	20,5	11,1	12,5	19,0	35,6
de 6 meses a 1 ano	10,9	12,6	16,2	6,4	9,4	9,1
de 1 a 3 anos	16,0	16,0	14,1	13,4	18,3	14,4
de 3 a 5 anos	10,8	9,9	13,0	9,6	11,3	8,4
máis de 5 anos	45,1	41,0	45,6	58,1	42,0	32,5
tamaño da sociedade						
0-5 traballadores	32,8	37,5	33,9	20,1	34,9	
6-10 traballadores	19,2	20,1	22,3	13,3	20,3	
11-25 traballadores	13,6	17,4	11,6	6,8	14,6	
26-50 traballadores	15,2	20,9	5,2	14,5	14,1	
51-100 traballadores	15,6	19,7	16,9	8,6	15,1	
101-250 traballadores	11,3	6,6	8,2	11,4	17,3	
máis de 250 traballadores	10,0	8,9	26,7	2,8	8,4	
sector de actividade						
agricultura	15,1	6,4	9,1	42,6	10,2	
industria	8,1	6,2	13,0	16,9	1,0	
construción	36,1	26,4	39,8	43,1	38,2	
servizos	7,7	6,4	5,2	8,5	9,7	
	48,1	61,0	42,0	31,5	51,1	

(1) traballadores en situación de alta na Seguridade Social a 31 de decembro
 Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.2. 16.

mas, acollendo Galicia o 8,8% do total estatal de sociedades laborais rexistradas e o 8,9% dos socios iniciais.

O sector servizos acolle case o 83% das sociedades laborais rexistradas en Galicia (24 sociedades) e o 81% dos socios (78 socios iniciais). No ano 2017, rexístrase unha sociedade laboral industrial menos e unha máis na construción.

No que respecta ás características dos traballadores da

economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, **cadro 3.2.16.**, 6 de cada 10 persoas que traballan en Galicia nestas sociedades son homes; o 43,9% do total de traballadores teñen unha idade comprendida entre 40 e 54 anos, e 36%, entre 25 e 39 anos; e 84,5% traballadores realiza a súa actividade a tempo completo.

Asemade, pódese destacar que o 45,1% dos traballadores da economía social en Galicia –excluídos os au-

tónomos– mantén unha antigüidade no negocio superior a cinco anos (32,5% de media no conxunto do Estado) e que un 17,2% dos traballadores mantén unha antigüidade inferior a seis meses (35,6% de media estatal).

Tal como acontece na demografía empresarial xeral en Galicia, o tamaño das sociedades de economía social galegas é reducido, de xeito que no 32,8% das sociedades traballan menos de 10 persoas (esta porcentaxe ascende ao 37,5% na provincia da Coruña), e no 25,1% das mesmas hai máis de cen traballadores (45,4% en Ourense).

O 48,1% do emprego total da economía social corresponde ao sector servizos, seguido da industria, con 36 de cada 100 traballadores, e a agricultura e a construción, co 8,1% e o 7,7%, respectivamente. 

3.3. Comercio exterior

O cadro macroeconómico de Galicia publicado polo IGE reflicte un lixeiro incremento da achega positiva da demanda externa ao crecemento agregado do PIB no ano 2017. Neste último ano o sector exterior contribúe con 1,4 puntos ao incremento do PIB, peso sensiblemente superior ao estimado para o conxunto da economía española, que foi de tan só tres décimas.

En termos absolutos, o valor total das vendas galegas ao conxunto do Estado e a terceiros países ascendeu a 32.300,5 millóns de euros e as importacións acadaron os 29.845,7 millóns. Deste xeito, o saldo positivo da balanza comercial da economía galega ascende a 2.454,8 millóns de euros, o que significa unha medra do 44,5% respecto ao ano anterior. A taxa de cobertura no ano 2017 ascendeu a 108,2%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) sitúase no 101,6%, un punto porcentual máis que no ano anterior.

Este capítulo céntrase na análise das relacións comerciais de Galicia con terceiros países a partir dos datos que ofrece o ICEX na súa base de datos ESTACOM.

Cómpre mencionar que no último ano a actividade comercial das empresas galegas medrou un 9,4% e o saldo positivo da balanza comercial superou os 4.500 millóns de euros. O maior incremento das importacións que das exportacións provoca que a taxa de cobertura descenda ata o 126,5%, 2,4 puntos menos que no ano anterior.

Esta evolución positiva apréciase tamén no feito de que Pontevedra e A Coruña sitúanse no último ano como a oitava e novena provincia española con maior actividade comercial (quinta e novena posición en 2016). En termos do valor das exportacións, A Coruña ascende ata o cuarto posto como provincia española máis exportadora, situándose Pontevedra na oitava posición. A base exportadora da economía galega mantense practicamente constante no último ano, ao aumentar o número de empresas exportadoras tan só un 0,4%, que se sitúa en 6.722 empresas (30 máis que en 2016).

O investimento estranxeiro en Galicia (IDE) volve a incrementarse significativamente no ano 2017 a diferenza do acontecido no caso do investimento das empresas galegas no exterior. Tras unha medra do

Importacións e exportacións de Galicia e España 2016-17

	Importacións			Exportacións			Saldo comercial		
	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16	2016	2017	17/16
	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		(%)	(en millóns de euros)		
Galicia	15.508,5	17.140,8	10,5	19.981,3	21.676,3	8,5	4.472,7	4.535,4	62,7
A Coruña	6.030,9	6.897,9	14,4	9.403,8	11.009,6	17,1	3.372,9	4.111,8	738,9
Lugo	622,9	625,8	0,5	678,2	679,6	0,2	55,3	53,7	-1,6
Ourense	497,2	554,4	11,5	787,5	815,6	3,6	290,2	261,1	-29,1
Pontevedra	8.357,5	9.062,7	8,4	9.111,7	9.171,5	0,7	754,3	108,8	-645,5
España	273.778,6	301.870,1	10,3	256.393,4	277.125,7	8,1	-17.385,2	-24.744,3	-7.359,1
Galicia/España (%)	5,7	5,7		7,8	7,8				

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad. ICEX Estacom

3.3. 1.

74,1% o IDE ascende a 206,1 millóns de euros, o que representa o 0,6% do investimento no conxunto do Estado. O investimento bruto no exterior reduciuse case un 62% respecto ao ano anterior acadando os 559 millóns de euros, o 1,8% do total estatal.

Comercio exterior con terceiros países

A actividade comercial con terceiros países, entendida esta como a suma das exportacións e as importacións, aumenta en Galicia un 9,4% no último ano como consecuencia tanto do incremento das importacións nun 10,5% como do 8,5% no caso das exportacións. No conxunto do Estado este incremento da actividade comercial é lixeiramente inferior (9,3%) tras un crecemento do valor das exportacións do 8,1% e da medra das compras exteriores nun 10,3%.

O volume total das compras e vendas galegas no exterior acadou no último ano os 38.817,1 millóns de euros, 3.327,3 millóns máis que no ano anterior, mantendo o seu peso relativo no total estatal no 6,7%. O grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no 63,5%, o valor máis elevado dende o comezo da crise económica.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, os máis importantes en termos do seu importe monetario continúan sendo os de manufacturas

de consumo e o sector do automóbil, con 8.770,9 e 8.303,6 millóns de euros respectivamente, o que supón o 44% da actividade comercial galega (25,7% en España), tres puntos menos que no ano anterior. Atendendo ao seu peso relativo no conxunto do Estado, salienta o sector das manufacturas de consumo, que representan o 13,6% da actividade comercial deste sector en España, así como o sector da automoción, co 9,9%, situándose no 8% no caso dos alimentos.

Os distintos sectores de actividade presentan unha medra da actividade comercial en relación ao importe do ano anterior. Cómpre mencionar en primeiro lugar o crecemento do sector enerxético, que tras o mal comportamento do ano 2016, presenta unha medra de 1.539,4 millóns (59%). A continuación situaríanse os alimentos, con 559,4 millóns de euros máis (9,5%), e o sector de semimanufacturas, cunha medra de 550,3 millóns de euros (13,2%).

A nivel provincial, os datos recollidos no **cadro 3.3.1.** amosan que as catro provincias presentan unha mellora da súa actividade comercial, se ben este incremento presenta distinta intensidade. Dunha banda, tras unha medra do 4,4% respecto ao ano anterior, Pontevedra mantense como a provincia con maior actividade comercial, con 18.234,1 millóns de euros, o que representa o 47% do total galego. Doutra banda, A Coruña foi quen experimentou o maior incremento no último ano, cunha medra do 16% (2.4722,7 millóns de euros máis), concentrando no último ano o 46,1% do

Importacións e exportacións 2017: distribución segundo sectores de actividade

	Importacións				Exportacións			
	Importe (en millóns de euros)	17/16	peso relativo (%)	Galicia/España	Importe (en millóns de euros)	17/16	peso relativo (%)	Galicia/España
Total	17.140,8	10,5	100	5,7	21.676,3	8,5	100	7,8
Alimentos	3.540,3	10,0	20,7	10,2	2.889,1	8,9	13,3	6,3
Enerxéticos	2.592,0	51,1	15,1	6,4	1.558,8	73,9	7,2	7,9
Materias primas	466,9	27,8	2,7	4,4	725,0	-1,3	3,3	10,3
Semimanufacturas	2.061,2	12,5	12,0	3,1	2.666,7	13,7	12,3	4,0
Bens de equipamento	1.431,7	2,2	8,4	2,2	3.156,6	2,3	14,6	5,6
Sector Automóvil	4.751,4	9,5	27,7	12,2	3.552,2	-7,6	16,4	7,9
Bens de consumo duradeiro	220,7	5,1	1,3	2,8	275,3	20,0	1,3	6,2
Manufacturas de consumo	2.069,8	-14,5	12,1	5,7	6.701,1	10,6	30,9	23,8
Outras mercadorías	6,9	-15,8	0,0	0,6	151,5	13,8	0,7	4,3

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, ICEX

3.3. 2.

valor total da actividade comercial galega (17.907,5 millóns de euros). As outras dúas provincias acollen en torno ao 3,5% da actividade comercial despois dunha do 6,6% en Pontevedra, e de tan só o 0,3% en Lugo.

No que atinxe ao saldo da balanza comercial, Galicia segue a amosar un incremento do seu superávit no ano 2017, que se sitúa en 4.453,6 millóns de euros. Con todo, este incremento foi de tan só o 1,4% (62,7 millóns de euros) cando no ano anterior a medra fora do 17,2% (657,2 millóns de euros). Este saldo comercial representa o 7,4% do PIB no ano 2017, dúas décimas menos que o rexistrado no ano anterior.

Como indica o devandito **cadro 3.3.1.**, as catro provincias presentan un saldo comercial positivo, se ben este tan só medra no caso da Coruña. Dunha banda, nesta provincia o superávit comercial ascende a 4.111,8 millóns de euros, un 21,9% máis que no ano anterior. Doutra banda, o descenso máis acusado rexístrase en Pontevedra, cun descenso do 85,6% respecto ao ano anterior, situándose o saldo positivo en 108,8 millóns. Nas provincias de Ourense e Lugo o superávit ascende a 261,1 e 53,7 millóns de euros, respectivamente.

A devandita evolución do saldo comercial na provincia da Coruña explícase fundamentalmente polo comportamento do sector téxtil, cun saldo positivo de 4.242,4 millóns de euros, un 28,5% máis que no ano anterior.

Asemade, cómpre mencionar a medra dun 35,5% do saldo positivo no sector de alimentos, así como o elevado déficit no caso dos produtos enerxéticos (-1.100,8 millóns), que medra un 20,2% respecto ao rexistrado no exercicio anterior. No concernente á provincia de Pontevedra, destaca o acusado aumento do déficit comercial no sector do automóbil, así como o incremento rexistrado no caso das manufacturas de consumo (técnico e calzado, nomeadamente) e bens de consumo duradeiro. O subsector da pesca mantén nesta provincia un elevado déficit comercial, se ben inferior ao do ano anterior.

Finalmente, destacar que as provincias de Pontevedra e A Coruña están situadas no oitavo e noveno posto, respectivamente, no ranking de provincias españolas con maior valor de actividade comercial. No que ao importe das exportacións se refire, A Coruña, impulsada polo incremento do importe das vendas de produtos enerxéticos e do téxtil-confección, sitúase no último ano como a cuarta provincia exportadora mentres que Pontevedra descende ata a oitava posición influenciada tanto pola forte caída das exportacións do sector da automoción como pola ralentización de crecemento na pesca.

• Importacións do exterior

O valor total das importacións galegas no último ano acada os 17.140,8 millóns de euros (1.632,3 millóns su-

Importacións 2016-17: distribución segundo principais capítulos TARIC e orixe

Nº	Cap.	Denominación	2016		2017		17/16	17/08	2017		
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)	(%)	(%)	Unión Europea	Francia	Portugal
									(en millóns de euros)		
1	87	Vehículos automóviles, tractores	4.541,9	29,3	4.970,0	29,0	9,4	92,4	4.866,5	4.080,4	305,3
2	27	Combustibles minerais, aceites minerais	1.715,2	11,1	2.592,0	15,1	51,1	-21,7	238,6	6,7	13,5
3	03	Peixes e crustáceos, moluscos	1.980,4	12,8	2.129,0	12,4	7,5	63,0	509,5	106,7	241,4
4	62	Roupa e complementos de vestir, agás punto	998,4	6,4	725,5	4,2	-27,3	-15,0	167,2	2,9	124,3
5	72	Fundición, ferro e aceiro	505,1	3,3	586,1	3,4	16,0	-52,5	555,7	191,0	191,3
6	84	Máquinas e aparatos mecánicos	549,1	3,5	581,2	3,4	5,8	4,6	453,4	27,9	23,4
7	61	Roupa e complementos de vestir, de punto	617,4	4,0	578,3	3,4	-6,3	14,1	264,7	1,7	230,3
8	16	Preparación carne, peixe ou crustáceos	373,9	2,4	535,8	3,1	43,3	105,2	27,7	1,8	17,5
9	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	369,8	2,4	387,4	2,3	4,8	33,0	240,2	52,0	42,5
10	39	Materias plásticas e manufact. destas materias	283,9	1,8	343,6	2,0	21,0	36,2	291,4	39,3	112,7
Total dos principais capítulos			11.935,1	77,0	13.428,8	78,3	12,5	20,4	7.614,8	4.510,4	1.302,2
Resto			3.573,5	23,0	3.712,0	21,7	3,9	-14,5	2.068,5	219,4	609,9
Total			15.508,5	100	17.140,8	100	10,5	10,6	9.683,3	4.729,8	1.912,0

(consulta: 14-03-2018)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, ICEX

3.3. 3.

perior ao rexistrado en 2016), o que representa o 5,7% do valor total das importacións españolas. As catro provincias galegas presentan no último ano unha medra do valor total das compras ao exterior, salientando o comportamento da Coruña cunha medra do 14,4% (866,9 millóns de euros). A continuación situárase Ourense, cun incremento do 11,5% (57,2 millóns) e Pontevedra, cun 8,4% (705,2 millóns), permanecendo practicamente constante en Lugo (0,5%). Tras esta evolución, a provincia de Pontevedra mantense como a máis importante en termos de valor nominal das compras exteriores, acollendo case o 52,9% do importe total das importacións galegas, seguida da Coruña, que abrangue o 40,2% (53,9% e 38,9% no ano anterior, respectivamente).

O sector da automoción, tras unha medra do 9,5% en relación ao ano precedente, sitúase novamente como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 4.751,4 millóns de euros, que significa o 27,7% do valor total das importacións galegas e o 12,2% das compras españolas a terceiros países por parte das empresas englobadas neste sector (**cadro 3.3.2.**). Este importante incremento explícase tanto pola evolución das compras exteriores de automóviles e motos, que tras un aumento do 10,2% acadan os 1.797,3 millóns

de euros, como pola medra do 8,8% no caso da fabricación de compoñentes, cuxas importacións ascenden a 2.954,2 millóns.

A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que experimentan unha medra do 10,5% respecto ao ano anterior, representando o 20,7% do valor total das importacións galegas (3.540,3 millóns de euros) e o 10,2% das importacións españolas. Tras el estaría o sector enerxético, que tras o acusado incremento de 2017, acadara os cun importe de 2.592 millóns de euros (un 51,1% máis que no ano anterior), o que representa o 15,1% do total de importacións galegas e o 6,4% das importacións españolas deste sector de actividade.

Se se descende na análise ao nivel de capítulo importador, **cadro 3.3.3.**, o correspondente a “Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87) é o máis importante en termos de valor. Tras unha medra do 9,4% en relación ao ano anterior, as compras a terceiros países ascenden a 4.970 millóns de euros, o 29% das importacións galegas. A continuación sitúase o capítulo de “Combustibles minerais e aceites minerais; os seus destilados; materias bituminosas, ceras minerais” (27), con 2.592 millóns, un 51,1% máis que no ano anterior,

Importacións e exportacións 2016-17: distribución segundo áreas xeográficas

	Importacións		Exportacións		Saldo comercial		Taxa de cobertura	
	2016	2017	2016	2017	2016	2017	2016	2017
	(en millóns de euros)				(%)			
Total	15.508,5	17.140,8	19.981,3	21.676,3	4.472,7	4.535,4	128,8	126,5
Europa	10.050,7	10.564,0	16.099,4	17.335,8	6.048,7	6.771,8	160,2	164,1
Unión Europea	9.189,6	9.683,3	15.044,5	16.284,7	5.855	6.601	163,7	168,2
EFTA	87,9	90,9	317,5	259,0	230	168	361,2	285,1
Europa oriental	281,9	335,9	162,4	180,6	-120	-155	57,6	53,8
Resto Europa	491,2	454,0	575,0	611,5	84	158	117,0	134,7
África	1.469,4	2.094,2	1.111,0	1.209,6	-358,4	-884,5	75,6	57,8
África do norte	903,6	1.390,3	941,2	975,4	38	-415	104,2	70,2
África central	23,1	39,9	23,9	17,9	1	-22	103,5	44,8
África occidental	197,1	272,2	61,0	89,4	-136	-183	31,0	32,8
África oriental	2,3	2,1	7,2	9,1	5	7	318,9	442,4
África austral	343,3	389,6	77,6	117,8	-266	-272	22,6	30,2
América	2.003,5	2.195,1	1.650,4	1.912,2	-353,1	-282,9	82,4	87,1
América do norte	305,0	310,9	623,7	652,9	319	342	204,5	210,0
América central	657,0	686,3	499,2	484,0	-158	-202	76,0	70,5
América do sur	1.006,1	1.170,9	470,2	711,1	-536	-460	46,7	60,7
Asia	1.924,4	2.206,0	1.046,4	1.083,2	-877,9	-1.122,8	54,4	49,1
Próximo Oriente	74,1	100,8	206,1	184,5	132	84	278,2	183,0
Península Arábiga	45,3	120,2	199,6	221,0	154	101	440,1	183,8
Asia central	8,0	0,4	4,7	7,7	-3	7	58,9	2.131,6
Asia do sur	299,4	329,8	46,4	35,9	-253	-294	15,5	10,9
Lonxano oriente	989,0	986,1	444,6	433,8	-544	-552	45,0	44,0
Sudeste asiático	508,5	668,7	145,0	200,3	-363	-468	28,5	30,0
Oceanía	60,4	81,4	12,5	60,8	-47,9	-20,6	20,6	74,7
BRICs	1.116,1	1.161,5	421,5	401,0	-694,5	-760,5	37,8	34,5

(consulta: 14-03-2018)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad. ICEX Estacom

3.3. 4.



e en terceiro lugar, os “Peixes e crustáceos, moluscos” (03), que tras unha medra do 7,5% acada os 2.129 millóns de euros, o 12,4% do total galego. A devandita concentración sectorial reflíctese no feito de que estes tres capítulos importadores acollen no seu conxunto o 56,5% do valor total das importacións galegas (53,1% no ano anterior).

Dende un punto de vista xeográfico, as importacións galegas concéntranse principalmente nos países da Unión Europea. Segundo os datos recollidos no **cadro 3.3.4.**, o 56,5% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (9.683,3 millóns de euros), sendo esta porcentaxe tres puntos porcentuais inferior á rexistrada no ano anterior. Tendo en conta o papel da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, Francia segue a ser o principal subministrador de Galicia, con 4.729,8 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.912 millóns. Estes dous países concentran o 38,7%

das importacións galegas, case dous puntos por baixo do rexistrado no ano anterior. Fóra da Unión Europea, China, a pesar do descenso 3,5% respecto ao ano anterior, sitúase como o cuarto país onde máis compras se realizan, manténdose México no sexto lugar tras unha caída do 3,4% (representan o 4,2% e 2,9% das importacións totais galegas, respectivamente).

Atendendo á desagregación das importacións galegas dos países da Unión Europea segundo capítulos arancelarios (**cadro 3.3.3.**), cómpre mencionar que as importacións de produtos do capítulo 87 (“Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios”), tras unha medra do 10,4% respecto ao ano anterior, ascenden a 4.866,5 millóns de euros, o que representa o 50,3% das importacións galegas da UE-28. Os países comunitarios concentran o 97,9% do valor total deste capítulo. O segundo capítulo importador é o de “Fundición, ferro e aceiro”,

Evolución do peso relativo das exportacións galegas do sector do automóbil e do téxtil-calzado 2008-2017.



(consulta: 14-03-2018)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad. ICEX Estacom

3.3. 5.

que supera ao correspondente a “Peixes, crustáceos, moluscos” (03), concentrando o 5,7% (555,7 millóns de euros) e 5,3% (509,5 millóns), respectivamente, das compras á UE-28.

No caso de Francia, aumenta a elevada concentración das importacións correspondentes á automoción, que acolle en 2017 o 86,3% das compras nese país, 1,6 puntos máis que no ano anterior. A continuación sitúanse as actividades de “Fundición, ferro e aceiro” (72) co 4%. En Portugal, a automoción despraza ás ramas de “Prenhas e complementos de vestir de punto” (61) como principal capítulo importador, acollendo o 16% das compras exteriores nese país (12% a devandita actividade téxtil).

• Exportacións ao exterior

As vendas de produtos galegos a terceiros países aumentan no ano 2017 un 8,5% en relación ao ano pre-

cedente, ascendendo o importe total das exportacións ata os 21.676,3 millóns de euros, mantendo o seu peso relativo no conxunto do Estado no 7,8%.

En relación ao ano anterior, o incremento do valor das vendas das empresas galegas ao exterior explícase case na súa totalidade pola evolución das exportacións na Coruña, xa que permanecen practicamente constantes nas outras tres provincias. Tras unha medra do 17,1%, A Coruña consolídase como a provincia con maior valor de exportacións, ao acadar os 11.009,6 millóns de euros (1.605,8 millóns máis que en 2016), o que representa o 50,8% do total galego. Na provincia de Pontevedra o incremento foi de tan só 59,7 millóns de euros (0,7%), ascendo o valor total das exportacións a 9.171,5 millóns, o 42,3% de Galicia. En conxunto, a concentración das exportacións nestas dúas provincias aumenta no último ano ao acoller o 93,1% do total das exportacións galegas fronte ao 92,7% do ano anterior.

Exportacións 2016-17: distribución segundo principais capítulos TARIC e destino

Nº	Cap.	Denominación	2016		2017		17/16	17/08	2017		
									Unión Europea	Francia	Portugal
			(en millóns de euros)	(% / total)	(en millóns de euros)	(% / total)					
1	87	Vehículos automóviles, tractores	5.298,5	26,5	4.882,8	22,5	-7,8	-16,4	3.729,9	2.064,5	271,4
2	62	Prendas de vestir, non de punto	3.156,2	15,8	3.406,3	15,7	7,9	149,7	2.974,2	470,5	266,9
3	61	Prendas de vestir, de punto	1.637,7	8,2	1.913,2	8,8	16,8	117,3	1.622,7	244,0	150,8
4	27	Combustibles, aceites minerais	855,4	4,3	1.495,3	6,9	74,8	167,3	1.207,9	241,9	142,5
5	03	Peixes, crustáceos, moluscos	1.297,1	6,5	1.451,7	6,7	11,9	64,5	1.154,7	97,7	364,2
6	16	Conservas de carne ou peixe	577,2	2,9	689,2	3,2	19,4	63,1	623,5	139,8	96,0
7	76	Aluminio e manufacturas de aluminio	494,5	2,5	586,5	2,7	18,6	84,8	537,2	122,2	155,1
8	84	Máquinas e aparellos mecánicos	538,8	2,7	535,7	2,5	-0,6	62,8	324,0	45,3	69,9
9	85	Aparellos e materiais eléctricos	490,5	2,5	488,5	2,3	-0,4	-30,1	203,5	74,4	48,4
10	89	Navegación marítima ou fluvial	276,4	1,4	468,6	2,2	69,6	184,8	10,3	1,8	2,1
Total dos principais capítulos			14.622,2	73,2	15.917,8	73,4	8,9	38,9	12.387,9	3.502,3	1.567,3
Resto			5.359,1	26,8	5.758,4	26,6	7,5	34,5	3.896,8	581,7	1.172,5
Total			19.981,3	100	21.676,3	100	8,5	37,7	16.284,7	4.084,0	2.739,8

(consulta: 14-03-2018)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, ICEX

3.3. 6.

Atendendo á desagregación segundo grandes sectores de actividade, **cadro 3.3.2.**, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado, por mor do peso do subsector téxtil-confección. As exportacións destes produtos ascenderon en 2017 ata os 6.701,1 millóns de euros, o 30,9% das vendas exteriores de Galicia, o que representa o 23,8% das exportacións españolas deste sector. Séguelles en importancia, no que a termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas de 3.552,2 millóns de euros, o que supón o 16,4% das exportacións galegas e o 7,9% das exportacións españolas do sector. Como se aprecia no **cadro 3.3.5.**, o sector do automóbil e do téxtil-confección seguen unha evolución dispar, situándose o téxtil como principal sector exportador a partir do ano 2014.

Tras o mal comportamento en 2016, o incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos corresponde ás actividades enerxéticas con 662,6 millóns de euros máis (73,9%), situándose en segundo lugar ase manufacturas de consumo, cunha medra de 640,2 millóns de euros. No polo oposto, as únicas caídas no valor da vendas rexístranse no caso das exportacións do sector do automóbil e das materias primas, cunha

contracción do 7,6% e 1,3%, respectivamente (292 e 9,5 millóns de euros).

Desagregando a análise en nivel de capítulo arancelario, atendendo ao seu importe o capítulo máis importante continúa a ser o de “Vehículos automóviles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios” (87), que concentra o 22,5% das exportacións galegas, seguido por dous capítulos pertencentes á actividade téxtil, o de “Prendas e complementos de vestir, agás os de punto” (62), que acolle o 15,7% das vendas, e o da “Roupa e complementos de vestir, de punto” (61), que representa o 8,8%. En relación ao ano anterior, os capítulos relacionados co téxtil experimentaron en conxunto unha medra de case o 11%, mentres as exportacións de vehículos reducíronse un 7,9%.

No ano 2017 mantense a concentración das exportacións ao mercado comunitario, que concentra por riba do 75% das vendas galegas (16.284,7 millóns de euros), dirixíndose un 8,8% ao continente americano (1.912,2 millóns), un 5,6% a África (1.209,6 millóns) ou un 5% a Asia (1.083,2 millóns de euros). Por países, Francia, por mor da importancia da factoría PSA Peugeot Citroën en Vigo, é o principal destino das vendas de Galicia, con

Exportacións galegas 2016-17: rankings segundo países de destino

	2016		2017		17/16	17/08
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	(%)	(%)
1 Francia	3.835.328	19,2	4.083.985	18,8	6,5	-25,7
2 Portugal	2.543.975	12,7	2.739.775	12,6	7,7	9,9
3 Italia	1.845.942	9,2	2.021.508	9,3	9,5	114,0
4 Reino Unido	1.572.784	7,9	1.420.987	6,6	-9,7	169,8
5 Alemaña	1.404.440	7,0	1.308.455	6,0	-6,8	153,9
6 Países Baixos	797.086	4,0	1.087.774	5,0	36,5	128,4
7 Bélxica	672.092	3,4	804.420	3,7	19,7	176,2
8 Marrocos	664.625	3,3	781.007	3,6	17,5	45,9
9 Polonia	484.885	2,4	674.227	3,1	39,0	242,9
10 Estados Unidos	564.806	2,8	578.510	2,7	2,4	-10,7
11 Turquía	512.648	2,6	555.150	2,6	8,3	191,2
12 México	424.258	2,1	412.626	1,9	-2,7	156,8
13 Grecia	298.938	1,5	329.267	1,5	10,1	20,6
14 Romanía	206.683	1,0	243.828	1,1	18,0	228,7
15 Suecia	184.008	0,9	201.957	0,9	9,8	93,1
16 Irlanda	185.034	0,9	200.458	0,9	8,3	83,8
17 Arxentina	97.983	0,5	199.129	0,9	103,2	132,4
18 China	207.647	1,0	184.668	0,9	-11,1	171,5
19 Noruega	219.106	1,1	166.376	0,8	-24,1	-54,2
20 Chile	129.436	0,6	152.759	0,7	18,0	213,6
5 primeiros países	11.202.469	56,1	11.574.709	53,4	3,3	16,0
10 primeiros países	14.385.964	72,0	15.500.648	71,5	7,7	27,8
20 primeiros países	16.851.705	84,3	18.146.865	83,7	7,7	33,4
Total	19.981.258	100,0	21.676.259	100,0	8,5	37,7

(consulta: 14-03-2018)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, ICEX

3.3. 7.

4.084 millóns de euros (18,8% do total do valor das exportacións galegas a terceiros países). Séguelle Portugal, onde as vendas acadaron os 2.739,8 millóns de euros (12,6%), e Italia, con 2.021,5 millóns (9,3%). En relación ao ano anterior cómpre resaltar o incremento dun 6,5% das vendas a Francia tras o mal ano 2016, cunha caída superior ao 22%, así como o incremento do 36,5% no caso de Países Baixos e de case un 20% no de Bélxica.

Atendendo á desagregación por capítulos das exportacións galegas ao conxunto dos países da Unión Europea, **cadro 3.3.6.**, as vendas de produtos do capítulo 87 descenden ata os 3.729,2 millóns de euros, o que representa o 22,9% das exportacións a esta área económica. En segundo lugar sitúase o capítulo 62 ("Prendas e complementos de vestir, agás os de punto"), cun importe de 2.974,2 millóns de euros, que representa o 18,3% do total das vendas aos países comunitarios.

O valor das exportacións a Francia dos produtos de automoción descenden por terceiro ano consecutivo, sendo a caída no ano 2017 do 6,1%. A pesar desta redución, as vendas a Francia concéntranse fundamentalmente no capítulo 87, ao acoller o 50,6% das vendas totais a este país, case sete puntos menos que no ano anterior, e que representan o 42,3% das vendas totais dos produtos englobados neste capítulo (41,5% no ano anterior). Séguelle en importancia o devandito capítulo 62, que acolle o 11,5% das exportacións galegas a Francia. No caso portugués, o capítulo exportador máis importante segue a ser o 03 ("Peixes e crustáceos, moluscos e outros invertebrados acuáticos"), que concentra o 13,3% das vendas galegas a Portugal, situándose o capítulo 87 ("Vehículos automóbiles, tractores, ciclos e demais vehículos terrestres, as súas partes e accesorios") en segundo lugar por primeira vez dende o ano 2007, ao acoller o 9,9%.

Empresas galegas exportadoras a terceiros países 2008 e 2017: distribución segundo grandes sectores

	2008		2017 (1)		17/16		17/08	
		(%)				(%)		(%)
Sectores económicos	4.907	100	6.722	100	30	0,4	1.815	37,0
Alimentos	1.022	20,8	1.478	22,0	-19	-1,3	456	44,6
Bebidas	271	5,5	508	7,6	48	10,4	237	87,5
Pesca	455	9,3	434	6,5	-8	-1,8	-21	-4,6
Carne	166	3,4	373	5,5	-26	-6,5	207	124,7
Preparados alimenticios	141	2,9	165	2,5	13	8,6	24	17,0
Frutas e legumes	110	2,2	134	2,0	-9	-6,3	24	21,8
Lácteos e ovos	65	1,3	84	1,2	-1	-1,2	19	29,2
Outros	167	3,4	212	3,2	-14	-6,2	45	26,9
Produtos enerxéticos	100	2,0	132	2,0	0	0,0	32	32,0
Materias primas	342	7,0	367	5,5	6	1,7	25	7,3
Semimanufacturas	1.130	23,0	1.585	23,6	64	4,2	455	40,3
Produtos químicos	633	12,9	943	14,0	45	5,0	310	49,0
Outras semimanufacturas	625	12,7	868	12,9	56	6,9	243	38,9
Ferro e aceiro	160	3,3	219	3,3	5	2,3	59	36,9
Metais non ferrosos	116	2,4	168	2,5	20	13,5	52	44,8
Bens de equipamento	1.748	35,6	2.196	32,7	-32	-1,4	448	25,6
Outros bens de equipamento	825	16,8	1.310	19,5	87	7,1	485	58,8
Maq. Específica certas industrias	822	16,8	1.089	16,2	-46	-4,1	267	32,5
Equipamento oficina e telecomunicacións	195	4,0	336	5,0	-14	-4,0	141	72,3
Material transporte	404	8,2	304	4,5	-12	-3,8	-100	-24,8
Sector do automóbil	535	10,9	655	9,7	12	1,9	120	22,4
Componentes do automóbil	444	9,0	463	6,9	-17	-3,5	19	4,3
Automóviles e motos	109	2,2	229	3,4	28	13,9	120	110,1
Bens de consumo duradeiro	320	6,5	454	6,8	-62	-12,0	134	41,9
Manufacturas de consumo	859	17,5	1.402	20,9	44	3,2	543	63,2
Outras manufacturas	493	10,0	734	10,9	37	5,3	241	48,9
Téxtil e confección	393	8,0	667	9,9	-34	-4,9	274	69,7
Xoguetes	97	2,0	155	2,3	15	10,7	58	59,8
Calzado	90	1,8	137	2,0	23	20,2	47	52,2
Xoiaría e reloxo	62	1,3	122	1,8	16	15,1	60	96,8
Outras mercadorías	1.105	22,5	1.770	26,3	125	7,6	665	60,2

(1) datos 2017 son provisionais (23-2-18)

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad

3.3. 8.

• Base exportadora

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a base exportadora, é dicir, o número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España. Ao longo do ano 2017 un total 6.722 empresas galegas venderon parte dos seus produtos fóra de España, tan só 30 empresas máis que no ano anterior (0,5%). Como reflicte o **cadro 3.3.8.**, o incremento neste último ano ven motivado pola evolución nos sectores de semimanufacturas, con 64 empresas exportadoras máis, no de manufacturas de consumo, con 44 empresas máis, ou no automóbil, con 12 máis. Pola contra, cómpre resaltar o descenso no caso tanto dos bens de consumo duradeiro como no de bens de equipamento, con 62 e 32 empresas menos.

O sector que concentra o maior número de empresas exportadoras é o de bens de equipamento, con 2.196 empresas (32,7%), seguido polo de semimanufacturas, con 1.585 (23,6%) e a industria de alimentación e manufacturas de consumo, con máis de 1.400 empresas (22% e 20,9%, respectivamente).

Tendo en conta a devandita evolución do número de empresas exportadoras en Galicia e o incremento do 8,6% experimentado no conxunto do Estado, a cota exportadora no total estatal redúcese ata o 4,2%, seis décimas menos que ao comezo da crise económica en 2008.

Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores, cómpre destacar a importancia relativa do sector

de alimentación, que acolle o 8,1% das empresas exportadoras do sector en España, e de maneira especial, a pesca, que concentra o 29,4% do total estatal. Asemade, no ámbito do sector da alimentación salienta o peso relativo das empresas exportadoras cárnicas, que supoñen o 11,3%, e o sector de bebidas, co 10%.

Investimento galego no exterior e estranxeiro en Galicia

Segundo os datos recollidos no Rexistro de Investimentos Exteriores, no último ano volve a incrementarse de xeito significativo o volume de investimento estranxeiro en Galicia (IDE), ao rexistrarse unha medra do 74,1%, sendo esta do 0,7% no conxunto do Estado. Doutra banda, o investimento estranxeiro bruto de Galicia no exterior descende un 61,8% respecto ao ano anterior, sendo esta porcentaxe do -42% en España.

Tras o devandito incremento interanual, o investimento bruto estranxeiro en Galicia aumentou ata os 206,1 millóns de euros, o que supón tan só o 0,6% do investimento estranxeiro bruto en España, tres décimas máis que no ano anterior (1,7% en 2013). En 2017 a Comunidade autónoma de Madrid, tras unha medra do 53,1% respecto ao ano anterior, concentra o 71% do IDE en España (46,7% en 2016), superando a Cataluña que acolle o 8,8% do total (14,4% no ano anterior) (**cadro 3.3.9.**).

O principal país investidor en Galicia no último ano foi Portugal, con 113,9 millóns de euros (o 55,3% do total), seguido por Francia, con 83,2 millóns de euros (40,4%), o que supón que entre ambos os dous países concentran o 95,7% do investimento bruto en Galicia. En 2017 o investimento comunitario ascende a 201,9 millóns de euros, o que significa o 98% do IDE en 2017 fronte ao 33,4% do ano anterior (en 2016 China acollía o 51,5% do investimento).

Dende un punto de vista sectorial, a actividade de fabricación de cemento concentra o 48,5% do investimento en Galicia (100 millóns de euros), seguido polo sector de “asistencia en establecementos residenciais”, co 40,3% (83 millóns de euros), e a industria química, co 6,6% (13,7 millóns). Atendendo ao seu peso relativo

no total estatal, o **cadro 3.3.10.** amosa a importancia das actividades de “asistencia en establecementos residenciais”, que representa case a totalidade do investimento no sector (94,6%), así como das actividades veterinarias, cun 30%, e as de fabricación doutros produtos minerais non metálicos, co 8,8%.

Ao contrario do acontecido co investimento estranxeiro en Galicia, o investimento bruto galego no exterior experimentou un descenso do 61,8% no último ano, acadando un importe total de 559 millóns de euros, o que sitúa a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma que máis inviste no estranxeiro, tras Madrid, Cataluña, a C. Valenciana e País Vasco. Tendo en conta que esta caída é superior á rexistrada no conxunto do Estado, o devandito **cadro 3.3.9.** recolle que o peso relativo do investimento galego no total estatal situouse no 1,8% cando no ano anterior esta porcentaxe era do 2,8%.

Estados Unidos continúa sendo o país máis importante ao acoller o 47,7% do investimento total (266,9 millóns de euros), seguido por Reino Unido, que concentra o 20,8% (116,4 millóns). Os países da Unión Europea acollían no seu conxunto o 30,6% do investimento total, cando no ano anterior esta porcentaxe era do 39,9% do investimento.

A pesar do descenso do 54,3% experimentado polo investimento realizado polas empresas pertencentes á rama de actividade de construción de edificios, este subsector se sitúa como o máis importante en termos monetarios, superando neste último ano ao das actividades inmobiliarias. En 2017, o capital investido por estas empresas de construción ascende a 231,8 millóns de euros fronte aos 148,9 millóns no caso das actividades inmobiliarias (80,4% menos que no ano anterior). En conxunto, estas dúas actividades supoñen o 68,1% do investimento exterior galego cando no conxunto do Estado concentran tan só o 3,5% (en España as empresas de extracción de cru de petróleo e gas supoñen o 30,6% do investimento, e as de almacenamento e actividades anexas ao transporte, o 13,3%).

Comparado co investimento realizado polo conxunto do Estado, cómpre salientar a importancia das actividades do sector da pesca e acuicultura, que representa

Investimento estranxeiro bruto. 2017 ⁽¹⁾

	Investimento directo estranxeiro nas CC.AA.			Investimento das CC.AA. no estranxeiro		
	Total	17/16		Total	17/16	
	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)	(en millóns de euros)	(% / España)	(%)
Andalucía	428,0	1,2	-8,7	162,9	0,5	-62,1
Aragón	83,5	0,2	118,4	0,4	0,0	-99,7
Asturias	31,7	0,1	-89,2	454,6	1,5	-47,4
Baleares	318,8	0,9	-44,2	17,6	0,1	-91,3
Canarias	246,4	0,7	462,7	143,7	0,5	9,8
Cantabria	1,1	0,0	-94,6	162,8	0,5	158,5
Castela e León	375,3	1,0	466,8	35,8	0,1	-86,6
Castela-A Mancha	180,7	0,5	73,0	0,8	0,0	-97,1
Cataluña	3.185,7	8,8	-38,3	6.604,1	21,5	41,8
C. Valenciana	1.177,7	3,3	491,4	1.545,2	5,0	1.449,2
Extremadura	24,0	0,1	-61,4	-	-	-100,0
Galicia	206,1	0,6	74,1	559,0	1,8	-61,8
Madrid	25.640,9	71,0	53,1	19.646,7	63,9	-49,1
Murcia	37,7	0,1	-43,9	19,7	0,1	678,4
Navarra	49,6	0,1	-94,1	106,6	0,3	19,3
País Vasco	2.654,4	7,3	-59,7	1.275,3	4,1	-78,7
A Ríoxa	25,4	0,1	233,9	1,0	0,0	3.710,0
Ceuta-Melilla	0,5	0,0	-21,5	-	-	-
Sen asignar	1.454,9	4,0	-67,4	-	-	-
Total	36.122,4	100	0,7	30.736,2	100	-42,0

(consulta: 22-04-2018)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

(2) operacións de non residentes que supoñan: (i) Participacións en sociedades galegas non cotizadas; (ii) participación superior ao 10% en sociedades galegas cotizadas; (iii) constitución ou ampliación de dotacións de sucursais de empresas estranxeiras e (iv) outras formas de investimento en entidades ou contratos rexistrados en Galicia (fundacións, cooperativas, agrupacións de interese económico) nas que o capital investido sexa superior a 3.005.060,52 euros.

Fonte: Ministerio de Economía, Industria y Competitividad, *DatainveX*

3.3. 9.

Investimento estranxeiro bruto ⁽¹⁾ en Galicia e España 2017: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total subsectores	206.056,1	100	36.367.538,8	100	0,6
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	100.003,2	48,5	1.255.142,4	3,5	8,0
Asistencia en establecementos residenciais	83.000,0	40,3	87.703,1	0,2	94,6
Industria química	13.690,0	6,6	393.886,1	1,1	3,5
Enxeñaría civil	3.510,5	1,7	2.030.248,9	5,6	0,2
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.737,0	0,8	257.881,8	0,7	0,7
Comercio ao por maior e interm. comercio, excepto vehículos a motor	1.390,5	0,7	1.538.011,1	4,2	0,1
Comercio polo miúdo, agás vehículos a motor	940,5	0,5	405.059,9	1,1	0,2
Actividades inmobiliarias	462,4	0,2	3.508.608,0	9,6	0,0
Actividades administrativas de oficina	422,4	0,2	82.198,9	0,2	0,5
Servizos de comidas e bebidas	194,8	0,1	42.831,4	0,1	0,5
Servizos de aloxamento	193,0	0,1	253.453,8	0,7	0,1
Construción de edificios	142,0	0,1	1.164.516,8	3,2	0,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	115,0	0,1	171.144,9	0,5	0,1
Actividades de sedes centrais; actividades de consultoría de xestión	101,5	0,0	1.062.115,7	2,9	0,0
Outros	153,3	0,1	24.114.736,0	66,3	

(consulta: 22-04-2018)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, *DatainveX*

3.3. 10.

Investimento bruto de Galicia e España no exterior 2017: distribución segundo actividade económica

	Galicia		España		Galicia / España
	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(%)
Total	559.024,4	100	30.736.166,3	100	1,8
Construcción de edificios	231.775,9	41,5	454.680,3	1,5	51,0
Actividades inmobiliarias	148.908,5	26,6	615.511,2	2,0	24,2
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	63.024,6	11,3	277.600,0	0,9	22,7
Pesca e acuicultura	35.756,0	6,4	39.439,3	0,1	90,7
Fabricación de vehículos de motor, remolques	30.012,3	5,4	819.909,0	2,7	3,7
Industria da alimentación	21.891,3	3,9	217.254,7	0,7	10,1
Comercio maior e interm. comercio, agás vehículos motor	17.956,6	3,2	2.076.797,0	6,8	0,9
Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	3.977,8	0,7	1.022.776,8	3,3	0,4
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2.700,0	0,5	4.084.606,1	13,3	0,1
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados	1.429,7	0,3	187.013,8	0,6	0,8
Servizos de comidas e bebidas	638,0	0,1	4.678,9	0,0	13,6
Servizos financeiros, agás seguros e fondos pensións	605,5	0,1	1.416.680,9	4,6	0,0
Outros	348,4	0,1	19.519.218,3	63,5	0,0

(consulta: 22-04-2018)

(1) Operacións ETVE e non ETVE

Fonte: Ministerio de Economía y Competitividad, Datainvox

3.3. 11.

máis do 90% do investimento realizado por España neste sector, así como as da construción de edificios, co 51% (**cadro 3.3.11.**).

Fomento das exportacións galegas

No que respecta á promoción das exportacións, é importante destacar o papel das actuacións desenvolvidas ao abeiro do Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga). Neste senso, o Igape e as Cámaras de Comercio galegas colaboran na posta en marcha das accións Foexga, que teñen entre os seus obxectivos acadar a internacionalización real das empresas galegas, propiciar a comercialización dos seus produtos no exterior así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

No marco do Foexga, a diferenza do acontecido no ano anterior, en 2017 rexístrase unha medra importante tanto do número de accións como de empresas participantes nas mesmas e os países obxecto das actuacións. Ao longo do ano 2017 leváronse a cabo un total de 42 accións en 38 países (19 accións e 24 países no ano anterior), das que 35 accións corresponden a mi-

sións comerciais (14 no ano 2016) e as 7 restantes a participacións en feiras internacionais (4 participacións en 2016).

O número de empresas galegas participantes no último ano ascendeu ata as 177 fronte ás 109 empresas do ano anterior, nun total de 310 participacións (144 participacións en 2016).

A subvención total liquidada correspondente ás accións do ano 2017 ascende a 790.489,38 euros, dos que a achega da Xunta de Galicia foi de 711.440,45 euros (90%) e por parte das empresas de 79.048,45 euros (10%). Deste xeito, a subvención media por empresa participante en misións directa ou feiras ascende a 4.466,04 euros.

Segundo os datos facilitados polo Igape, o principal destino das accións desenvolvidas segue a ser Europa, con nove países (Alemaña, Bélxica, Francia, Italia, Letonia, Lituania, Polonia, Reino Unido e Rusia), seguida de Centro América (Costa Rica, Guatemala, Honduras, México, Nicaragua, O Salvador e Panamá) e América do Sur (Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, Ecuador, Perú e Uruguai) con sete. Como se aprecia no **cadro 3.3.12.**,

Actuacións do Plan FOEXGA 2016-17: áreas xeográficas e sectores

	Área xeográfica			
	2016		2017	
		(% /total)		(% /total)
Europa	9	37,50	9	23,68
Asia	2	8,33	5	13,16
África	1	4,17	4	10,53
América do Sur	3	12,50	7	18,42
América do Norte	2	8,33	1	2,63
Centroamérica	7	29,17	7	18,42
Islas do Caribe	-	-	3	7,89
Oceanía (Pacífico)	-	-	2	5,26
Total países	24	100	38	100

Empresas segundo sectores				
	2016		2017	
		(% /total)		(% /total)
Agroalimentario	55	31,07	72	40,68
Fabricación Industrial	18	10,17	35	19,77
Enxeñaría e Consultoría	8	4,52	15	8,47
Servizos	10	5,65	13	7,34
Pedra Natural	5	2,82	7	3,95
Téxtil	3	1,69	7	3,95
Madeira e moble	1	0,56	7	3,95
Naval	3	1,69	6	3,39
Editorial	-	-	6	3,39
TIC	-	-	6	3,39
Maquinaria e transporte	6	3,39	3	1,69
Total	109	62	177	100

Fonte: IGAPE

3.3. 12.

séguenlle Asia con 5 (China, Emiratos Árabes Unidos, Irán, Qatar e Xapón) e África con 4 actuacións (Alxeria, Angola, Marrocos e Sudáfrica). Cómpre destacar que no último realizáronse tres actuacións nas Illas do Caribe e dúas en Oceanía cando en 2016 nos se realizara ningunha (Cuba, Porto Rico e República Dominicana no primeiro caso e Australia e Nova Zelanda no segundo). Finalmente, no que á distribución sectorial se refire, en catro de cada dez accións participan empresas do sector agroalimentario (72 empresas), superando ás empresas de fabricación industrial, que supoñen case dous de cada dez actuacións (35 empresas). Estas dúas ramas de actividade concentran o 60,5% das empresas galegas. 

